


CONCRECIÓN CURRICULAR

IES DE PONTE CALDELAS



Aprobada pola CCP: 30 abril de 2019

Aprobada polo Claustro: 10 de maio de 2019

Presentada ao Claustro: 13 de maio de 2019

Presentada a inspección: 15 de maio de 2019

ÍNDICE

1. MARCO NORMATIVO.....	4
1.1 NORMATIVA ESTATAL.....	4
1.2 NORMATIVA AUTONÓMICA.....	5
2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	6
2.1. OBXECTIVOS ESO.....	6
2.2. OBXECTIVOS BACHARELATO.....	9
2.3. 1. CONTEXTUALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ESO E BACHARELATO.....	13
2.4. OBXECTIVOS DE CENTRO.....	15
2.4.1. A EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA.....	15
2.4. 2- A ADQUISICIÓN DO COÑECEMENTO.....	16
2.4. 3.- A EDUCACIÓN IMPLICADA NA CONTORNA.....	18
2.4.4.- A EDUCACIÓN PARA UNHA VIDA VIDA SÁ E SOSTIBLE.....	20
2. 4 .5.- A COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	20
3.1 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE POR MATERIAS.....	25
3.2 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	57
4. CRITERIOS XERAIS PARA A CONCRECIÓN DO HORARIO E PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS PROPIAS DO CENTRO E DO SEU ALUMNADO.....	58
4.1 PROCEDEMENTO PARA O CAMBIO DE MATERIAS.....	59
4.2 ELABORACIÓN DE ITINERARIOS DE CUARTO CURSO DE ESO.....	59
4.3 MODELOS DE SONDAJE.....	60
4.4 ORGANIZACIÓN DAS MODALIDADES DE BACHARELATO, INCLUÍNDO AS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO QUE SE OFRECEN NO IES DE PONTE CALDELAS.....	62

5. DECISIONS SOBRE MÉTODOS PEDAGÓGICOS E DIDÁCTICOS E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS DO CURRÍCULO.....	70
5.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS PARA TRABALLAR POR COMPETENCIAS NA AULA.....	73
5.2 ORIENTACIÓN COMÚN SOBRE OS DEBERES ESCOLARES NO FOGAR.....	74
5.3 ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR O INTERESE POLA LECTURA, A CAPACIDADE DE EXPRESARSE EN PÚBLICO E O USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.....	75
5.4 CRITERIOS XERAIS SOBRE A ELECCIÓN DOS MATERIAIS CURRICULARES QUE SE VAIAN UTILIZAR, INCLUÍDOS, NO SEU CASO, OS LIBROS DE TEXTO.....	76
6. DIRECTRICES XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO E CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	77
6.2 AVALIACIÓN BACHARELATOS.....	79
6.4 CRITERIOS DE TITULACIÓN EN 4º DE ESO.....	81
6.7 ELECCIÓN NO SEGUNDO CURSO DE MATERIAS CONDICIONADAS Á SUPERACIÓN DAS CORRESPONDENTES MATERIAS DO PRIMEIRO CURSO.....	84
6.8 TÍTULO DE BACHAREL.....	86
6.9.2 MATRÍCULA DE HONRA NO BACHARELATO.....	88
7. DIRECTRICES E DECISIONS REFERIDAS Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.....	93
7.1 CONCEPTUALIZACIÓN.....	93
7.2 PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN.....	93
7.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Artigos 7, 8 e 9 D 229/11).....	96
7.4.1 MEDIDAS ORDINARIAS.....	96
7.4.4 OUTRAS MEDIDAS E PROTOCOLOS.....	99
7.5 O PROGRAMA DE REFORZO DE MATERIAS NON SUPERADAS.....	103
7.6 PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO QUE NON PROMOCIONE	105
8. AS DIRECTRICES XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES.....	108

9. AS ORIENTACIÓN XERAIS PARA INTEGRAR A AVALIACIÓN EN VALORES E PARA O EXERCICIO DA CIDADANÍA E OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO. .	110
10. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	111
12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	114
ANEXOS CONCRECIÓN CURRICULAR.....	118

CONCRECIÓN CURRICULAR IES PONTE CALDELAS

1. MARCO NORMATIVO

O presente documento ten como fontes a normativa legal vixente no ámbito ao que se refire, así como as achegas realizadas polo Claustro de profesores/as, a través dos seus representantes na Comisión de Coordinación Pedagóxica, nos apartados correspondentes.

1.1 NORMATIVA ESTATAL

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Jefatura del Estado (BOE de 4 de mayo de 2006).
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE, 10 decembro do 2013).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE, 29 de xaneiro do 2015).
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria. (BOE, 18 de xullo do 2015).
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de noviembre, por el que se regulan las características generales de las pruebas de la evaluación final de Educación Primaria establecida en la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. (BOE, 28 novembro de 2015).
- Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato. (BOE, 30 de xullo de 2016).

- Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. (BOE, 10 de diciembre de 2016).
- Norma: Orden ECD/1941/2016, de 22 de diciembre (BOE 23 diciembre 2016).
- Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. (BOE, 3 de junio de 2017).

1.2 NORMATIVA AUTONÓMICA

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 21 de decembro de 2011).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29 de xuño de 2015).
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG, 21 de xullo de 2015).
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do

bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 29 de xullo de 2015).

- Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE para o curso 2016/2017 (Firmado en Santiago de Compostela polo Dtor. Xeral D. Manuel Corredoira López con data de 26 de setembro de 2016).
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG, 4 de agosto de 2016).
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 1 de agosto de 2016).
- Instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO e modelo de Consello Orientador da ESO (Firmado en Santiago de Compostela polo Dtor. Xeral D. Manuel Corredoira López con data de 9 de xuño de 2017).
- A resolución vixente que se dite para cada curso académico.

2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

2.1. OBXECTIVOS ESO

O DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, no artigo 10, establece que a Educación secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar,

tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.2. OBXECTIVOS BACHARELATO

O DECRETO 86/2015, de 25 de xuño, no artigo 26, establece que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio

das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.3 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS

A.- Contexto Socioeconómico:

O IES de Ponte Caldelas localízase na área de influencia de Pontevedra, a 16 km da cidade. O alumnado procede dunha ampla zona xeográfica: concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, A Lama e, en moi menor medida, concellos de Cotobade e Soutomaior.

A comarca ten un carácter marcadamente rural con todos os condicionantes socioeconómicos que isto implica na coxuntura actual galega: crise demográfica, economía subsidiaria dos núcleos urbanos, redes de comunicación moi deficientes, escasa oferta laboral no entorno propio e un marcado sesgo de xénero no tocante ás ocupacións profesionais e responsabilidades familiares. Gran parte do alumnado ten a súa residencia entre 5 e 20 km de distancia e desprázase ao instituto en transporte escolar.

O ámbito doméstico do alumnado caracterízase pola diferenza de oportunidades e expectativas no proxecto de vida. Polo xeral, as familias cunha posición económica máis estable e maior cualificación académica e/ou profesional colaboran de xeito máis directo no proceso educativo das fillas e fillos .

Mais o entorno familiar dunha parte sinalada do alumnado caracterízase pola baixa cualificación académica e profesional que, sumada ás actuais dificultades socioeconómicas da comarca, repercuten na vida académica da mocidade e, por suposto, nas súas expectativas vitais. Cunha frecuencia notable o centro debe atender problemas ligados a situacións familiares e económicas adversas para o desenvolvemento integral do alumnado.

B.- Contexto Educativo:

O alumnado procede case na súa totalidade dos centros públicos dos concellos de A Lama, Fornelos de Montes e Ponte Caldelas. As mozas e mozos que viven nas aldeas máis afastadas non teñen moita compañía da súa idade e a escola convírtese no entorno de socialización máis importante.

Neste contexto de dispersión territorial co centro escolar como nodo gravitatorio da socialización, o alumnado acode ao instituto con regularidade. Mais curso tras curso constatamos que o período de formación académica non é relevante para unha parte moi específica do alumnado, polo que, cando acada a idade máxima de educación obrigatoria abandona o centro, aínda que non teña trazadas outras expectativas de vida.

O alumnado amosa unha pautas de convivencia no centro positivas e integradoras. As conductas disruptivas, máis presentes nos grupos do 1º ciclo, van desaparecendo nos grupos de máis idade. O clima de convivencia no centro é, polo xeral, afable e integrador.

Os seus resultados académicos son modestos nos primeiros cursos da ESO. Á falta de esforzo xeneralizada súmanselle carencias notables na expresión escrita e oral e na capacidade de incorporar novos coñecementos sobre unha base solidamente construída; ademais moitas familias non poden proporcionar apoio nas tarefas escolares: estas son as principais dificultades ás que nos enfrentamos. Durante o curso 2018-2019, atopámonos cunha porcentaxe dun 35 % en primeiro da ESO e dun 23 % de segundo de ESO alumnado exento de francés, e polo tanto, con necesidades de reforzo educativas nas materias instrumentais.

Ao rematar a ESO, quen continúa os estudos de Bacharelato adoita ter bos resultados e valora a súa formación como un camiño que lle facilitará opcións profesionais fóra da comarca. Respecto deste nivel de ensino postobrigatorio, compre sinalar a súa constante redución de matrícula, que incide sinaladamente na oferta da optatividade.

A dispersión da poboación condiciona de xeito severo, e mesmo impide nalgúns casos, a asistencia do alumnado a actividades extraescolares ou complementarias e a reunións con compañeir@s para compartir tarefas académicas. Nos cursos precedentes aumentou na comarca o número de familias con acceso a internet, o que mellora en teoría o grao de acceso á información; mais o que se constata na práctica é que, por parte do alumnado e as súas familias, o manexo das TIC está pouco aproveitado en relación co contexto educativo.

Cando o alumnado se incorpora por vez primeira ao instituto adoita enfrontarse a unha situación novedosa que require dun tempo de adaptación. Isto fai precisa unha comunicación fluída cos centros de educación infantil e primaria da zona, que se desenvolve en gran medida a través do Departamento de Orientación.

Esta comunicación tamén se fai moi necesaria con determinadas institucións do entorno: os propios concellos, os servizos sociais municipais, os centros de saúde, os colectivos cos que se colabora no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, Centro de formación e recursos, o Equipo de Orientación Específico, etc.

Respecto ao equipo docente, caracterízase pola implicación na mellora da calidade do ensino, por unha valoración moi positiva da acción interdisciplinar e transversal e a colaboración na función orientadora. A plantilla do centro tamén vive unha constante redución tanto en número como en estabilidade o que, de ano en ano, compromete o deseño dun proxecto pedagóxico estable.

C.- Contexto lingüístico:

A situación de minoración lingüística que sofre o galego obriga a termos sempre presente que a nosa lingua carece dunha situación normalizada en todos os ámbitos, e que aínda hoxe seguen moi vixentes prexuízos lingüísticos que a afastan da normalización. A superación destes obstáculos cómpre facela dende a valoración dun plurilingüismo real, dende unha perspectiva de ecoloxía lingüística e entendendo sempre que unha lingua é a proxección simbólica dunha determinada cultura e identidade. Relacionado con isto, está a progresiva perda de galego-falantes entre a poboación moza. Non é posible esquecermos esta realidade na nosa práctica docente, polo que a oralidade debe recibir unha atención especial.

A LOMCE establece entre os seus obxectivos o dominio da competencia lingüística, por parte do alumnado, nas dúas linguas oficiais de Galicia. Neste contexto, cómpre ter en conta a situación de minoración lingüística que sofre o galego e que obriga a termos sempre presente que a nosa lingua carece dunha situación normalizada en todos os ámbitos, e que aínda hoxe seguen moi vixentes prexuízos lingüísticos que a afastan da normalización. A superación destes obstáculos cómpre facela dende a valoración dun plurilingüismo real, dende unha perspectiva de ecoloxía lingüística e entendendo sempre que unha lingua é a proxección simbólica dunha determinada cultura e identidade. Relacionado con isto, está a progresiva perda de galego-falantes entre a poboación moza.

Estes dous factores (a presenza de prexuízos lingüísticos e a perda progresiva de falantes na franxa etaria do noso alumnado) fai necesario incrementar os esforzos para favorecer que o alumnado adquira competencia lingüística plena na lingua propia de Galicia e que tal e como recolle o decreto que regula o desenvolvemento da ESO, remate esta etapa obrigatoria participando na conservación e mellora do patrimonio lingüístico e coñecendo e valorando a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

Tal e como se recolle no Proxecto Lingüístico do centro, cómpre reforzar as estratexias que posibiliten que o alumnado galegofalante non abandone a súa lingua no contexto do instituto e que o alumnado castelánfalante poida incorporarse ao galego nas situacións comunicativas que se desenvolvan no centro.

Respecto do profesorado, este utiliza as dúas linguas. Dende o centro establece a prioridade de buscar un equilibrio no material curricular (bibliográfico, audiovisual, carteleiras, etc.) en ambas as dúas linguas.

2.3. 1. CONTEXTUALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ESO E BACHARELATO

Segundo recolle o P.E.C., a acción pedagóxica do centro artéllase en 3 grandes eixos de actuación:

1. Unha educación para a convivencia: unha coeducación participativa, democrática, integral, que conduza a un respecto pola diversidade en xeral: de xénero, cultural, ideolóxica, étnica, etc. E en particular unha coeducación centrada en relacións afectivas e sexuais responsables.
2. Unha educación que valore o coñecemento e a adquisición do saber como unha parte fundamental do desenvolvemento persoal

3. Unha educación implicada na contorna, que fomente o aprecio e valoración do patrimonio e a cultura propia e contribúa á súa preservación.

Ademais dos mencionados, outros eixos van configurando o traballo do centro:

4. Nos derradeiros cursos vense reforzando outra liña pedagóxica que fixa a atención na necesidade de promover hábitos saudables e criterios de vida sostible fronte á sociedade de consumo e o impacto ambiental.
5. Unha educación que reforce o pilar da Competencia Lingüística

Estes principios axéitanse aos Obxectivos da ESO e o Bacharelato e mesmo amplifican o seu enunciado xenérico ao seren aplicados ao contexto educativo do IES Ponte Caldelas. No cadro seguinte presentamos a correspondencia entre Obxectivos de ESO, de Bacharelato, Competencias Clave e eixos de actuación do centro.

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

IES PC	OBXECTIVOS DA ESO															COMPETENCIAS CLAVE						
	A	B	C	D	E	F	G	H	I	L	M	N	Ñ	O	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CEC	
1	*	*	*	*			*			*	*				*			*	*	*	*	

2	*	*			*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
3							*		*	*	*	*	*	*	*		*	*			*
4	*		*	*	*	*	*		*	*				*	*		*	*	*	*	*
5	*				*	*	*	*	*	*			*	*	*	*	*	*	*	*	*

IES PC	OBXECTIVOS DE BACHARELATO															COMPETENCIAS CLAVE						
	A	B	C	D	E	F	G	H	I	L	M	N	Ñ	O	P	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CEC
1	*	*	*	*			*			*	*		*	*		*			*	*	*	*
2		*		*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*	*
3					*			*		*		*			*	*	*		*	*		*
4	*		*	*			*			*	*		*	*		*	*		*	*	*	*
5		*		*	*	*	*					*			*	*	*	*	*	*	*	*

2.4. OBXECTIVOS DE CENTRO

2.4.1. A EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

Obxectivos ESO: A B C D G L M

Obxectivos Bacharelato: A B C D G L M Ñ O

Estes obxectivos son exhaustivamente traballados desde diferentes ámbitos: a programación do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, a través dos contidos que se reflicten nas programacións, o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, etc.

O centro promove unha convivencia baseada no diálogo e no respecto mutuo. O centro non se caracteriza pola conducta indisciplinaria do alumnado, senón pola concordia xeralizada. Na resolución de conflitos óptase polo Procedemento Conciliado sempre que resulta acaído. Existe unha Aula de Convivencia destinada a favorecer o proceso de reflexión por parte do alumnado que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela.

O diálogo é tamén o que preside a relación familias-profesorado, na que é esencial o apoio do Departamento de Orientación.

A Coeducación é unha das liñas á que se dedica maiores esforzos, tendo en conta o retrato das máis das familias, nos que se desenvolven estereotipos e conductas marcadamente sexistas. As mulleres da contorna desempeñan roles moi tradicionais e o contexto social máis próximo agarda que as mozas os sigan mantendo. Desde o instituto promóvese a construción dunha sociedade igualitaria no tocante ao xénero e inserida na contorna do alumnado. Isto alenta a celebración de datas sinaladas – 8 de marzo, 25 de novembro- e outras convocatorias que se desenvolvan no centro.

Tanto o equipo de Dinamización da Lingua como o equipo de Convivencia ou o de Biblioteca dinamizan actividades que contribúen a mellorar o clima de convivencia e fomentan aspectos lúdicos e de lecer. As datas de celebración son o Magosto, o Samaín, o Nadal, o Entroido, a Festa da Lingua, a Xornada de Acollida, a Xornada de Convivencia, a Festa de Graduación e as viaxes de Fin de ESO e Fin de Bacharelato. Os Clubes de lectura, as actividades deportivas (Xogade), as saídas pedagóxicas e outras actividades complementarias (exposicións, debates, charlas, etc) tamén inciden nunha socialización de calidade no centro.

Na práctica docente interdisciplinar e de aula procurárase potenciar metodoloxías baseadas na Aprendizaxe Cooperativa, a Aprendizaxe por Proxectos e a Aprendizaxe Servizo.

2.4. 2- A ADQUISICIÓN DO COÑECEMENTO

Obxectivos ESO: A B E F G H I L M N Ñ O**Obxectivos Bacharelato: B D E F G H I L M N Ñ O P**

As necesidades educativas do noso alumnado son moitas e algunhas moi difíciles de solucionar por diversas circunstancias, como se sinalou na análise do contexto sociofamiliar. A pesar dos esforzos organizativos, materiais e humanos, a mellora dos resultados académicos segue a ser un importante obxectivo sen acadar. Necesariamente debemos prestar atención a todos os aspectos que resultan un atranco no proceso de ensinanza-aprendizaxe. No noso centro, sobranceamos os seguintes:

- Grupos demasiado numerosos, aínda que dentro da ratio, en 1º e/ou 2º ESO.
- Diversidade de capacidades nas aulas (alumnado de reforzo, alumnado ordinario, alumnado con problemas importantes de aprendizaxe, con discapacidades, con TDHA, alumnado repetidor, alumnado con carencias básicas no entorno familiar).
- Incidencia do contexto socio-económico xa citado.
- O cadro de profesorado resulta moi xusto e fai difícil ter unha efectiva dedicación ás necesidades máis puntuais como: manter activa a Aula de convivencia, facer apoios máis significativos, ter unha atención máis personalizada, etc
- Falta de dispoñibilidade horaria compartida entre o profesorado que dificulta a mellora da planificación interdisciplinar.

O baixo nivel de instrución familiar e a falta de dedicación horaria ao coidado dos fillos impide que unha parte notable do alumnado poida recibir axuda directa na casa para os seus estudos. Isto amósase, por unha banda, en que as familias agardan do Instituto aulas de compensación ou recuperación para atender as necesidades educativas dos seus fillos, así como na ampla demanda de información e/ou máis formación sobre aspectos complementares no ensino: información sexual, para a saúde, etc.

E, por outra banda, en que un número notable de alumnas e alumnos acode a aulas complementarias en horario extraescolar, co fin de estaren custodiados durante as horas de ocupación laboral das familias, ou na procura dunha axuda académica que na casa non se pode dar. Observamos neste alumnado unha contraproducente perda de autonomía no estudio e unha sobrecarga lectiva.

No centro procúrase dar resposta a todas estas necesidades educativas na medida das posibilidades organizativas de que dispomos. Preténdense paliar estas circunstancias actuando co alumnado en xeral e especialmente co alumnado de 1º e 2º ESO con diferentes medidas:

- Afondamentos
- Desdobres nas materias instrumentais (LeLG, LeLC, Matemáticas)
- Outros desdobres, sempre que o horario do profesorado do centro poida asumilo, en materias como Bioloxía ou Física e Química (prácticas de Laboratorio), Xeografía e Historia, etc.
- Contratos Programa: programas enfocados á mellora do éxito escolar.
- Metodoloxías que traballen directamente o sentido crítico, a confianza, a colaboración, a solidariedade, o traballo en equipo, a autoestima, etc, nomeadamente a Aprendizaxe Cooperativa
- A aula de PMAR cando o perfil do alumnado e as dotacións de persoal docente o permiten
- Creación de Grupo de Traballo para o desenvolvemento do Tratamento Integral de Linguas
- Hora de ler, PLAMBE, Clubes de lectura e dinamización da Biblioteca
- Plan Proxecta: programas que fomentan a innovación educativa mediante o desenvolvemento dun proxecto interdisciplinar nos centros.
- Dotación de recursos TIC e fomento dos mesmos na práctica educativa
- Implantación da materia de Investigación e Tratamento da Información en 2º ESO omo hora de libre configuración do centro.
- Implantación dunha hora máis da materia de Inglés en 1º ESO como hora de libre configuración do centro.
- Desenvolvemento de actividades complementarias que reforzan o currículo do centro: obradoiros, charlas temáticas, exposicións, saídas didácticas, etc

2.4. 3.- A EDUCACIÓN IMPLICADA NA CONTORNA

Obxectivos ESO : H L M N Ñ O

Obxectivos Bacharelato: E H L N P

O centro mantén unha liña de educación ambiental interdisciplinar, herdada da extinta Axenda 21 Escolar Galega, que ten como o obxectivo a sensibilización do alumnado cara á riqueza etnográfica e patrimonial e a valoración das paisaxes rurais da contorna na que vive, a importancia da ordenación do territorio, así como a creación dunha conciencia proactiva cara aos órganos de participación cidadá aos que pertence.

O alumnado da ESO accede, ao longo dos catro cursos, a diversas actividades que se insiren no currículo e programación das materias relacionadas co medio. Desde as saídas na contorna mais próxima ata o programa de limpeza de patios, todas as accións levan implícito o obxectivo de coñecer, valorar e coidar o entorno.

O centro participa de xeito regular no Plan Proxecta nas convocatorias de Proxecto Ríos e Proxecto Terra. Cando as circunstancias o permiten tamén se participa nos programas Paisaxe e sustentabilidade, ou en O Monte Vivo, todos eles coincidentes na intención de dar a coñecer e valorar o patrimonio natural e rural e contribuír á súa conservación. Neste eido promóvense accións educativas que teñan repercusión real e concreta nos concellos nos que estamos presentes - Aprendizaxe Servizo-. Os programas anuais nos cales participe o centro recolleráanse curso a curso no Anexo I.

O monte é un elemento económico moi importante na comarca e o alumnado está familiarizado coa xestión do mesmo. Unha parte do noso alumnado será no futuro quen xestione o patrimonio forestal das súas parroquias, ben desde as Comunidades de Montes ou como unha das poucas saídas profesionais que ofrece a comarca. El@s herdarán e ordenarán o territorio e a paisaxe. Consideramos moi necesario que desenvolvan este labor na comunidade con criterio de ben público e conciencia ecoloxista, alén da productiva. Neste sentido, o centro participa nun proxecto de apadriñamento e restauración do monte que rodea ao instituto en colaboración con outras entidades educativas.

A maior parte das actividades interdisciplinares que se deseñan cada ano relaciónanse con este criterio pedagóxico: a Xornada de Convivencia, a Festa da Lingua, o desenvolvemento da materia ITI -recollida e tratamento da información sobre calquera aspecto do rico patrimonio material e inmaterial da comarca-, as colaboracións da revista Falabarato, a inclusión da música e baile popular nas celebracións do instituto, etc.

Tamén é sinal de identidade do centro prestar atención a iniciativas culturais da comarca e colaborar na sensibilización cara aos colectivos veciñais cos que concordamos na acción educativa. Todos estes contidos adoitan reflectirse na revista escolar Falabarato que fai de voceiro tamén das inquiredanzas da comunidade.

2.4.4.- A EDUCACIÓN PARA UNHA VIDA SÁ E SOSTIBLE

Obxectivos ESO : A C D E F G L M

Obxectivos Bacharelato: A C D G L M Ñ O

No centro constátase a ausencia de hábitos saudables nunha porcentaxe elevada do alumnado, sobre todo no referente a unha alimentación equilibrada e á práctica de exercicio físico.

É obxectivo destacado do centro fomentar no alumnado a toma de conciencia sobre a necesidade dunha boa alimentación e do coidado do estado físico e emocional. Este traballo non só é responsabilidade dos Departamentos específicos - Educación Física, Bioloxía-. O Departamento de Orientación co Plan de Acción Titorial tamén recolle estes principios.

Foméntanse actividades complementarias e extraescolares que implican actividade física -proposta de actividades deportivas no centro ou en colaboración fóra del, participación no Correlingua, a Xornada de Convivencia, xogos populares- e tamén participase na campaña de actividade lúdico deportiva XOGADE (xogos galegos deportivos en idade escolar) do Plan Proxecta que fomenta e estende o deporte educativo e saudable a toda a sociedade desde as idades máis temperás. XOGADE brinda a posibilidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a comunidade autónoma.

A través doutras actuacións interdisciplinares como o programa Froitas na escola -Plan Proxecta-, de gran acollida por parte de toda a comunidade escolar, colabórase na consecución destes obxectivos.

Na materia de ITI en 2º da ESO, o contido de estudo baséase en temas de vida saudable.

2.4.5.- A COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Obxectivos ESO : A E F G H I L Ñ O

Obxectivos Bacharelato: B D E F G N P

A LOMCE recolle entre os seus principios o Tratamento Integral das Linguas. Por este motivo os Departamentos de Linguas avanza na sistematización deste aspecto, especialmente con estratexias coordinadas dende os Departamentos de Linguas e de Dinamización Lingüística.

Tocante a isto cumpre ter en conta que a gran maioría do alumnado non presenta dificultades especiais no referente ás dúas linguas oficiais, pero si é necesario un esforzo para detectar e evitar as interferencias lingüísticas, así como para acadar fluidez nas formas estándar ou cultas de ambas linguas, por non as usar a cotío no medio familiar nin na relación cos compañeiros. Do mesmo xeito, hai que adicar especial atención ás linguas estranxeiras e á competencia en códigos especializados (artístico, científico e técnico) en gran medida ausentes no entorno social e familiar.

No centro trabállase a adquisición destes obxectivos desde varios ámbitos:

- Nas programacións dos diferentes Departamentos Didácticos recóllense as estratexias didácticas e metodolóxicas que se empregarán para fomentar a mellora da Competencia Lingüística. Asemade, fai mención ao fomento da lectura e o uso de TIC
- Na actualidade un grupo de traballo formado por docentes do centro está a traballar na aplicación práctica do Tratamento Integrado das Linguas no IES.
- Accións do Equipo de Dinamización lingüística, contempladas na súa programación anual.
- Organización de Clubs de Lectura (en diferentes linguas e sobre diversas temáticas especializadas).
- Colaboracións diversas desde a biblioteca, expostas no Plan Anual.
- Diversas actividades complementarias e extraescolares.
- Aplicación de diversas medidas segundo o tipo de lingua que se recollen na súa maior parte no Proxecto Lingüístico do Centro aprobado ao inicio deste curso:

No referente ás linguas ambientais:

- Coordinación respecto do reparto de contidos e de acordos sobre metodoloxía, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

- Na actualidade os departamentos de Lingua castelá e Lingua galega están deseñando unha programación conxunta para 1º ESO desde o punto de vista integrado, na que predomine un enfoque comunicativo e sexa desenvolvida a partir da elaboración de produtos textuais integrados.

No que se refire a linguas estranxeiras:

- A metodoloxía xeral basearase na comunicación e orientarase cara a adquisición dunha competencia comunicativa. As estratexias de comunicación deberán ser utilizadas de maneira natural e sistemática coa finalidade de facer eficaz os actos de comunicación realizados. Unha lingua estúdase para comunicarse, a lingua presentada é sempre unha lingua funcional, que será sempre presentada en situacións de comunicación simuladas e ilustradas no material utilizado na clase ou ben como instrumento de intercambios reais na clase.
- Concretamente, desde a lingua inglesa, desenvólvense as seguintes medidas concretas coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado:
 - A materia de libre configuración autonómica de 1º de ESO é unha sesión de afondamento da Lingua Inglesa.
 - Oferta en 1º de Bacharelato da materia English Conversation.
 - Oferta en 2º de Bacharelato da materia English Communication.
- Ademais realízanse actividades xa asentadas na programación curricular do IES como son a asistencia a obras de teatro en inglés e a participación na English Week segundo convocatoria da Consellería de Educación. Dende francés este ano tamén se organizou unha saída complementaria para asistir ao teatro.

No referente ás materias non lingüísticas:

- Existe en xeral unha preocupación do claustro do IES de Ponte Caldelas por mellorar a competencia lingüística do alumnado, preocupación derivada do convencemento de que o dominio das destrezas lingüísticas redonda nunha mellor adquisición dos contidos e estándares de aprendizaxe de todas as materias.

- Cada materia ten unha linguaxe específica e aborda de xeito diferenciado o traballo coa competencia lingüística, se ben en xeral, coinciden na elección de determinados procedementos e actividades para abordar esta competencia. Entre eles:
 - Adquisición do léxico específico.
 - Lectura comprensiva de textos e problemas específicos da materia.
 - Interpretación e análise de textos específicos: escritos, gráficos, visuais...
 - Traballos de investigación.
 - Elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais.
 - Redacción de textos de diferente tipoloxía.
 - Corrección ortográfica.
 - Exposicións orais.
 - Participación en situacións comunicativas orais propias do ámbito académico, respectando as normas que as rexen.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Como se expón no Decreto 86/2015, do 25 de xuño en “Disposicións xerais” no punto III:

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto

educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias, recollidas nos anexos I, II e III do Decreto anteriormente mencionado, constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo

tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica desta recomendación deu lugar á aprobación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

3.1 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE POR MATERIAS

Bioloxía e Xeoloxía (Decreto 86/2015, do 25 de xuño. DOG nº 120, luns 29 de xuño de 2015)

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural. Durante estas etapas perséguese asentar as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Ao longo das etapas de ESO e bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias esenciais que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico. Entre estas competencias haberá que considerar a lingüística e a dixital, a través da realización de tarefas en grupo que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións e defender as opinións propias en debates na aula. Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía en ESO e en bacharelato ha permitir que os alumnos e as alumnas adquiren un nivel competencial que lles axude a ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos/as, coas demais persoas e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor; a ser responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

ECONOMÍA (extraído da programación)

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade de adquirir as competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno

desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

A materia de Economía contribúe á adquisición das competencias clave do alumnado de Bacharelato.

CCL. Competencia en comunicación lingüística. Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. O alumnado terá que expresar pensamentos, xerar ideas, formarse xuízos críticos, dialogar, organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros).

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Refírense, respectivamente, a: utilización de ferramentas de cálculo e do razoamento matemático como instrumentos de axuda para a toma de decisións, utilización dos coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea, e aplicación deses coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades dos individuos.

CD. Competencia dixital. O alumnado fará un uso seguro e crítico das TIC para buscar, obter, procesar e comunicar información, e transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia.

CAA. Competencia para aprender a aprender. Foméntase a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais.

CSS. Competencias sociais e cívicas. A través das capacidades desenvolvidas, o alumnado adquirirá conciencia da importancia de participar de maneira activa e democrática na vida social e cívica. Tamén o axudarán a comprender a realidade social actual, e como a actividade económica non pode ser allea a ela.

CSIEE. Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor. A materia axuda aos estudantes a desenvolver habilidades necesarias (a capacidade para planificar e xestionar proxectos, por exemplo), para converter as ideas en actos.

CCEC. Competencia en conciencia e expresións culturais. Capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas e a literatura.

FÍSICA E QUÍMICA (extraído da programación)

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. A achega a **competencia propiamente científica**, (CMCCT) cumprira engadir as correspondentes ao resto das competencias clave.

E preciso o afondamento nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non so como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación mais ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química a **competencia en conciencia e expresións culturais**, (CCEC), por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodriguez, Ramon Maria Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.

A física e a química non son alleas ao desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas** (CSC), xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén esta relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

Non debemos esquecer que o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación e, consecuentemente, a **competencia dixital** (CD), merece un tratamento específico no estudo desta materia. O alumnado de ESO e bacharelato para o que se desenvolveu o presente currículo básico e nativo dixital e, en consecuencia, esta familiarizado coa presentación e a transferencia dixital de información. O uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias practicas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.

A elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas

tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, ten como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes. Tanto o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE) sen a que non se entendería o progreso da ciencia.

En relación á **competencia de aprender a aprender** (CAA) compre indicar que se algo caracteriza a actividade científica e a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.

Para finalizar a análise xeral da participación da materia que nos ocupa no desenvolvemento das competencias clave, haberá que referirse a **competencia en comunicación lingüística** (CCL). Das múltiples achegas a esta competencia clave (defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, etc.) podemos salientar dúas: a relacionada coa linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.) e, moi importante, a relacionada co proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, a luz das probas dispoñibles.

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio. Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos

teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización. Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

LINGUAS CLÁSICAS (extraído da programación)

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

A aprendizaxe desta materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa creación e a mellora do hábito de lectura e a comprensión de fontes escritas. Ademais o ámbito lingüístico desta materia permitiralle ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos. Mediante o coñecemento da orixe común das linguas de España e Europa o alumno aprende a respectar e valorar as normas da convivencia e da pluralidade.

Os descritores aos que daremos relevancia serán:

- Analizar textos, nos que terá que marcar a súa estrutura e mesmo as ideas principais e secundarias .
- Producir de textos nas linguas usadas polo alumnado, ao ter que elaborar respostas orais e escritas sobre un tema dado.
- Expoñer na clase oralmente contidos traballados ben en forma de explicación ou fomentando o debate.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

COMPETENCIA NA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

A inmersión do alumnado no mundo clásico facilítalles o coñecemento dunha cultura rica, que salienta as súas manifestacións nas artes plásticas, pensamento, organización política e social e a literatura. Como o mundo occidental é herdeiro desta cultura, a observación destas manifestacións ao longo do tempo procura unha visión ampla que lle permitirá ao alumnado recoñecer os rasgos comúns, establecer as diferenzas e respectar o legado cultural do mundo grecolatino que forma parte do patrimonio común. Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia. Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.

Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Respectar os distintos ritmos e potencialidades.

Involucrarse ou promover accións cun fin social.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

Coñecemento dos tecnicismos gregos e latinos.

COMPETENCIA DIXITAL

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

Empregar varias fontes para a busca de información.

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo, superando as dificultades.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.

Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

APRENDER A APRENDER.

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (extraído da programación)

El estudio de la Lengua y la Literatura supone la puesta en marcha de toda una serie de estrategias cognitivas, de pensamiento y aprendizaje para la realización de distintas tareas, por lo que lleva implícito el desarrollo de cada una de las competencias clave.

• Comunicación lingüística

La competencia en comunicación lingüística es el resultado de la acción comunicativa dentro de prácticas sociales determinadas, en las cuales el individuo actúa con otros interlocutores y a través de textos en múltiples modalidades, formatos y soportes. Estas situaciones y prácticas pueden implicar el uso de una o varias lenguas, en diversos ámbitos, y de manera individual o colectiva.

Esta visión de la competencia en comunicación lingüística, vinculada con prácticas sociales, ofrece una imagen del individuo como agente comunicativo que produce, y no solo recibe, mensajes a través de las lenguas con distintas finalidades. Esta afirmación supone optar por metodologías activas de aprendizaje como el aprendizaje basado en tareas, frente a opciones metodológicas más tradicionales.

Además, la competencia en comunicación lingüística representa una vía de conocimiento y contacto con la diversidad cultural que implica un factor de enriquecimiento.

El currículo de Lengua castellana y Literatura, al tener como meta el desarrollo de la capacidad para interactuar de forma competente mediante el lenguaje en las diferentes esferas de la actividad social, contribuye de un modo decisivo al desarrollo de todos los aspectos que conforman la competencia en comunicación lingüística. Además, las habilidades y estrategias para el uso de una lengua determinada, y la capacidad para tomar la lengua como objeto de observación se transfieren y aplican al aprendizaje de otras. Este aprendizaje contribuye, a su vez, a acrecentar esta competencia sobre el uso lingüístico en general.

• Competencia digital

La competencia digital es aquella que implica el uso creativo, crítico y seguro de las TIC para alcanzar los objetivos relacionados con el trabajo, el aprendizaje, el uso del tiempo libre, la

inclusión y participación en la sociedad. Esta competencia supone, además de la adecuación a los cambios que introducen las nuevas tecnologías en la alfabetización, la lectura y la escritura, un conjunto nuevo de conocimientos, habilidades y actitudes necesarias hoy en día para ser competente en un entorno digital.

Requiere de conocimientos relacionados con el lenguaje específico básico: textual, numérico, icónico, visual, gráfico y sonoro, así como sus pautas de decodificación y transferencia. Esto conlleva el conocimiento de las principales aplicaciones informáticas, el acceso a las fuentes y el procesamiento de la información, y el conocimiento de los derechos y las libertades que asisten a las personas en el mundo digital.

La contribución de la asignatura de Lengua castellana y Literatura al tratamiento de la información y competencia digital es decisiva, pues una de sus metas se cifra en proporcionar conocimientos y destrezas para la búsqueda y selección de información relevante de acuerdo con diferentes necesidades, así como para su reutilización en la producción de textos orales y escritos propios. La búsqueda y selección de muchas de estas informaciones requerirá, por ejemplo, el uso adecuado de bibliotecas o la utilización de Internet, y la realización guiada de estas búsquedas constituirá un medio para el desarrollo de la competencia digital.

Además, el currículo de Lengua castellana y Literatura incluye el uso de soportes electrónicos en la composición y publicación de textos, de modo que puedan abordarse más eficazmente algunas operaciones que intervienen en el proceso de escritura (planificación, ejecución del texto, revisión, publicación...) y que constituyen uno de los contenidos básicos de esta materia.

Igualmente, queda dentro del ámbito de la asignatura el estudio de los elementos formales y de las normas de uso de los nuevos géneros discursivos vinculados a las redes sociales y a Internet, así como el fomento de la prevención de los riesgos que existen para los usuarios de estos nuevos sistemas de comunicación.

• **Competencias sociales y cívicas**

La competencia social se relaciona con el bienestar personal y colectivo. Exige entender el modo en el que puede procurarse un estado de salud física y mental óptimo tanto para las personas como para sus familias y su entorno social próximo, y saber cómo un estilo de vida saludable puede contribuir a ello.

La competencia cívica se basa en el conocimiento crítico de los conceptos de democracia, justicia, igualdad, ciudadanía y derechos humanos y civiles, así como de su formulación en la Constitución española, la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea y en declaraciones

internacionales, y de su aplicación por parte de diversas instituciones a escala local, regional, nacional, europea e internacional. Esto incluye el conocimiento de los acontecimientos contemporáneos, así como de los acontecimientos más destacados y de las principales tendencias en las historias nacional, europea y mundial, así como la comprensión de los procesos sociales y culturales de carácter migratorio que implican la existencia de sociedades multiculturales en el mundo globalizado.

El aprendizaje de la lengua contribuye decisivamente al desarrollo de la competencia social y ciudadana, entendida como un conjunto de habilidades y destrezas para las relaciones, la convivencia, el respeto y el entendimiento entre las personas. En efecto, aprender Lengua es aprender a comunicarse con los otros, a comprender lo que estos transmiten y a aproximarse a otras realidades.

La educación lingüística tiene un componente estrechamente vinculado con la competencia social y ciudadana: la constatación de la variedad de los usos de la lengua y la diversidad lingüística, y la valoración de todas las lenguas como igualmente aptas para desempeñar las funciones de representación y comunicación. También se contribuye en la medida en la que se analiza cómo el lenguaje transmite y sanciona prejuicios e imágenes estereotipadas del mundo, para contribuir a la erradicación de los usos discriminatorios.

• **Aprender a aprender**

La competencia de aprender a aprender es fundamental para el aprendizaje permanente en distintos contextos formales, no formales e informales. Se caracteriza por la habilidad para iniciar, organizar y persistir en el aprendizaje, que exige la capacidad para motivarse por aprender para desencadenar el proceso, y requiere conocer y controlar los propios procesos de aprendizaje. La competencia de aprender a aprender desemboca en un aprendizaje cada vez más eficaz y autónomo.

Además de instrumento de comunicación, el lenguaje es un medio de representación del mundo y está en la base del pensamiento y del conocimiento. El acceso al saber y a la construcción de conocimientos mediante el lenguaje se relaciona directamente con la competencia básica de aprender a aprender. Asimismo, los contenidos de reflexión sobre la Lengua recogen un conjunto de saberes conceptuales (metalenguaje gramatical) y procedimentales (capacidad para analizar, contrastar, ampliar y reducir enunciados mediante el uso consciente de ciertos mecanismos gramaticales, sustituir elementos del enunciado por otros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar una misma idea, diagnosticar errores y repararlos, etc.), que se adquieren en relación con las actividades de comprensión y composición de textos y que se reutilizan para optimizar el aprendizaje lingüístico, es decir, para aprender a aprender lengua.

• Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor

El sentido de iniciativa y espíritu emprendedor implica la capacidad de transformar las ideas en actos. Significa adquirir conciencia de la situación en la que hay que intervenir o que hay que resolver, y saber elegir, planificar y gestionar los conocimientos, destrezas o habilidades y actitudes necesarios con criterio propio, con el fin de alcanzar el objetivo previsto.

Aprender a usar la lengua es también aprender a analizar y resolver problemas, ya que una de las funciones del lenguaje es regular y orientar nuestra propia actividad y nuestra interrelación con los demás, por lo que se ponen en funcionamiento habilidades sociales para relacionarse, cooperar y trabajar en equipo: ponerse en el lugar del otro, valorar las ideas de los demás, dialogar, y negociar y trabajar de forma cooperativa y flexible. Por ello, la adquisición de habilidades lingüísticas contribuye a progresar en la iniciativa personal y en la regulación de la propia actividad con autonomía.

• Conciencia y expresiones culturales

La competencia en conciencia y expresión cultural implica conocer, comprender, apreciar y valorar con espíritu crítico y una actitud abierta y respetuosa, las diferentes manifestaciones culturales y artísticas, utilizarlas como fuente de enriquecimiento y disfrute personal y considerarlas parte de la riqueza y patrimonio de los pueblos.

Esta competencia incorpora también un componente expresivo referido a la propia capacidad estética y creadora y al dominio de aquellas capacidades relacionadas con los diferentes códigos artísticos y culturales, para poder utilizarlas como medio de comunicación y expresión personal. Implica igualmente manifestar interés por la participación en la vida cultural y por contribuir a la conservación del patrimonio cultural y artístico, tanto de la propia comunidad como de otras.

La lectura, interpretación y valoración de las obras literarias contribuyen de forma relevante al desarrollo de una competencia artística y cultural, entendida como aproximación a un patrimonio literario y a unos temas recurrentes que son expresión de preocupaciones esenciales del ser humano.

Su contribución será más relevante en tanto se establezcan relaciones entre las manifestaciones literarias y otras manifestaciones artísticas, como la música, la pintura o el cine.

También se contribuye a esta competencia procurando que el mundo social de la literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos o la presencia de lo literario en la prensa) adquiera sentido para el alumnado.

• **Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología**

La competencia matemática implica la capacidad de aplicar el razonamiento matemático y sus herramientas para describir, interpretar y predecir distintos fenómenos en su contexto. La materia de Lengua Castellana y Literatura contribuye a la adquisición de la competencia matemática al desarrollar la capacidad de abstracción, la relación lógica entre conceptos y su representación gráfica mediante mapas conceptuales, diagramas de flujo, mapas mentales, esquemas, etcétera.

Las competencias básicas en ciencia y tecnología son aquellas que proporcionan un acercamiento al mundo físico y a la interacción responsable con él desde acciones orientadas a la conservación y mejora del medio natural, decisivas para la protección y mantenimiento de la calidad de vida y el progreso de los pueblos. Estas competencias contribuyen al desarrollo del pensamiento científico, pues incluyen la aplicación de los métodos propios de la racionalidad científica y las destrezas tecnológicas, que conducen a la adquisición de conocimientos, el contraste de ideas y la aplicación de los descubrimientos al bienestar social. La aportación de la materia de Lengua castellana y Literatura se produce a través del conocimiento y el dominio del lenguaje científico, y de la relación de los avances científicos y tecnológicos con el contexto en el que se producen.

LINGUA GALEGA E LITERATURA (LCA) (extraído da programación)

Resulta obvio que a **competencia en comunicación lingüística (CCL)** é a máis traballada e desenvolvida dende a nosa área; constitúe de feito o noso obxectivo fundamental. Concrétase en todos os estándares de aprendizaxe, especificados en cada curso.

Porén, hai outras competencias básicas coas que garda unha relación moi estreita. Así sucede coa **competencia social e cívica (CSC)**. Desde a materia de lingua galega e literatura, e a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, favorécese a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís. Concrétase en:

Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).

Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotián do alumno/a.

Capacidade de diálogo.

Actitude crítica e rexeitamento ante os prexuízos de calquera caste.

En canto á **competencia dixital** (CD), a súa relación coa lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa: desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos..., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...). Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento. Cómpre engadir a participación do IES no proxecto Abalar, que implica especialmente o alumnado de 1º e 2º ESO, así como o uso da plataforma Moodle e o uso de blogs de creación propia por parte de profesorado do departamento. Concrétase en:

Uso de dicionarios dixitais

Uso de correctores ortográficos

Uso de enciclopedias virtuais

Uso de xornais dixitais

Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.

Disponse de **conciencia e expresións culturais** (CCEC) se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito

literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala. Concrétase en:

Visita a museos

Participación en concertos

Asistencia a representacións teatrais

Proxeccións de filmes e documentais

Realización de roteiros literarios

Encontro con escritores/as e intelectuais.

En canto á **competencia para aprender a aprender** (CAA), desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas etc.

Tamén contribuír a valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

Concrétase en:

Lectura comprensiva

Conversación reflexiva

Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas

Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios

Exposición e conclusións sobre tarefas académicas

Interese pola autocorrección

Capacidade de auto e coavaliación

O **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** (CSIEE) promóvense desde a materia de lingua e literatura co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información; a orientación lectora; o fomento da autoestima lingüística etc. Pero, ademais, o propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans e nas toma de decisións. Concrétase en:

Obradoiros de escrita

Lectura interpretativa e dramatizada de obras literarias

Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal)

Uso das TIC

Uso da Biblioteca

Na mesma liña, foméntase a reflexión sobre o feito lingüístico desde o rigor, contribuíndo a desenvolver no alumnado a **competencia científica** (CMCCT). En particular, desde a nosa materia concrétase en:

Lectura de mapas

Comentario de gráficas

Interpretación de estatísticas

MATEMÁTICAS (extraído da programación)

As materias de matemáticas contribúen á adquisición de todas as competencias, se ben son fundamentais para a competencia matemática. Nos contidos de cada curso farase mención a que competencias contribúen a adquirir completando o perfil competencial de cada materia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Esta competencia consiste en ser capaz de formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias ou das propias matemáticas.

Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

É necesario ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Á hora de resolver exercicios ou problemas é necesario establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema.

Competencia dixital (CD)

Trabállase ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados.

Competencia social e cívica (CSC)

Afrontar un problema cunha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións axuda á súa adquisición.

Competencia de aprender a aprender (CAA)

O alumnado toma conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver.

Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

Incorpóranse elementos culturais ou artísticos con base matemática: sistemas de numeración, xeometría, contidos matemáticos na prensa, ...

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (extraído da programación)

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias:

Competencia en comunicación lingüística ao completar, enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada na potenciación de habilidades comunicativas contribuirá á adquisición desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral, por adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito utilizando e comprendendo as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ao utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión, para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da Competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. En moitas das unidades preséntanse datos que os alumnos deben analizar para sacar as súas propias conclusións e utilizar a información extraída de forma adecuada á tarefa que se solicita.

Competencia dixital ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicármonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia. Os métodos usados no centro dispoñen dunha páxina web, contas de correo, aulas abalar para cada curso a través dos cales os alumnos e alumnas acceden a distintas actividades e informacións que favorecen a adquisición da competencia no tratamento da información e competencia dixital.

Competencia para aprender a aprender ao facilitar a completar a capacidade dos alumnos/as para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e

opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. A adquisición de estratexias diversas de aprender a aprender prepara ao alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

Competencias sociais e cívicas ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, nunha lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoltar as alleas, potenciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

Ademais, a aprendizaxe da lingua inglesa permite coñecer novas culturas, favorece o respecto, o interese e a comunicación con outros aprendices de lingua estranxeira ou con falantes de linguas estranxeiras. E todo iso leva consigo o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento.

Senso de iniciativa e espírito emprendedor. ao desenrolar destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación. Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

Conciencia e expresións culturais ao traballar directamente con actividades que permiten coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos. Supón, ademais, traballar con actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por esas manifestacións culturais e pola conservación do patrimonio.

TECNOLOXÍA (extraído da programación)

Identificáronse oito competencias básicas. Esta materia contribúe a súa adquisición das seguintes maneiras:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)

Nesta materia, esta competencia alcanzase mediante a adquisición dun vocabulario propio utilizado na procura, o análise, a selección, o resumo e a comunicación da información, a que contribúen tamén a lectura, a interpretación e a redacción de informes e documentos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.(CMCCT)

Esta materia contribúe a adquisición desta competencia mediante as destrezas no uso de ferramentas matemáticas e de aplicacións informáticas (uso de follas de cálculo, por exemplo) que poden ser aplicadas na resolución de problemas.

COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL(CD)

Esta competencia pódese adquirir nesta materia mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente no que se refire non so a localización, o procesamento, a elaboración, o almacenamento e a presentación da información, en diferentes formatos e en diferentes soportes, senón tamén a súa análise, síntese, comprensión e aplicación, sen esquecer a necesaria confianza no uso dos ordenadores e na adquisición de destrezas asociadas ao seu uso autónomo.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)

No que ten de habilidade para as relacións humanas e de coñecemento da sociedade, pode adquirirse mediante a forma na que se actúa fronte aos novos fluxos de información que permiten as tecnoloxías informáticas. A expresión de ideas e razoamentos, a análise de formulacións diferentes as propias, a toma de decisións mediante o dialogo e a negociación, a aceptación doutras opinións, etc., son habilidades sociais empregadas en todos os ámbitos escolares, laborais e persoais. Así mesmo, o coñecemento da sociedade pode facerse desde a forma na que o desenvolvemento tecnolóxico provoca cambios económicos e inflúe nos cambios sociais.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI(S)(CCEC)

Adquírese desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade na resolución das necesidades sociais e permite unha mellor apreciación das manifestacións culturais que sempre incorporan elementos técnicos.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

O desenvolvemento de estratexias para obter información, transformala en coñecemento e comunicar as aprendizaxes convertese no aspecto mais relevante da forma na que esta

materia contribúe a adquisición desta competencia, e dicir, mediante a aplicación do método de resolución de problemas.

COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

Esta competencia adquirese debido a que a cambiante contorna tecnolóxica esixe unha permanente adaptación, e dicir, a adopción de novos enfoques autónomos e creativos que permitan resolver situacións non previstas e cada vez mais complexas..

XEOGRAFÍA E HISTORIA (Decreto 86/2015, do 25 de xuño. DOG nº 120, luns 29 de xuño de 2015)

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro. As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social. En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven,

as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO. A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización. A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO. Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula. Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os

riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

MÚSICA (extraído da programación)

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A música contribúe ao enriquecemento dos intercambios comunicativos , incentivando o desenvolvemento de habilidades e estratexias de comunicación oral e escrita , así como a adquisición e uso de vocabulario musical básico . A análise da letra e a súa relación coa música, no campo do xénero vocal , audición e interpretación de cancións en linguas estranxeiras , ou a integración de linguaxe musical e de linguaxe verbal como punto de partida para a comprensión da estrutura formal o discurso musical , establecendo analogías entre as frases gramaticais e musicais, son só algúns exemplos de como a nosa disciplina está intimamente ligada ao desenvolvemento da comunicación lingüística .

COMPETENCIAS MATEMÁTICAS E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

A linguaxe musical baséase na linguaxe matemática; a representación gráfica da duración do son e ritmo (figuras, silencios, bares, etc.) son expresados como proporcións matemáticas e fraccións, polo tanto, a comprensión destes conceptos e lectura e interpretación de partituras musicais, leva implícito o desenvolvemento da competencia matemática. O mesmo acontece con outros conceptos musicais tales como o intervalo, a distribución de tons e semitóns da escala, o acorde ou as indicacións do metrónomo, por citar algúns. Ademais, trátanse tamén contidos de carácter científica e tecnolóxica, como o estudo do fenómeno físico do son e os seus diferentes parámetros, a produción de son nas distintas familias instrumentais e os factores que determinan o timbre propio

de cada instrumento, os procesos biolóxicos da audición e a voz e o coñecemento das partes do corpo implicadas nel, etc. Ademais, a música fai súa contribución á mellora da calidade ambiental reflexionando sobre o ruído excesivo, a contaminación acústica e uso indiscriminado de música, e faise unha énfase especial sobre o uso correcto da voz e do aparato respiratorio para acadar resultados musicais óptimos ea adquisición de hábitos de hixiene vocal para axudar a previr problemas de saúde. Deste xeito, a partir de materia Música tamén está contribuíndo ao desenvolvemento de competencias básicas en ciencias e tecnoloxía.

COMPETENCIA DIXITAL

O ensino da música tamén contribúe ao desenvolvemento de competencias dixitais, promovendo o dominio básico de recursos tecnolóxicos no campo da música (hardware e software de música, técnicas de procesamento e gravación de son, produción de mensaxes audiovisuais, uso de internet como fonte de información , etc.)

APRENDER A APRENDER

O estudo da música anima o desenvolvemento de competencias e habilidades fundamentais para a aprendizaxe guiado e autónomo do alumno , como a atención , a concentración, a memoria, o traballo duro e perseveranza , mentres axuda a desenvolver un sentido de orde e análise e reforzar a disciplina e os hábitos de estudo .

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

As actividades de interpretación e práctica musical requiren dos alumnos un traballo de cooperación baseado na tolerancia, respecto e solidariedade. Isto promove o desenvolvemento de habilidades sociais (autocontrol , autoestima e empatía , entre outros) para relacionarse cos demais e tamén a toma de contacto cunha gran variedade de música, de diferentes períodos, promovendo a comprensión das diferentes culturas e a valoración dos outros .

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRESARIAL

Coa actuación musical refórzase a capacidade de planificar e xestionar proxectos e se desenvolve a perseveranza , responsabilidade , a autonomía e a autoestima, promovendo así

a confianza dos alumnos en si mesmos e o seu espírito emprendedor , innovador e crítico , incentivando toma de decisións , compromiso e responsabilidade .

SENSIBILIDADE E EXPRESIÓN CULTURAL

A música está relacionada directamente con esta competencia en todos os aspectos que a configuran unha vez que incentiva a capacidade de comprender e valorar criticamente expresións musicais de distintas culturas , épocas e estilos , de audición e análise musical e sociolóxica o mesmo, ea adquisición de habilidades para expresar ideas , experiencias ou sentimentos dun xeito creativo, especialmente coa interpretación , improvisación e composición .

FRANCÉS (extraído da programación)

A metodoloxía utilizada divide a lingua, como o define o MCER, en progresións nas 4 competencias (comprensión e expresión oral / comprensión e expresión escrita). Dáselle unha maior importancia ás competencias orais no primeiro ciclo da etapa de secundaria e á inversa no segundo ciclo desa mesma etapa e nas etapa do bacharelato. Esta característica vincúlao directamente á competencia en **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**.

Un dos papeis fundamentais do profesor é facilitarlle ós alumnos unhas estratexias de aprendizaxe que lles permiten diversificar as súas formas de aprender. Explícanse numerosas técnicas de memorización, e de pronuncia ao longo das leccións de xeito que xunto coa competencia en comunicación lingüística, aquí desenvólvese **A COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**, con habilidades para iniciarse na aprendizaxe e seguir aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma.

Ao longo de todo o curso, realízanse actividades en grupo e deste modo os alumnos van adquirindo uns valores como a cooperación, no cadro dunha perspectiva comunicativa e accional. O ensino da segunda lingua estranxeira participa así na adquisición da **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA** (coñecerse e valorarse, expresar as propias ideas e escoitar as alleas).

Os traballos que se leven a cabo teñen que interesar persoalmente aos adolescentes de hoxe e, neste caso, un enfoque orientado cara a cultura e a civilización francesas invítanos a considerar estes temas que lles interesan persoalmente dende outro punto de vista: a aparencia, os deportes, os

alimentos, as viaxes, o aloxamento... para rematar viaxando por toda a Francofonía. Ademais, dado que se lles invita a realizar un número determinado de esquemas e debuxos durante algunhas actividades, os alumnos melloran a súa **COMPETENCIA CULTURAL** así coma a competencia social e cívica.

A metodoloxía de traballo anima ós alumnos a establecer un número determinado de hipóteses gramaticais, comunicativas ou léxicas privilexiando así a aprendizaxe por dedución-indución de regras, entre outras gramaticais. O alumno entra nun proceso de pensamento lóxico relacionado coa **COMPETENCIA MATEMÁTICA** para a obtención de datos e solución de problemas.

As autoavaliacións propostas polo Portfolio, e que toman en conta cada unha das catro competencias, demostran ao alumno que el é o dono da súa aprendizaxe permitíndolle analizar á súa aprendizaxe e proporcionarlle as bases esenciais para ser autónomo máis rapidamente. Neste caso desenvólvese a **COMPETENCIA DE SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR** e se fomentan as habilidades para a formulación de metas, a autocrítica e a aprendizaxe a partir do recoñecemento do erro.

Por último, o departamento é consciente da evolución de Internet e do ensino a distancia (E-learning) aplicado ao ensino das linguas estranxeiras, todo o cal pon ao alcance do alumno a posibilidade dunha autoaprendizaxe individual, oral e escrita (en varios niveis) e unha capacidade de consulta ilimitada traballándose así a **COMPETENCIA DIXITAL** e axudando ó alumnado no tratamento da información.

EDUCACIÓN FÍSICA (extraído da programación)

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Son, en fin, aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, o currículo a contempla como fundamental para o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes, que podemos traballar na materia de educación física.

A educación física contribúe ó desenvolvemento das **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS** (CSC), xa que grazas as actividades deportivas chegan a comprender os códigos de conduta dos diferentes regulamentos deportivos e aceptalos, comprender conceptos de igualdade e a non discriminación entre mulleres e homes ou diferentes capacidades e habilidades. Saber comunicarse dunha maneira construtiva en diferentes momentos e con diferentes linguaxes. Amosar tolerancia e solidariedade ante os erros dos demais e os propios e interese por resolver problemas, a participar de maneira construtiva nas actividades do equipo. Ter disposición para superar os prexuízos e respectar as diferenzas. Participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis.

Desenvolvemos **A COMPETENCIA APRENDER A APRENDER** (CAA) grazas ao saber dos procesos implicados na aprendizaxe das diferentes técnicas deportivas e a súas progresións de aprendizaxe, coñecendo sobre o que un sabe facer e o que non. O coñecemento da disciplina e o contido concreto da tarefa Coñecemento sobre distintas estratexias posibles para afrontar tarefas. Saber estratexias de planificación, de resolución, de supervisión das tarefas que o/a alumno/a está a desenvolver. Estratexias de avaliación do resultado e do proceso que se levou a cabo. Saber motivarse para aprender, ter a necesidade e a curiosidade de aprender, sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe, ter a percepción de confianza en si mesmo.

Contribuímos ó desenvolvemento da **COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR** (CSIEE) co deseño e implementación dun plan de coñecemento das oportunidades existentes para as actividades persoais e profesionais, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión da súa actividade, traballando a capacidade de

adaptación aos cambios. Saber comunicar, presentar, representar e negociar, saber facer avaliacións e autoavaliacións, saber actuar de maneira creativa e imaxinativa, ter autoconhecimento, autoestima, iniciativa, interese, innovación, tanto na vida privada, social como na profesional.

Traballamos a **CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL (CCEC)** con diferentes xéneros e estilos

de danza tradicional e a súa relación co folclore, festas,... Saber aplicar diferentes habilidades de pensamento, comunicativas, de sensibilidade e sentido estético Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade no traballo de diferentes danzas. Traballar o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades, amosando interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais.

Traballamos **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)** cando usamos datos e conceptos matemáticos, para tomar decisión baseadas en probas para resolver problemas ou utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas. É importante saber respectar os datos e a súa veracidade.

En menor medida traballamos a **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)** pero os alumnos en todo momento deben utilizar a linguaxe en función do contexto. Deben coñecer

vocabulario específico e expresarse de forma oral en múltiples situación comunicativas. Ser capaz de comprender distintos tipos de textos: buscar, recompilar e procesar información, expresarse de forma escrita e oral en múltiples modalidades, formatos e soportes. escoitar con atención e interese, controlando e adaptando a súa resposta ás necesidades da situación. Saber estar disposto ao diálogo crítico e construtivo, recoñecer o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia. Ter interese pola interacción cos demais, ser consciente da repercusión da lingua en outras persoas. A contribución á competencia en comunicación lingüística realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ten que utilizarse nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e das súas estruturas formais.

Lectura de artigos relacionados coa parte teórica da materia ou con noticias de actualidade relacionadas co mundo da actividade física ou de información dixital. Todos os alumnos ao longo do curso irán lendo en alto, para posteriormente explicar os conceptos comprendidos.

Exposición na clase dos resumes dos libros que realizarán os alumnos de 4º e bacharelato, no segundo trimestre e de tódolos traballos teóricos que realicen os alumnos.

É tamén en menor medida a **COMPETENCIA DIXITAL (CD)** aínda que é importante o seu uso para buscar, obter e tratar información e crear contidos. Trataremos así mesmo de introducir as novas tecnoloxías na aula, xa sexa para a aprendizaxe dos contidos teóricos como para a visualización dos prácticos. Intentaremos que as actividades complementarias e extraescolares estean reflexadas na páxina web do centro.

A consecución dos diferentes contidos a través dun traballo nun contexto práctico na maioría das situacións, permitirá ó alumno ser máis consciente do seu “saber”, “saber facer” e “saber ser” que é o fin do traballo das competencias.

O Anexo I da lei bloque das materias troncais, no apartado da educación física, determina que competencias traballamos con cada un dos estándares de aprendizaxe.

A consecución dos diferentes contidos a través dun traballo nun contexto práctico na maioría das situacións, permitirá ó alumno ser máis consciente do seu “saber facer”, que é o fin do traballo das competencias.

FILOSOFÍA (extraído da programación)

A Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto e nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas.

A competencia de aprender a aprender maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración.

Nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia nesas saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles.

Coa admiración aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación

A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación.

O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.

Estas competencias preséntanse no currículo relacionadas directamente cos estándares de aprendizaxe avaliáveis.

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (extraído da programación)

As competencias clave para a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual están integradas na proposta curricular, correspondéndose os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe coas competencias.

CCL: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A educación plástica e visual enriquece a capacidade comunicativa, dado que, como toda forma de comunicación, posúe uns procedementos común que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes.

CMCCT: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

A educación plástica e visual contribúe a adquisición de estas competencias mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o

descubrimiento e a reflexión e posterior análise; desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto as boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras.

CD: COMPETENCIA DIXITAL

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se lle outorga a esta materia na adquisición da competencia no tratamento da información e, en particular, a que achega o mundo das imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital.

CAA: APRENDER A APRENDER

A reflexión sobre os procesos de experimentación creativa contribúe a favorecer a competencia de aprender a aprender que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

CSC: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais.

CSIEE: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

A educación plástica colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

CCEC: CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI.

Adquírense fundamentalmente a través da área de educación plástica, visual e audiovisual estando presente ao longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións

artísticas do propio patrimonio cultural e o alleo. Contribúese tamén a acadar estas competencias cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

3.2 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

1º ESO	Nº ESTÁNDARES CCL	Nº ESTÁNDARES CMCCT	Nº ESTÁNDARES CD	Nº ESTÁNDARES CAA	Nº ESTÁNDARES CSC	Nº ESTÁNDARES CSIEE	Nº ESTÁNDARES CCEC
Bioloxía e Xeoloxía	5	32	4	9	8	6	4
Educación Física	2	5	2	11	10	10	3
Educación Plástica	8	8	4	5	6	7	10
Francés	22	0	16	22	0	0	22
Inglés	32	0	23	32	0	0	32
Lingua Castelá	16	2	6	4	5	1	5
Lingua Galega	91	0	16	27	20	6	9
Matemáticas	4	77	5	7	5	5	2
Xeografía e Historia	13	22	15	38	33	0	10
Relixión	10	0	0	7	6	0	0
Valores Éticos	15	2	4	12	26	12	0

3º ESO	Nº ESTÁNDARES CCL	Nº ESTÁNDARES CMCCT	Nº ESTÁNDARES CD	Nº ESTÁNDARES CAA	Nº ESTÁNDARES CSC	Nº ESTÁNDARES CSIEE	Nº ESTÁNDARES CCEC
Bioloxía e Xeoloxía	5	50	5	13	19	6	5
Cultura Clásica	28	16	24	25	17	3	16
Educación Física	2	7	2	13	11	13	4
Educación Plástica	7	6	4	4	5	6	7
Francés	24	0	17	24	24	5	24
Física e Química	7	49	6	8	6	6	3
Inglés	36	0	15	36	36	0	36
Lingua Castelá	37	1	4	8	9	2	6
Lingua Galega	106	0	17	30	36	5	5
Matemáticas Acad.	6	75	5	7	6	5	4
Matemáticas Aplic.	6	73	4	7	5	5	3
Música	6	0	4	13	6	5	24
Tecnoloxía	7	19	11	18	3	9	1
Xeografía e Historia	27	19	17	36	29	17	6
Relixión	10	0	0	6	6	0	0
Valores éticos	10	3	5	7	17	5	5

4º ESO	Nº ESTÁNDARES CCL	Nº ESTÁNDARES CMCCT	Nº ESTÁNDARES CD	Nº ESTÁNDARES CAA	Nº ESTÁNDARES CSC	Nº ESTÁNDARES CSIEE	Nº ESTÁNDARES CCEC
Bioloxía e Xeoloxía	13	22	3	35	12	13	3
CAAP	7	25	6	53	19	13	1
Cultura Científica	7	22	3	6	9	5	5
Economía	15	23	20	17	23	3	0
Educación Física	3	11	3	9	14	12	4
Educación Plástica	0	9	10	11	0	21	25
Filosofía	38	6	4	22	17	10	17
Física e Química	9	88	10	11	9	8	7
Francés	24	0	15	24	23	1	24
IAEE	5	19	13	11	5	23	0
Inglés	36	0	15	36	36	0	36
Latín	39	10	16	25	12	5	12
Língua Castelá	70	3	7	19	10	3	5
Língua Galega	127	0	18	28	40	4	11
Matemáticas Acad.	5	73	6	6	5	6	2
Matemáticas Aplic.	6	64	4	7	5	5	1
Música	8	4	12	8	17	2	15
Tecnoloxía	10	27	11	18	7	11	4
TIC	12	24	28	13	11	9	5
Xeografía e Historia	42	9	3	47	63	3	3
Relixión	12	0	0	12	9	0	0
Valores éticos	12	3	5	5	18	7	4

O peso de cada materia nas distintas competencias calcúlase partindo do número de estándares que cada materia ten asignados no currículo oficial (Decreto 86/2015, DOG 29/06/2015). Unha vez feito o cálculo, é función da xunta avaliadora corrixir os erros que puidese haber por mor dos factores que non se contemplan na fórmula inicial: materias pendentes, programación non impartida, condicionantes individuais do alumnado (Reforzos, Adaptacións...), así como outros factores que poidan repercutir sobre o rendemento ordinario.

4. CRITERIOS XERAIS PARA A CONCRECIÓN DO HORARIO E PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS PROPIAS DO CENTRO E DO SEU ALUMNADO.

De acordo co que pon na Disposición Adicional 6ª "Calendario escolar" do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, O calendario escolar, que fixará anualmente a consellería con competencias en materia de educación, abranguerá un mínimo de 175 días lectivos para as ensinanzas obrigatorias.

O horario lectivo tanto na ESO como no Bacharelato será de 32 horas semanais, incluído o horario destinado á titoría.

As clases comezan ás 09:00 da mañá e finalizan ás 14.25 cun período de recreo de 11.30 a 11.55, coa excepción do luns que temos dúas sesións a maiores pola tarde, comezan ás 16:15 e finalizarán ás 17:55. A duración das sesións lectivas será de 50 minutos.

4.1 PROCEDEMENTO PARA O CAMBIO DE MATERIAS

A formalización da matrícula ten un carácter vinculante e, polo tanto, unha vez organizados os grupos e comezadas as actividades lectivas non será posible o cambio de modalidade ou de materias a non ser circunstancias excepcionais previa solicitude motivada á Dirección do centro nos tres primeiros días de inicio da actividade lectiva. A Dirección do centro informará das solicitudes á Xefatura de Estudos que avaliará as posibilidades de cada caso, respondendo nun prazo de dous días hábiles, favorable ou desfavorablemente.

4.2 ELABORACIÓN DE ITINERARIOS DE CUARTO CURSO DE ESO.

No terceiro trimestre levarase a cabo unha xornada de información/orientación co alumnado de terceiro curso da ESO. Na devandita xornada explicaranse as diferentes opcións de matrícula que se poden dar en cuarto curso e farase entrega dun formulario coas diferentes materias que poderían escoller. Sempre que se decida en previa CCP cabe a posibilidade de cambiar o modelo de Sondaxe.

A partir da información extraída nesta xornada e das posibilidades organizativas do centro, a Xefatura de Estudos elaborará os itinerarios que se aplicarán no seguinte curso académico.

4.3 MODELOS DE SONDAXE

Modelo Sondaxe 4º ESO - Opción Ensinanzas Académicas

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA IES DE PONTE CALDELAS	Valdarrosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
---	---	---

Sondaxe 4º ESO Opción Ensinanzas Académicas

Alumno/a	
-----------------	--

Materias Troncais	Lingua Castelá e Literatura	1ª Lingua Estranxeira	
	Matemáticas (Ens. Académicas-Bacharelatos)	Xeografía e Historia	
Troncais de opción	Marcar cunha cruz unha das dúas opcións <input type="checkbox"/> Orientadas ás Ciencias		
	<input type="checkbox"/> Orientadas ás Humanidades ou Ciencias Sociais		
	<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Física e Química	<input type="checkbox"/> Economía
	<input type="checkbox"/> Latín		
Materia Lib.Conf. Aut.	Lingua Galega e Literatura		
Materias Específicas	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Valores Éticos <input type="checkbox"/> Relixión Católica		Ed. Física
	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Filosofía		<input type="checkbox"/> Francés
	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (non se pode cursar si se cursou en 3º ESO) <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Ed. Plástica, Visual e Audiovisual		<input type="checkbox"/> TIC

D./na: _____, como representante legal do alumno/a _____.

Sinatura:

Ponte Caldelas a ____ de ____ de 2019.

Modelo Sondaxe 4º ESO - Opción Ensinanzas Aplicadas

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Valdarosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
	IES DE PONTE CALDELAS	

Sondaxe 4º ESO

Opción Ensinanzas Aplicadas

Alumno/a	
-----------------	--

Materias Troncais	Lingua Castelá e Literatura	1ª Lingua Estranxeira
	Matemáticas (Ens. Aplicadas-ciclos)	Xeografía e Historia
Troncais de opción	<small>Escoller cunha cruz dúas opcións</small>	
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía	<input type="checkbox"/> Ciencias Aplic. á Actividade Profesional
		<input type="checkbox"/> Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
Materia Lib.Conf. Aut.	Lingua Galega e Literatura	
Materias Específicas	<small>Marcar cunha cruz unha soa opción</small>	
	<input type="checkbox"/> Valores Éticos	Ed. Física
	<input type="checkbox"/> Relixión Católica	
<small>Escoller cunha cruz unha de cada bloque</small>		
<input type="checkbox"/> Cultura Clásica (non se pode cursar se se cursou en 3º ESO)	<input type="checkbox"/> Filosofía	
<input type="checkbox"/> Ed. Plástica, Visual e Audiovisual	<input type="checkbox"/> Francés	
<input type="checkbox"/> Cultura Científica	<input type="checkbox"/> TIC	
<input type="checkbox"/> Música		

D./na: _____, como representante legal do alumno/a _____.

Sinatura:

Ponte Caldelas a ____ de _____ de 2019.

4.4 ORGANIZACIÓN DAS MODALIDADES DE BACHARELATO, INCLUÍNDO AS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA E DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE CENTRO QUE SE OFRECEN NO IES DE PONTE CALDELAS.

O Decreto do Currículo 86/2015, establece no TÍTULO II, CAPÍTULO II a organización dos cursos de Bacharelato detallando as materias que deberá cursar o alumnado en función da modalidade elixida. O número de sesións lectivas semanais de cada unha das materias do bacharelato é o que figura no anexo V deste decreto.

O recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes establécese neste decreto dun xeito efectivo, aumentando a súa capacidade de decisión na definición do currículo, coa posibilidade de definir, nas condicións que determina a consellería con competencias en materia de educación, a oferta de materias do bloque de materias de libre configuración autonómica, e, deste xeito, adaptar a súa oferta educativa ao seu contexto socioeducativo.

Polo tanto, tendo en conta o Decreto do Currículo 86/2015 e as Resolucións que poidan afectar en cada curso, a sondaxe do alumnado e os recursos do noso centro establécese a seguinte organización de modalidades expostas nos seguintes sondaxes:

Modelo sondaxe de 1º de Bacharelato:

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA IES DE PONTE CALDELAS	Valdarosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
	Solicitude de reserva de praza. 1º de Bacharelato. Curso académico 2019/20	

1º apelido:	2º apelido:	Nome:
Mail:	Tfno. da/o responsable:	

Materias troncais	Sesiões semanais	
<input checked="" type="checkbox"/> Filosofía		3
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura I		3
<input checked="" type="checkbox"/> 1ª Lingua Estranxeira I (Inglés)		3
<input type="checkbox"/> Modalidade de ciencias	<input type="checkbox"/> Itinerario de Humanidades	<input type="checkbox"/> Itinerario de Ciencias sociais
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I	<input checked="" type="checkbox"/> Latín I	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I
<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Economía	<input type="checkbox"/> Economía
<input type="checkbox"/> Debuxo técnico I	<input type="checkbox"/> Grego I	<input type="checkbox"/> Grego I
<input type="checkbox"/> Física e Química	<input type="checkbox"/> Hº do Mundo contemporáneo	<input type="checkbox"/> Hº do Mundo contemporáneo
	<input type="checkbox"/> Literatura Universal	<input type="checkbox"/> Literatura Universal
Elixir unha das modalidades ou itinerarios e enumerar todas as materias de opción por orde de preferencia		Total parcial
		21

Materias específicas e de libre configuración	Sesiões semanais			
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Galega e literatura (Libre configuración autonómica)		3		
<input checked="" type="checkbox"/> Educación Física		2		
Hai que matricularse en 6 h (dúas específicas como mínimo e 3 como máximo)				
Combinacións posibles	A	Tecnoloxía Industrial I (E) Debuxo artístico I (E)	Linguaxe e Práctica musical (E) Anatomía Aplicada(E)	3
	B	Cultura científica (E) TIC I (E) Francés I (E)	Antropoloxía (LCA) Robótica(LCA) Técnicas de laboratorio(LCC)	2
	C	Comunicación Oral(LCC) English Conversation(LCC)	Relixión (E)	1
	D	Troncal non cursada (E)		4
			Total parcial	11

Elixir catro opcións de entre as ofertadas por orde de preferencia:

1ª opción	2ª opción	3ª opción	4ª opción
Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:

Lexislación aplicable: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia.

Importante:

- É imprescindible entregar este impreso debidamente cuberto antes das 14 horas do -----
- En caso de non entrega-lo impreso, entenderase que renuncia á praza para o curso seguinte.
- Este documento é vinculante para a formalización da matrícula.

Ponte Caldelas, _____ de _____ 2019

Asdo:

A nai/pai/titor legal

Modelo sondaxe de 2º de Bacharelato:

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA IES DE PONTE CALDELAS	Valdarosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
---	--	--

Solicitude de reserva de praza. 2º de Bacharelato. Curso académico 2019/20

1º apelido:	2º apelido:	Nome:
Mail:	Tfno. da/o responsable:	

Materias troncais	Sesiões semanais
<input checked="" type="checkbox"/> Hª de España	3
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura II	3
<input checked="" type="checkbox"/> 1ª Lingua Estranxeira II (Inglés)	3
<input type="checkbox"/> Modalidade de ciencias	<input type="checkbox"/> Itinerario de Humanidades
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II	<input checked="" type="checkbox"/> Latín II
<input type="checkbox"/> Bioloxía	<input checked="" type="checkbox"/> Historia da Filosofía
<input type="checkbox"/> Debuxo técnico II	<input checked="" type="checkbox"/> Historia da Filosofía
<input type="checkbox"/> Física	<input type="checkbox"/> Economía de Empresa
<input type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> Grego II
<input type="checkbox"/> Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Hª da Arte
	<input type="checkbox"/> Xeografía
Total parcial	
21	

Elixir unha das modalidades ou itinerarios e enumerar todas as materias de opción por orde de preferencia

Materias específicas, de libre configuración autonómica e de libre configuración de centro	Sesiões semanais																
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Galega e literatura (Libre configuración autonómica)	3																
<i>Hai que matricularse en 8 h (dúas específicas como mínimo e 3 como máximo)</i>																	
Combinacións posibles <input type="checkbox"/> A + A + B <input type="checkbox"/> A + C + D <input type="checkbox"/> A + A + C + C <input type="checkbox"/> D + D	<table border="1" style="width:100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width:5%; text-align: center;">A</td> <td style="width:55%;"> C. da Terra e do Medio Ambiente (E) Fundamentos de Administración e Xestión(E) Psicoloxía (E) Debuxo artístico II(E) </td> <td style="width:40%;"> Hª da Mús. e da Danza (E) Tecnoloxía Industrial II(E) TIC II (E) Francés II (E) </td> <td style="width:5%; text-align: right;">3</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">B</td> <td> Filosofía da Ciencia e Tecn(LCA) Métodos Estatísticos e Numéricos(LCA) </td> <td> Ética e Filosofía do Dereito(LCA) Patrimonio Art. e cultural de Galicia (LCA) Literatura Galega SXX e Actualidade (LCA) </td> <td style="text-align: right;">2</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">C</td> <td> Religión (E) English Communication(LCC) </td> <td> Problemas Éticos Actuais(LCC) </td> <td style="text-align: right;">1</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">D</td> <td>Troncal non cursada (E)</td> <td></td> <td style="text-align: right;">4</td> </tr> </table>	A	C. da Terra e do Medio Ambiente (E) Fundamentos de Administración e Xestión(E) Psicoloxía (E) Debuxo artístico II(E)	Hª da Mús. e da Danza (E) Tecnoloxía Industrial II(E) TIC II (E) Francés II (E)	3	B	Filosofía da Ciencia e Tecn(LCA) Métodos Estatísticos e Numéricos(LCA)	Ética e Filosofía do Dereito(LCA) Patrimonio Art. e cultural de Galicia (LCA) Literatura Galega SXX e Actualidade (LCA)	2	C	Religión (E) English Communication(LCC)	Problemas Éticos Actuais(LCC)	1	D	Troncal non cursada (E)		4
A	C. da Terra e do Medio Ambiente (E) Fundamentos de Administración e Xestión(E) Psicoloxía (E) Debuxo artístico II(E)	Hª da Mús. e da Danza (E) Tecnoloxía Industrial II(E) TIC II (E) Francés II (E)	3														
B	Filosofía da Ciencia e Tecn(LCA) Métodos Estatísticos e Numéricos(LCA)	Ética e Filosofía do Dereito(LCA) Patrimonio Art. e cultural de Galicia (LCA) Literatura Galega SXX e Actualidade (LCA)	2														
C	Religión (E) English Communication(LCC)	Problemas Éticos Actuais(LCC)	1														
D	Troncal non cursada (E)		4														
Total parcial																	
11																	

E: Especifica LCA: Libre configuración Autonómica LCC: Libre configuración de Centro

Elixir catro opcións de entre as ofertadas por orde de preferencia:

1ª opción	2ª opción	3ª opción	4ª opción
Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:

Legislación aplicable: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia.

Importante:

- É imprescindible entregar este impreso debidamente cuberto antes das 14 horas do -----
- En caso de non entrega-lo impreso, entenderase que renuncia á praza para o curso seguinte.
- Este documento é vinculante para a formalización da matrícula.

Ponte Caldelas, _____ de _____ 2019

Asdo:

A nai/pai/titor legal

No terceiro trimestre levarase a cabo unha xornada de información/orientación co alumnado de Bacharelato. Na devandita xornada explicaranse as diferentes opcións de matrícula que se poden dar en 1º de Bacharelato e en 2º de Bacharelato e farase entrega dun formulario coas diferentes materias que poderían escoller. Sempre que se decida en previa CCP cabe a posibilidade de cambiar o modelo de sondaxe e as materias ofertadas. O modelo vixente pódese consultar no Anexo II.

Para axudar ao alumnado a decidir sobre as materias de opción, decidiuse en CCP editar no centro un texto informativo para cada curso de Bacharelato, onde poden consultar diferentes aspectos de cada unha das materias que poden facer.

A modo de exemplo, expónse aquí a información sobre a materia de 1º de Bacharelato de Libre Configuración de Centro *Comunicación Oral*:

Comunicación Oral

Curso: 1º Bacharelato	Modalidade: TODAS
Tipo de materia: específica de Centro	Departamento: LINGUA E LITERATURA GALEGA
1. BREVE INTRODUCCIÓN Á MATERIA:	
A materia de COMUNICACIÓN ORAL abórdase desde dúas disciplinas estreitamente relacionadas entre si: a oratoria e a argumentación. A oratoria permite adestrarse nas técnicas necesarias para falar en público, vencendo o medo escénico e aprendendo a construír discursos axeitados á diferente tipoloxía da comunicación oral: o discurso, a presentación, o debate... A argumentación baséase na construción de textos, neste caso orais, elaborados a partir dunha selección contrastada e rigorosa da información.	
2. PRINCIPAIS OBXECTIVOS DA MATERIA:	
<ul style="list-style-type: none"> - Dotar de técnicas de expresión oral ao alumnado que son fundamentais para a socialización e o desenvolvemento dos individuos e cidadáns. - Afondar no coñecemento dunha das habilidades sociais máis importantes: a fluidez comunicativa, ligada á oratoria e á escoita atenta. - Incitar o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade. - Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo cooperativo en equipo. - Tratar de optimizar a personalidade de cada un, mellorando a autoestima, aumentando a empatía, conseguindo unha maior sintonía, e controlando a ansiedade de falar en público. 	
3. MATERIAS DE 4º DE ESO QUE É RECOMENDABLE CURSAR:	
Esta materia pódese seguir sen dificultade, non precisa de formación previa específica.	

4. RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR EN 2º DE BACHARELATO:

Non ten continuidade mais a materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas fundamentalmente con tres competencias clave: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; a competencia social e cívica, pois a oratoria e a expresión oral carecen de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autoconhecimento e a autoestima.

5. RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR:

No mundo actual, posuír unha boa comunicación oral axuda a desenvolverse con éxito en calquera campo académico e/ou profesional.

6. PODES OBTEN MÁIS INFORMACIÓN SOBRE A MATERIA EN:

Preguntando no Departamento de Lingua e Literatura Galega

4.5 PROCEDEMENTO SOBRE A INCORPORACIÓN DE ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Seguiranse as instrucións da Resolución publicadas para o presente curso.

No caso da exención de Lingua Galega, actualmente establécese no artigo 9, punto 6: “O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Non terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

Na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega, establécese :

Artigo 1. Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario.

2. Regular o procedemento e os prazos para a solicitude da exención.

Artigo 2. Principios xerais

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios e o alumnado que realice todos os estudos en Galicia sen interrupción deberá cursar e superar a referida materia sen que teña dereito a que se lle conceda a exención.

2. Tampouco terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Artigo 4. Deberes do alumnado exento

1. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

2. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

3. O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.

4. A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.

5. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 5. Presentación da solicitude da exención

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela expóranse as razóns polas que se solicita a exención.

No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.

3. No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.

4. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.

5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

Artigo 6. Prazos de presentación da solicitude da exención

1. O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria, e o 20 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de bacharelato.
2. Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.
3. Para o alumnado que se matricule en ensinanzas de persoas adultas (ensinanzas básicas iniciais, educación secundaria ou bacharelato), o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes ao da presentación da súa solicitude de matrícula nesas ensinanzas, dentro dos prazos oficiais sinalados para estas.
4. O alumnado que realice as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de dezoito anos, ou a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos, presentará a súa solicitude de exención simultaneamente á presentación da súa solicitude de inscrición nas probas libres, nos prazos que estableza a normativa que as regula.

Artigo 7. Resolución da solicitude de exención

1. Os centros docentes públicos dependentes da consellería con competencia en materia de educación resolverán sobre a concesión ou a denegación da exención, no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación completa.
2. No caso dos centros docentes privados e privados concertados que imparten bacharelato, a resolución correspóndelle á persoa titular da Dirección do centro público a que estea adscrito.

Artigo 8. Recursos

1. A resolución da exención poderá ser impugnada mediante o recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería con competencias en materia de educación, e poralle fin á vía administrativa.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento administrativo

Autorízase a Secretaria Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para que, dentro das súas respectivas competencias, ditén as resolucións ou as instrucións que sexan precisas para a execución da presente orde.

5. DECISIONS SOBRE MÉTODOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS DO CURRÍCULO

No artigo 5 do Decreto de Currículo 86/2015 establécese que os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, tanto no artigo 3, referido a Competencias do Currículo, no artigo 8, referido a Principios xerais, como no artigo 11, referido a Principios pedagóxicos, recóllese o punto de partida para a toma de decisións metodolóxicas para a consecución das competencias do currículo.

- A educación concíbese como un proceso de ensino e aprendizaxe de carácter non exclusivamente unidireccional do profesor cara ao alumnado. Na relación docente-alumno debe primar a interacción. É preferible que o profesor sexa un mediador cuxa labor consista en interactuar co grupo de alumnos/as, fuxindo no posible da transmisión unidireccional ou do abuso das explicacións orais. Mediando nesa interacción conseguiremos unha maior información do proceso de aprendizaxe, e especialmente das carencias e dificultades que presenta.

O profesor debe recibir información sobre o grao de asimilación e interese, por parte do alumnado, dos coñecementos e actividades propostas. Esta retroalimentación pódese facer de diversas formas: mediante preguntas puntuais curtas e directas, avaliación das actividades propostas, intercambio de opinións sobre o traballo realizado, etc. O fin perseguido é reconducir e reorientar en todo momento o proceso de ensino e aprendizaxe, en función da resposta dos alumnos, cambiando as estratexias e os recursos didácticos empregados.

- As ensinanzas tratarán de ser útiles, adaptadas á contorna inmediata do alumnado, de forma que permitan transferir os coñecementos e destrezas adquiridas a novas situacións.

Esta ensinanza activa propicia estratexias que permiten poñer en funcionamento aspectos motrices e manipulativos, rompendo así a aparente oposición entre xogo e traballo, e tamén aspectos cognitivos nos que o alumno/a toma conciencia, obtén coñecemento, toma partido con respecto a unha información... etc.

Con todo, ademais de cubrir as necesidades inmediatas, é dicir, que o alumnado adquira as competencias referidas no Decreto, os ensinados deben cumprir outros fins como preparar ao alumno para estudos posteriores, educar en valores e, en último termo, preparalo para a vida adulta.

- Aínda que cada disciplina traballa certas competencias específicas, naquelas que resultan coincidentes en varias áreas é necesario adoptar criterios comúns.

Os procedementos utilizados por diferentes áreas favorecen a detección de carencias, erros e ideas previas que fagan ao alumnado tomar conciencia da súa situación de partida.

Considérase importante expor a nova información conectando os contidos novos coas aprendizaxes anteriores.

En todas as áreas promoverase o traballo individual e en equipo do alumnado.

- A selección de contidos nas áreas irá do coñecido ao descoñecido, do simple ao complexo, do particular ao xeral, en grao sumo concreto e manipulativo ao abstracto, mediante un proceso gradual co fin de adquirir o dominio das Competencias do Currículo, deseñando actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar cara ao dominio de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Tendo en conta que os contidos non son un fin en si mesmos, senón un medio para alcanzar uns determinados obxectivos, a consecución das aprendizaxes significativas pode chegar a través de métodos de carácter indutivo. Partindo de feitos e realidades concretas próximas ao alumnado, da constatación por este de elementos próximos observables e da manipulación dos mesmos pódese chegar á formulación de leis mais xerais, cobrando unha gran importancia a contorna próxima como recurso onde realizar investigacións. O medio, *entendido como*

conxunto de factores físicos e sociais que interaccionan co alumnado, debe ser o punto de partida preferente no proceso de ensino.

Non se rexeitan, con todo, os métodos dedutivos e a aprendizaxe receptiva que poden ser convenientes desde o punto de vista didáctico nalgunhas ocasións e axudan na adquisición de certos hábitos intelectuais.

- Na actividade docente combinaranse as exposicións do profesor coa realización de actividades por parte do alumnado, sendo desigual a distribución do tempo dedicado a un ou outro aspecto nas diferentes áreas.

Débase asegurar o traballo en equipo do profesorado para proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente que atenden a cada alumno/a no grupo.

- Procurarase unha atención específica aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Avanzouse no traballo de elaboración de adaptacións curriculares polos departamentos, prestando apoio personalizado, non só ao alumnado de necesidades educativas especiais, senón tamén a outro tipo de alumnos con deficiencias diversas.
- No proceso de ensino e aprendizaxe terase en conta o punto de partida do grupo polo que: O Instituto levará a cabo reunións de coordinación cos Centros de Primaria da zona, para coñecer o perfil académico dos futuros alumnos.

Nos cursos onde se incorporan novos alumnos, realízanse en todas as áreas, probas iniciais e observacións sistemáticas, cuxos resultados son analizados posteriormente polos equipos educativos, co fin, entre outros, de detectar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e decidir as medidas de apoio posibles.

Utilízanse estratexias para investigar as capacidades e ideas previas do alumnado na maioría das áreas. Os procedementos utilizados son as sondaxes orais ou outro tipo de actividades

puntuais. Non se considera imprescindible realizar probas exhaustivas ao comezo de cada unidade didáctica.

- Nos procesos de ensino-aprendizaxe utilizaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación cunha dobre orientación:
 1. Como ferramenta de traballo nas diferentes áreas para explorar, analizar e intercambiar a información procedente dos recursos educativos multimedia e Internet.
 2. Como obxecto de coñecemento e estudo destas ferramentas, co fin de facilitar o desenvolvemento da aprendizaxe autónoma do alumnado e a súa inserción no mundo laboral.
- Na aprendizaxe de linguas estranxeiras darase prioridade á comprensión e expresión oral no devandito idioma, utilizando a lingua castelá só como apoio no proceso.

5.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS PARA TRABALLAR POR COMPETENCIAS NA AULA

No artigo 3 do Decreto 86/2015 recóllense as competencias do currículo que serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No noso centro aplicaranse as estratexias metodolóxicas que se detallan a continuación para a adquisición destas competencias.

Os departamentos didácticos incluírán nas súas programacións métodos que partan da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado. As actividades expostas deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema,

que busquen un obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O profesorado tratará de secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias aplicaranse metodoloxías activas e contextualizadas, buscando actividades e propostas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais.

Estas metodoloxías activas poderán apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

O profesorado, na medida do posible, aplicará o traballo por proxectos, que se basea na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

O profesorado fará a selección e uso de materiais e recursos didácticos incluíndo os libros de texto, tratando de adaptalos aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

5. 2 ORIENTACIÓN COMÚN SOBRE OS DEBERES ESCOLARES NO FOGAR.

Teranse en conta as seguintes orientacións comúns para os deberes ou tarefas escolares no fogar:

- Os deberes deberán deseñarse para ser realizados autónomamente e ser accesibles a todo o alumnado, tendo en conta o número de horas semanais da materia e o tempo necesario para a súa revisión e corrección nas clases.

- Nos primeiros cursos de ESO, poderán ter unha maior compoñente de reforzo e adestramento, mentres que nos cursos altos buscarase que teñan un carácter máis motivador e investigador.
- Aquelas tarefas que esixan unha maior dedicación deberán ser propostas coa antelación suficiente para facilitar a organización de traballo persoal do alumnado no fogar.
- Na semana previa ás sesións de avaliación, tratarase de minimizar os deberes para evitar unha acumulación de tarefas e facilitar a preparación de probas obxectivas que adoitan coincidir con estes días.
- Nas sesións de tutoría dedicarase o tempo necesario para facer unha valoración sobre o volume de deberes do grupo. O titor ou a titora dará traslado ao equipo docente dos posibles desaxustes que se detecten para a súa corrección.

5.3 ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR O INTERESE POLA LECTURA, A CAPACIDADE DE EXPRESARSE EN PÚBLICO E O USO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.

- Dende as distintas materias potenciarase o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe permitindo, non só o acceso a recursos xa elaborados, senón tamén a elaboración de documentos en diferentes formatos para a exposición e difusión de ideas propias.
- Tratarase, polo tanto, de non limitar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación á procura de información, ben a través de Internet ou doutros medios, senón tamén usalas para crear documentos de texto, de imaxes, etc.
- Dependendo das materias, o profesorado exporá actividades que fomenten a elaboración de presentacións multimedia como apoio para a realización de exposicións por parte do alumnado ante o resto de compañeiros e compañeiras do grupo que fomenten a capacidade de expresarse en público e o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Nas programacións didácticas recollerase o procedemento para a cualificación deste tipo de actividades.
- O profesorado dará importancia, ao aplicar metodoloxías activas que fomenten a participación do alumnado, á exposición oral por parte do alumnado facéndolles ver a importancia dunha correcta exposición en público.

- Para estimular o interese e o hábito pola lectura o profesorado tratará de buscar textos, noticias ou similares relacionados cos contidos de cada materia que poidan resultar próximos e atractivos para o alumnado.

5.4 CRITERIOS XERAIS SOBRE A ELECCIÓN DOS MATERIAIS CURRICULARES QUE SE VAIAN UTILIZAR, INCLUÍDOS, NO SEU CASO, OS LIBROS DE TEXTO.

No exercicio da autonomía pedagóxica dos centros, recóllese a continuación o procedemento xeral para a elección de materiais curriculares e detállase como levar a cabo a substitución de libros de texto antes do período de seis anos de vixencia que establece a ORDE do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

Entenderase por materiais curriculares aqueles que son utilizados no desenvolvemento das clases e que serven de guía ou elemento vertebrador da materia ao longo do curso. Poderán ser:

- Libros de texto. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN e deseñados especialmente para cumprir co currículo vixente.
- Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN, que non están deseñados para cumprir co currículo e que poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.
- Apuntamentos. Públicos ou privados, non suxeitos a dereitos de autor.
- Audiovisuais. Materiais multimedia, suxeitos ou non a dereitos de autor, utilizados para o seguimento da materia.

Os departamentos didácticos, de maneira consensuada, determinarán que materiais curriculares utilizarán para as distintas materias e cursos que imparten.

No caso de libros de texto, cada departamento deberá informar á persoa responsable da Secretaría do centro, na última semana do mes de maio, acerca dos libros de texto que comezarán a súa vixencia no curso seguinte. Para iso remitirán copia do acta de departamento onde se faga constar o acordo alcanzado e o detalle dos libros de texto correspondentes citando a editorial, título, autor, ISBN e canta información estimen de interese para facilitar a adquisición dos mesmos ás familias.

A persoa responsable da Secretaría do centro actualizará a información pertinente e xerará a listaxe oficial de libros de texto, que remitirá aos departamentos para a súa revisión sendo finalmente aprobado en sesión de CCP antes da finalización das actividades lectivas do curso.

No caso doutros materiais curriculares que non sexan libros de texto e que non supoñan un esforzo económico ou unha planificación especial por parte das familias, faranse constar en acta de departamento.

Cando nun departamento se estime oportuno substituír algún libro de texto antes da finalización do período de vixencia de seis anos obrigatorio, deberase remitir á Dirección do centro un informe coa debida xustificación antes de finalizar a segunda avaliación.

A Dirección do centro solicitará o cambio excepcional do libro de texto á Consellería competente en materia de educación, achegando o informe emitido dende o departamento afectado. De non obterse resposta favorable antes da finalización das actividades lectivas do curso, manteríase o libro de texto correspondente e non se modificaría, polo tanto, a listaxe oficial de libros de texto para o curso seguinte.

6. DIRECTRICES XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO E CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 21, 22 e 23 a avaliación e promoción do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO, e nos artigos 33, 34 e 35 a avaliación e promoción o proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato.

6.1 AVALIACIÓN ESO

Segundo o artigo 21:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

3. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

4. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

5. A consellería con competencias en materia de educación garantirá o dereito dos alumnos e das alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.

6. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado polo titor ou a titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste, no marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

7. Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións

para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e programas individualizados.

O equipo docente do grupo reunirase periodicamente en catro sesións de avaliación, dúas no primeiro trimestre (avaliación inicial e 1ª avaliación) e unha no 2º e no terceiro trimestre en cada curso da etapa. Súmanse a estas, as dúas avaliacións de alumnado con materias pendentes, unha en febreiro e outra en maio.

O equipo docente estará constituído polo profesorado do grupo, un membro do Equipo Directivo (preferentemente a xefatura de estudos) e a orientadora baixo a coordinación do titor ou titora. Tras a celebración das tres sesións de avaliación, o titor ou titora informará por escrito a través do boletín de notas oficial do centro a cada estudante e á súa familia sobre o resultado do proceso de aprendizaxe. O titor levantará acta dos temas tratados nas sesións de avaliación.

Ademais da cualificación obtida en cada materia, no boletín de notas incluíranse observacións redactas polo titor ou titora se así se considera necesario.

As familias serán informadas polo titor ou titora de cada grupo a principio de curso sobre as datas das avaliacións e as datas de entrega dos boletíns ao alumnado. No caso que o alumno/a non acuda ao centro na xornada na que se entrega esta información, o boletín será recollido por o alumno ou polos seus proxenitores na secretaria do centro.

6.2 AVALIACIÓN BACHARELATOS

Segundo o artigo 33:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

5. A consellería con competencias en materia de educación garantirá o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.

6. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do/da estudante, coa coordinación do/da titor/a, valorará a súa evolución no conxunto das materias e a súa madurez educativa en relación cos obxectivos do bacharelato e as competencias correspondentes.

7. Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen.

Os profesores que imparten docencia nun mesmo grupo reuniranse periodicamente en sesións de avaliación unha vez ao trimestre nas datas determinadas na Programación Xeral Anual do centro para realizar o seguimento e avaliación tanto das aprendizaxes do alumnado como dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente. O titor ou titora do grupo coordinará a reunión e levantará acta da mesma segundo o modelo facilitado pola Xefatura de Estudos.

Os Dptos. publicitarán as súas programacións didácticas, cumprindo co artigo 21, no punto 5 do Decreto 86/2105 para dar a coñecer ao alumnado e ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción.

6.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN E PERMANENCIA DO ALUMNADO DE 1º, 2º E 3º

Os criterios de promoción serán os establecidos pola Resolución anual, Anexo III, onde se ditan as instrucións para o presente curso.

6.4 CRITERIOS DE TITULACIÓN EN 4º DE ESO.

Os criterios de titulación serán os establecidos pola Resolución anual, Anexo III, onde se ditan as instrucións para o presente curso.

6.5 PROMOCIÓN NO BACHARELATO

Segundo o que se recolle no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 35, dice que:

1. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.

3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

Os criterios de promoción serán os establecidos pola Resolución anual, Anexo III, onde se ditan as instrucións para o presente curso.

Actualmente establecen:

Artigo 17. Repetición do primeiro curso de bacharelato

Os alumnos e as alumnas do primeiro curso de bacharelato que non cumpran coas condicións de promoción establecidas no artigo 35 do Decreto 86/2015, deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

6.6. CAMBIO DE MODALIDADE NO BACHARELATO

Os criterios para o cambio de modalidade serán os establecidos pola Resolución anual, Anexo III, onde se ditan as instrucións para o presente curso.

Actualmente establece:

1. O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do primeiro curso, e antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso.
2. Ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade (ou itinerario na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais) pola que remata; catro materias de opción do bloque de materias troncais das que polo menos tres deben ser da modalidade pola que remata, das cales dúas serán de segundo curso; a materia de Educación Física; a materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura e un mínimo de catro do bloque de materias específicas das cales dúas serán de primeiro e dúas de segundo.
3. A autorización de cambio de modalidade ou de itinerario, para o alumnado matriculado en centros privados, será realizada pola dirección do centro público ao cal estean adscritos, que deberá ter en conta o correspondente informe elaborado pola dirección do centro.
4. Cambio de modalidade ao promocionar a segundo.

O alumnado que promocioe ao segundo curso poderá cambiar de modalidade ou de itinerario, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, de acordo coas seguintes condicións:

- a) Deberá cursar, da nova modalidade ou do novo itinerario, as materias xerais do bloque de materias troncais de segundo e, no seu caso, as de primeiro que non tivera superado.

- b) Deberá cursar a materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
- c) Non será necesaria a superación da materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.
- d) Deberá cursar, da nova modalidade, dúas materias do bloque de materias troncais de opción de segundo curso, e polo menos unha de primeiro curso.
- e) As materias troncais de opción de primeiro curso superadas, da modalidade que abandona, poderán computarse: unha delas como materia troncal de opción da nova modalidade, e outra como materia específica de primeiro da nova modalidade.
- f) A materia xeral superada do bloque de materias troncais propia da modalidade ou do itinerario que abandona de primeiro curso poderá computarse como materia específica de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
- g) Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases das materias de primeiro que deba cursar como consecuencia do cambio de modalidade, estas materias trataranse de forma análoga ás pendentas e os departamentos didácticos que as imparten proporán ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e programarán probas parciais para verificar a superación desas materias.

5. Cambio de modalidade ao permanecer un ano máis no segundo curso.

O alumnado que ao finalizar o segundo curso teña avaliación negativa nalgunha materia poderá cambiar de modalidade ou de itinerario nas condicións xerais establecidas nos puntos anteriores deste artigo.

6. Dos cambios de modalidade ou de itinerario deixarase constancia mediante dilixencia no historial académico e no expediente académico.

Antes de formalizar a matrícula, o alumnado ou os seus representantes legais poderán acudir ao departamento de orientación para solicitar información sobre o seu caso concreto e determinar de que materias tería que matricularse.

6.7 ELECCIÓN NO SEGUNDO CURSO DE MATERIAS CONDICIONADAS Á SUPERACIÓN DAS CORRESPONDENTES MATERIAS DO PRIMEIRO CURSO

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no CAPÍTULO III, artigo 36:

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

Os criterios de elección de materias serán os establecidos pola Resolución anual, Anexo III, onde se ditan as instrucións para o presente curso.

Actualmente establecen:

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar:

- a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.
- b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e

avaliables, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

Esta materia de primeiro curso non computará en ningún caso como materia exixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumno promocionou ao segundo curso.

Cando, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

Establécese o seguinte procedemento para o noso Centro:

- Os alumnos e alumnas que promocionando de primeiro a segundo curso, estean interesados en cursar materias que segundo o anexo VI do Decreto 86/2015 teñan prelación con materias de primeiro, deberán solicitalo mediante escrito dirixido á Dirección do Centro **durante o mes de maio**.
- O Director ou Directora dará traslado ao departamento didáctico correspondente, que aplicará o procedemento establecido para determinar se o alumno ou a alumna pode seguir con aproveitamento a materia de segundo curso.
- O departamento emitirá informe indicando o procedemento seguido e a decisión adoptada, dirixido á Dirección do centro, quen trasladará ao alumno ou aos seus representantes legais a necesidade ou non de cursar a materia de primeiro coa consideración de pendente.

6.8 TÍTULO DE BACHAREL

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no CAPÍTULO III, artigo 37:

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato, así como unha cualificación final de bacharelato igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

a) Cun peso do 60 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en bacharelato.

b) Cun peso do 40 %, a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

Así mesmo, conforme o disposto nos artigos 44.4 e 50.2 da Lei 2/2006, do 3 de maio, respectivamente, os alumnos e as alumnas que estean en posesión dun título de técnico ou de técnico superior, ou de técnico das ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderán obter o título de bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de materias troncais que como mínimo se deban cursar na modalidade e na opción que escolla o alumno ou a alumna.

No título de bacharel deberá facerse referencia a que o devandito título se obtivo da forma indicada no parágrafo anterior, así como a cualificación final de bacharelato, que será a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

2. O título de bacharel facultará para acceder ás ensinanzas que constitúen a educación superior, establecidas no artigo 3.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. No título de bacharel constará a seguinte información:

a) Modalidade cursada. No caso de alumnos e alumnas que desexen obter o título de bacharelato por máis dunha modalidade, faranse constar as modalidades que superaran na avaliación final.

b) Cualificación final de bacharelato.

4. A avaliación positiva en todas as materias do bacharelato sen superar a avaliación final desta etapa dará dereito ao alumno ou á alumna á obtención dun certificado que terá os efectos laborais e os académicos previstos nos artigos 41.2. b), 41.3. a) e 64.2. d) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Ademáis seguiranse as Instrucións publicadas na resolución anual para o presente curso.

6.9 MATRÍCULA DE HONRA

No Decreto 86/2015, de 25 de xuño na Disposición final 5ª, no punto 2, establécese:

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra aos alumnos e ás alumnas que demostren un rendemento académico excelente ao final de cada etapa para a que se outorga ou na avaliación final.

6.9.1 MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Seguiranse as Instrucións publicadas na resolución anual para o presente curso.

Actualmente no artigo 13 establece:

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do **cuarto curso**, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica (Acta do 19 de abril de 2018) e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

Criterios establecidos:

1. Maior nota media na ESO
2. Maior nota media nas materias troncais.
3. Maior nota media nas materias troncais de opción.
4. Maior nota media nas materias específicas.

6.9.2 MATRÍCULA DE HONRA NO BACHARELATO

No noso PEC recóllese a este respecto:

Criterios para determinar a concesión das matrículas de honra no caso de empate

1. Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.
3. A concreción curricular do bacharelato incluírá nas directrices xerais os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado.”

No suposto de que dous o máis alumnos ou alumnas obteñan a mesma nota media no 2º de bacharelato, e non haxa lugar a un maior número de matrículas de honor, se terá en conta a efectos de desempate a seguinte prelación recollida no PEC do centro.

- a. Maior nota media nos dous cursos de bacharelato
- b. Maior nota media nas materias comúns de segundo de bacharelato.
- b. Maior nota media nas materias de modalidade de segundo de bacharelato.
- c. Maior nota na materia optativa de segundo de bacharelato.
- d. De persistir o empate terá lugar un sorteo.

No centro acordouse en CCP do 16 -V-2017 que a selección, no caso da existencia de mais do 5% do alumnado con nota superior a nove , outorgarase a nota máis alta a partir do 9 considerando os decimais.

6.10 PROTOCOLO DE SOLICITUDE DE COPIA DE EXAMES

Seguindo as instrucións facilitadas polo servizo de inspección, o alumnado poderá solicitar por escrito e vía rexistro unha copia do exame realizado por este. No caso de menores, serán os responsables os que terán que realizar a solicitude. O departamento facilitará dita copia ao solicitante, dita copia entregarase a través da secretaría con rexistro de saída.

6.11 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN

Seguiranse a normativa vixente e o procedemento establecido para o presente curso, Anexo IV, publicadas pola Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa para 2º de bacharelato.

Actualmente están vixentes as seguintes instrucións:

PROCEDEMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS NOS CENTROS

Próximo o final do curso, cómpre lembrar aspectos básicos dos protocolos que rexen as reclamacións do alumnado sobre cualificacións finais.

I.- SECUNDARIA (ESO E 1º BACHARELATO), FP e ENSINANZAS ESPECIAIS

1.- Normas xerais para a reclamación diante dos Departamentos Didácticos

- Despois das aclaracións oportunas co profesor, se procede, o/a alumno/a (nos casos de maiores de 18 anos) ou o seu representante legal, pai/nai (nos casos de menores de 18 anos), poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación no prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación, baseada nos puntos seguintes que contempla a normativa (1, 2 e 3, máis adiante especificados). Débese ter en conta que unha reclamación que non se axuste a estes puntos non poderá ser atendida. En todo caso, é necesario contestar aclarando que non se adapta á normativa, dándolle novo prazo (2 días) de emenda de erros formais polo que se aconsella establecer modelo normalizado do propio centro para as reclamacións e evitar estas cuestións (achegase no anexo modelo orientativo).

- A solicitude de revisión, que conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación, consonte aos puntos citados, será tramitada polo xefe de estudos, que o trasladará ao xefe de departamento, que o comunicará ao profesor titor do alumno/a.

- No proceso de revisión da cualificación, os profesores do departamento contrastarán: a) Adecuación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica. b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica. c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación do ámbito ou materia. - No primeiro día lectivo seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, o departamento procederá ao estudo das solicitudes e emitirá un informe (achegase no anexo modelo orientativo), motivado e razoado, que recolla:

- Descrición de feitos e actuacións previas que teñan lugar.
 - Análise realizada conforme ao punto anterior.
 - Decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.
- O xefe de departamento dará traslado ao xefe de estudos do informe elaborado, o cal comunicará por escrito aos pais do alumno/a a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará da mesma ao profesor titor ou titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado.
- O xefe de estudos e o profesor titor considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria á xunta de avaliación, no caso de rectificación de cualificacións.
- Para a decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno/a da ESO pola xunta de avaliación, celebrarase no prazo máximo de dous días lectivos desde a finalización de solicitude de revisión unha reunión extraordinaria. No acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que haxan ter lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada conforme aos criterios para a promoción dos alumnos e alumnas establecidos con carácter xeral na proposta curricular. É moi importante que a acta conteña motivación e xustificación suficiente da decisión adoptada para evitar calquera dúbida de arbitrariedade.

O profesor titor recollerá en acta as decisións adoptadas. O xefe de estudos comunicará por escrito ao alumno/a ou pais a ratificación ou modificación, razoada, da decisión de promoción ou titulación, o cal poñerá termo ao procedemento de revisión

- Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación, o secretario do centro fará a oportuna dilixencia, visada polo director en:

- Actas
- Expediente académico

2.- Proceso de reclamación diante da Xefatura Territorial:

- No caso de que, tralo procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción adoptada polo equipo docente, o alumno ou alumna, ou os seus pais, nais ou titores legais, poderán presentar por escrito á Dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir da última comunicación, reclamación ante as Xefaturas Territoriais, a cal tramitarase polo procedemento sinalado a continuación:

- A Dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, remitirá o expediente á Xefatura Territorial. Devandito expediente incorporará os informes elaborados no centro, os instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna, así como, no seu caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do director ou directora achega das mesmas.

- Para evitar demoras, evitando incorrer en responsabilidades administrativas, unha copia do expediente deberá ser remitido á sede da Inspección educativa correspondente (Pontevedra ou Vigo) por mensaxería urxente ou entrega persoal ao inspector/a, sen prexuízo da presentación no rexistro correspondente, consonte as normas de procedemento administrativo.

3.- Confección do expediente de reclamación.

1.- Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno/a e a unha soa materia.

2.- Os documentos que conforman cada expediente son os seguintes:

- Copia da reclamación razoada presentada polo alumno/a ou polos seus representantes legais.
- Escrito do alumno/a ou dos seus representantes legais manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.
- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión

- Copia da Programación Didáctica/Guía docente do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos e os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación da materia.

- Copia dos rexistros de avaliación que o profesor/a realizase sobre o alumno/a ou alumna reclamante

- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo do reclamante.

- Informe do director do centro, no que conste as datas de entrega das notas e das distintas comunicacións ao alumnos/as ou aos seus pais. 3.- No caso da convocatoria ordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporárase a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.

- Copia dos exames, traballos, gravacións de audicións, concertos, ou representacións teatrais, e demais material elaborado polo devandito alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación.

4.- No caso da convocatoria extraordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporárase a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.

- Copia da citada proba extraordinaria, ou gravacións en soporte informático, en caso das Ensinanzas Artísticas Superiores.

Asemade, no caso de non constar dun xeito claro na programación didáctica, é de vital importancia para unha axeitada valoración das probas, enviar os criterios de corrección e puntuación dos instrumentos de avaliación empregados.

No prazo de quince días para ESO e Bacharelato e de dez días para FP e Ensinanzas Especiais, a partir da recepción do expediente, tendo en conta o Informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, o Xefe Territorial adoptará a Resolución pertinente, que será motivada

en todo caso, e que se comunicará ao Director do Centro para o seu traslado ao interesado. A Resolución do Xefe Territorial pon fin á vía administrativa.

7. DIRECTRICES E DECISIONS REFERIDAS Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.

7.1 CONCEPTUALIZACIÓN

Entenderemos por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. (Artigo 3, D. 229/11)

7.2 PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa. (Artigo 4, D 229/11).

7.3 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A resposta ás necesidades educativas concretas do alumnado implica un proceso que identifique e valore estas necesidades de forma precisa, garanta o desenvolvemento persoal, escolar e social e oriente ao profesorado no seu labor educativo, constituíndo o paso previo á intervención educativa.

Como centro de secundaria, a detección temperá da maior parte das dificultades do alumnado detéctase desde os centros de Primaria, a través das reunión de coordinación cos Departamentos de Orientación dos CEIP da zona educativa e dos expedientes que nos remiten no proceso de admisión e matrículas do alumnado. Desde o IES continuamos o proceso de detección de necesidades a través da avaliación inicial por parte do profesorado e da avaliación xeneralizada do Dep. de Orientación.

A **avaliación inicial** constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Forman parte desta avaliación inicial os seguintes procedementos:

- Revisións dous expedientes do alumnado e da avaliación de competencias do curso anterior.
- Reunión inicial grupal dos pais/nais e entrevista persoal coas familia.
- Preavaliación: Sesión de avaliación que se realizará non mes de outubro.
- Entrevistas de titoría (titor/a, familia e/ou orientación- familia).
- Ademais, no caso do alumnado que se incorpora a 1º de ESO, será preciso:
 - Revisión do Informe de Avaliación Final de Etapa e do Historial Académico da Ed. Primaria.
 - Outra documentación que achegue ou Departamento de Orientación do CEIP correspondente.
 - Documentación que achegue a familia no momento da matrícula.
- Solicitude de información ós Servizos Sociais do Concello correspondente, non caso de que exista expediente social aberto.

- Avaliación Xeneralizada no mes de setembro nas materias de Lingua Galega, Castelá e Matemáticas por parte do departamento de Orientación.
- Avaliación Individual nos casos que se detecten dificultades e avaliación psicopedagóxica se cómpre.

Complementaria á avaliación inicial é a **avaliación continua** que tratará de revisar e mellorar o proceso de ensino aprendizaxe e que nos permite modificar as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo.

Esta avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, cun enfoque formativo que se centra en aspectos que se consideran de interese para a mellora do proceso educativo, non só se valora o coñecemento, senón tamén as habilidades, capacidades e competencias. Concrétase en:

- Avaliacións trimestrais ordinarias.
- Avaliación extraordinaria.
- Reunións de equipo educativo e/ou titores/as coa xefatura de estudos e orientación.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, no seu caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

Algunhas medidas de atención á diversidade, tales coma a Adaptación Curricular, precisan que se desenvolva unha **avaliación psicopedagóxica** e que esta se reflecta nun Informe Psicopedagóxico

A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, da contorna familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, no seu caso, dos equipos de orientación específicos.

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no que deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións considérense oportunas. Este informe achegarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

7.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Artigos 7, 8 e 9 D 229/11)

Entenderemos por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

7.4.1 MEDIDAS ORDINARIAS

As medidas ordinarias de atención á diversidade son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

7.4.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Consideraremos medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. Dado que se trata dunha medida extraordinaria que supón unha atención personalizada se proporá unha vez esgotadas outras de carácter ordinario. Se o apoio se leva a cabo fóra da aula a ratio será dun máximo de 3 alumnos/as e co límite dun tercio da xornada escolar..
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para

unha asistencia continuada a un centro educativo.

- Grupos de adquisición das linguas. O profesorado encargado na ESO pertencerá preferentemente as especialidades de tipo lingüístico.
- Grupos de adaptación da competencia curricular

7.4.3 MEDIDAS ORGANIZATIVAS E CURRICULARES (artigos 7, 17, 18, 19, 20 D. 86/15)

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

- Integración de materias en ámbitos de coñecemento.

Coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, o centro poderá agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento. Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non así nas decisións asociadas á avaliación e á promoción.

- Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo

A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá una atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Os alumnos e as alumnas que presenten un desfacemento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa

integración escolar e a recuperación do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento os estudos. No caso de superar o devandito desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

- Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)

1. Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúe unha medida de atención á diversidade que irá dirixida preferentemente a alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo.

O equipo docente poderalles propor aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento dos/das alumnos/as que repetisen cando menos un curso en calquera etapa e que, logo de cursado o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de promoción ao segundo curso, ou que logo de cursar o segundo curso non estean en condicións de promoción ao terceiro. O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto, ou só en terceiro curso no segundo suposto.

Os alumnos e as alumnas que, cursando terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, non estean en condicións de promoción ao cuarto curso poderán incorporarse excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir terceiro curso.

Nos devanditos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

A incorporación aos mesmos requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou titores/as legais.

7.4.4 OUTRAS MEDIDAS E PROTOCOLOS

- **FPB**

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 107/2014, para acceder a este programa é preciso que o alumno ou a alumna cumpran de forma simultánea os seguintes requisitos:

- a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

- PLAN DE CENTRO PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR (R. 31 outubro de 2017):
- REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO (PROA). Modalidade de acompañamento escolar fóra do horario lectivo (4 horas semanais).
- MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE 3º E 4º ESO
- MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA
- XORNADAS DE ACOLLIDA

Ao final de curso, titores e alumnado de 6º de primaria asisten no instituto a unha xornada de presentación na que son os nosos alumnos colaboradores os que ensinan as instalacións e explican como funciona un instituto de secundaria. Pola tarde son os pais e nais deste alumnado novo os que se achegan para facer o mesmo percorrido e coñecer ben o lugar onde pasará un tempo importante da súa vida o seu fillo ou filla.

- **ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA (Artigo 25 D.229/11).**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinados de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

A) Longa hospitalización: máis de trinta días.

B) Media hospitalización: entre quince e trinta días.

C) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

- **ALUMNADO SOMETIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA (Artigo 27 D.229/11).**

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral, sendo considerado este alumnado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. O centro adoptará as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

- **ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU ACOSO ESCOLAR. (Artigo 28 D.229/11).**

O centro educativo prestará atención especial á inclusión e normalización do devandito alumnado.

- **ALUMNADO PERTENCENTE A FAMILIAS ITINERANTES. (Artigo 29 D.229/11).**

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de maneira continuada.

A consellería con competencias en materia de educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros da contorna onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, a fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe.

O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo a outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, previa petición deste, a información pertinente.

- **ATENCIÓN EDUCATIVA A MOZAS EMBARAZADAS.(Artigo 31 D.229/11).**

A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, de 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, no seu caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e cos deberes da maternidade e da paternidade.

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se fixese cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a que se lle autorice, pola administración educativa, a súa asistencia intermitente ao centro no que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

- PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA.
- PROTOCOLO PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.
- PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA NOS ÁMBITOS EDUCATIVOS E SANITARIOS.
- PROTOCOLO TRATAMENTO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA).
- ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA
- PROTOCOLO IDENTIDADE DE XÉNERO.
- PROTOCOLO PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA

NO ÁMBITO EDUCATIVO.

- PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO COA SÍNDROME DE DOWN E /OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

7.5 O PROGRAMA DE REFORZO DE MATERIAS NON SUPERADAS

No artigo 23 no punto 3, do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establécese o programa de recuperación para o alumnado que promociona con materias pendentes.

“Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo”. Este programa formará parte da programación do departamento correspondente e terá como meta axudar ao alumno/a na consecución dos obxectivos mínimos correspondentes ao curso no que non superou a materia.

Os pais ou tutores legais e o alumno ou alumna serán informados ao principio de curso (no prazo dun mes dende o comezo da actividade lectiva) sobre o contido do programa de reforzo.

A elaboración do programa, así como a súa aplicación e avaliación será responsabilidade do profesor que lle imparte a materia se esta ten continuidade e o alumno está a cursala, e do Xefe do Departamento en caso contrario.

No programa de recuperación deberá figurar:

1. O plan de traballo e as actividades de recuperación que deba realizar o alumnado.
2. O sistema de avaliación e a programación das probas parciais que se organicen para verificar a recuperación das dificultades que motivaron a non superación da materia.
3. O profesorado responsable do seguimento, aplicación, avaliación e cualificación da materia non superada.
4. As sesións lectivas específicas que se destinen á aplicación do programa de recuperación, se a organización do centro o permite.

Canto antes, unha vez iniciado o curso, os tutores comunicaran ás familias afectadas a existencia de materias pendentes na matrícula dos seus fillos e fillas.

Así mesmo, o profesor ou profesora responsable do seguimento, aplicación e avaliación da materia pendente, en colaboración co titor ou titora do grupo, informará con detalle ao alumnado afectado do plan de recuperación.

Modelo vixente do centro:

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

De conformidade coa lexislación vixente e no cumprimento do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no apartado 3 do artigo 23, onde se establece que o alumnado que promocióne sen superar todas as materias ha de seguir un Programa de Reforzo e superar as avaliacións correspondentes a devanditos programas.

O Equipo Educativo do alumno/a con materias pendentes establecen o seguinte Programa de Reforzo:

Profesor/a encargado do seguimento e avaliación:		Materia:
Grupo clase:	Curso escolar:	
Alumno/a :		

- 1. Proposta de actividades, estratexias, material e exames:**
- 2. Contidos mínimos e criterios de avaliación:**
- 3. Criterios de calificación:**
- 4. Seguimento do alumno durante o curso**

Asdo:

O profesor/a D/Dna: _____

7.6 PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO QUE NON PROMOCIONE

Segundo o apartado 6 do artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, a medida de repetición deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

No mesmo artigo determínanse as circunstancias nas que o alumnado podería permanecer unha ano máis no mesmo curso, de onde se desprende que podería chegar a repetir con soamente dúas materias non superadas, dando lugar, por tanto, a situacións de repetición moi diferentes.

Desde o punto de vista de cada materia, a situación na que se pode atopar un determinado alumno ou alumna que permaneza un ano máis no mesmo curso, podería ser diferente segundo as circunstancias que producen a súa repetición:

- Alumnado que, sen promocionar, superou a materia folgadoamente o curso anterior e que por tanto atópase en clara vantaxe respecto ao resto da clase.
- Alumnado que superou a materia con certa dificultade ou que suspendeu de maneira moi axustada. Estaría en condicións similares co que os seus compañeiros e compañeiras.
- Alumnado que non superou a materia e que presentou no curso anterior serias dificultades para poder chegar a facelo. Nese caso atoparíase en situación de desvantaxe respecto ao resto.

Polo tanto, cada profesor ou profesora, ao comezo de curso solicitará, coa axuda do resto do departamento e da Xefatura de estudos, a información necesaria para determinar a situación na que se atopa o alumnado repetidor ao seu cargo respecto da súa materia e elaborará un informe personalizado.

Este informe recollerá para cada alumno ou alumna o tipo de actividades que realizará segundo os contidos que se impartan en cada momento, podendo ser as mesmas, supoñer un reforzo ou unha ampliación respecto das que desenvolvan o resto de compañeiros e compañeiras de clase.

Unha copia do devandito informe deberá ser custodiada no seo do departamento e baixo a responsabilidade da persoa encargada da xefatura do mesmo.

Este informe poderá ser obxecto de revisión e/ou modificación ao longo do curso por parte do profesorado, sendo necesario reflectir no acta de departamento as intervencións que sobre el se realicen.

A Xefatura de Estudos facilitará un modelo de informe que será consensuado no seo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Modelo vixente do centro:

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO QUE NON PROMOCIONE DE CURSO

*Os motivos polos que un alumno/a debe permanecer un ano máis no mesmo curso poden ser variados, por falta de coñecementos, habilidades básicas, por falta de motivación e interese, por falta de hábitos de traballo, por falta de técnicas de estudo, ou por dificultade a hora de asimilar a información. Segundo as causas, o Equipo Educativo do alumno repetidor, **no cumprimento do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no apartado 6 do artigo 23, propón aplicar as seguintes medidas metodolóxicas que pretenden favorecer a mellora do seu aprendizaxe así como o desenvolvemento e adquisición das competencias clave.***

Titor/a:	
Grupo clase:	Curso escolar:
Alumno/a :	

1. Datos significativos recollidos no expediente do alumno/a:

Alumno/a do centro	Alumno/a trasladado
	Centro
a) Repeticións anteriores	Curso/s:
b) Materias pendentes	
c) Medidas de atención a diversidade recibidas	Desd. <input type="checkbox"/> RE <input type="checkbox"/> Ex.Fr <input type="checkbox"/> Apoio <input type="checkbox"/> AC <input type="checkbox"/>

2. Resultados da Avaliación Inicial:

Competencias	*Calificación
Comunicación lingüística	
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	
Competencia dixital	
Conciencia e expresións culturais	
Aprender a aprender	
Competencias sociais e cívicas	
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	

*In, Suf, Ben, Not, Sob

Análise de puntos fortes e débiles:

Puntos Fortes:	
<input type="checkbox"/> Asistencia regular a clase	<input type="checkbox"/> Cumprimento das normas
<input type="checkbox"/> Hábito de estudo	<input type="checkbox"/> Fai as súas tarefas
<input type="checkbox"/> Boa capacidade de aprendizaxe	<input type="checkbox"/> Mantén a atención
<input type="checkbox"/> Interese motivación	<input type="checkbox"/> Colaboración familiar
<input type="checkbox"/> Outros	
Puntos Débiles	
<input type="checkbox"/> Asistencia irregular a clase	<input type="checkbox"/> Incumprimento das normas
<input type="checkbox"/> Hábito de estudo	<input type="checkbox"/> Non fai as súas tarefas
<input type="checkbox"/> Dificultades na aprendizaxe	<input type="checkbox"/> Non mantén a atención
<input type="checkbox"/> Falta de Interese e motivación	<input type="checkbox"/> Colaboración familiar
<input type="checkbox"/> Outros	

3. Plan de Intervención:

*Desdobres	
*Reforzo Educativo	
*Exención de Francés	
Asistencia ao Proa/Reforzo de Competencias Clave	
Reorientación Académica	
Entrevista co alumno/a que leve compromiso da súa parte	
Comunicación coa familia	
Seguimento da evolución do alumno/a	
* Apoio Educativo (PT)	
ACI	

**sempre que as medidas organizativas do centro o permitan e así se recomende na Xunta de Avaliación*

5. Desenvolvemento do Plan de intervención

Intervencións	Seguimento
Desdobres	Encargarase o profesor que lle imparta o desdobre.
Reforzo Educativo	No caso do alumnado de 1º e de 2º ESO o reforzo das materias instrumentais, será considerado dende o Dpto. de Orientación e comunicado ao Equipo Directivo. Nos demais casos, cada profesor da materia aplicará dito reforzo cando así o considere contando coa opinión do Dpto. de Orientación; quedará reflectido no xade, comunicado a Xunta de Avaliación e comunicado as familias no Boletín de cada avaliación.
Exención de Francés	
Asistencia ao Proa Reforzo de Competencias Clave(RCC)	O alumnado que asista ao Proa/RCC será proposto polo Equipo Educativo coa colaboración do Dpto. de Orientación, consensuado nunha reunión do Equipo Educativo coa xefatura e o Dpto. de Orientación. Os pais deben autorizar dita asistencia.

Reorientación Académica	No caso de que exista a posibilidade de facer unha reorientación das materias do alumno/a, esta farase cunha intervención previa do Dpto. de Orientación que manterá unha entrevista co alumno/a e posteriormente comunicaráselle a familia.
Entrevista co alumno/a que leve compromiso da súa parte	Será realizada polo Dpto. de Orientación durante o meses de setembro ou outubro.
Comunicación coa familia	Será levada a cabo polo profesor tutor/a cos medios que conveñan en cada momento (por escrito, vía telefónica ou presencial).
Seguimento da evolución do alumno/a	Farase cargo de dito seguimento o profesor tutor/a.
Apoio Educativo	Dita intervención será decidida polo Dto. de Orientación e comunicada ao Equipo Educativo do alumno/a.
ACI	Decidirase a súa pertinencia preferentemente na xunta de Avaliación

Asdo.:

O Titor/a D/Dna: _____

8. AS DIRECTRICES XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Seguiranse as Instrucións publicadas na resolución anual para o presente curso.

Actualmente no Artigo 27 establece:

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.
3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:
 - a) Introducción e contextualización.
 - b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
 - c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica establecerá as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas dos departamentos.

Cando se detecten dificultades de aprendizaxe nun alumno ou alumna, o profesorado poñerá en marcha medidas de carácter ordinario, adecuando a súa programación ás necesidades do alumnado, adaptando a metodoloxía ou a temporalización e, no seu caso, realizando adaptacións non significativas do currículo.

Os departamentos realizarán un seguimento mensual da programación docente que constará nas actas do departamento.

Nas programacións figurará o procedemento de seguimento e avaliación docente, cando se realizará, os responsables, e os instrumentos e procedementos que se utilizarán para realizar a avaliación.

Indicadores de logro da programación:

- Resultados da avaliación do curso en cada unha das materias, por curso e grupo.
- Adecuación dos materiais, recursos didácticos e distribución, no seu caso, de espazos e tempos á secuenciación de contidos e criterios de avaliación asociados.
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas á mellora dos resultados obtidos.

9. AS ORIENTACIÓNS XERAIS PARA INTEGRAR A AVALIACIÓN EN VALORES E PARA O EXERCICIO DA CIDADANÍA E OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO

As orientacións xerais para integrar a avaliación en valores e para o exercicio da cidadanía e os elementos transversais do currículo que se enuncian no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, no seu artigo 6.

No artigo 6 “Elementos transversais” do RD 1105/2014, do 26 de decembro, (B.O.E. do 3 de xaneiro de 2015), contéplanse unha serie de aspectos, que no seu maior parte encomenda ás Administracións educativas para a súa incorporación a través dos currículos ou para o seu fomento a través da adopción de diferentes medidas. Outros teñen que ser contemplados como elementos transversais nas programacións das diferentes materias. A continuación recóllense algún destes aspectos contemplados no citado artigo e o seu desenvolvemento no noso Centro:

No punto1: “Na Educación Secundaria Obligatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias” .

No noso Centro estes aspectos quedarán recollidos nas Programacións Docentes elaboradas polos diferentes Departamentos.

No punto 2 indícase “A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico”. “Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación”.

Ademais destes valores, o noso IES asume como propios os que figuran claramente expresados no noso Proxecto Educativo de Centro. Son a liberdade, a igualdade, a legalidade, a solidariedade, a tolerancia, a aconfesionalidade e o pluralismo. Estes valores pódense resumir en VALORES DEMOCRÁTICOS.

No punto 3 para o desenvolvemento do espírito emprendedor indícase que se “fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico”.

No noso Centro existen materias que desenvolven de maneira moi específica o espírito emprendedor, a confianza nun mesmo e a iniciativa empresarial. No resto das materias fomentaranse as actitudes mencionadas no parágrafo anterior, mediante traballos, debates, proxectos...etc.

As estratexias para o tratamento dos elementos transversais do currículo propios de cada departamento poderán consultarse no Anexo V.

10. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Son numerosos os programas nos cales o IES de Ponte Caldelas participa ao longo do curso así como as actividades que tradicionalmente se realizan no centro, isto non impide que cada curso podan realizarse modificacións.

No Anexo I pódense consultar a información necesaria sobre os programas nos cales participa o centro durante cada curso.

RELACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES NOS CALES TEN PARTICIPADO O CENTRO	
BIBLIOTECA	PLAMBE
	CLUBS DE LECTURA
CONTRATOS PROGRAMA	PROA
	REFORZO
	MELLORA DA EXCELENCIA
PLAN PROXECTA	FROITAS NA ESCOLA
	PROXECTO TERRA
	PROXECTO RÍOS
	XOGADE
	O MONTE VIVO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	XORNADA DE ACOLLIDA
	QUÉROTE+
	MAGOSTO SOLIDARIO
OUTROS: Dinamización da Convivencia, Departamento de Extraescolares, EDLG...	CUSTODIA DO TERRITORIO
	MAGOSTO
	DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
	NADAL
	ENTROIDO
	DIA DA MULLER
	DÍA DAS LETRAS GALEGAS
	XORNADA DE CONVIVENCIA

11. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO

A Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa no seu artigo 33 expón o seguinte:

Artigo 33. Acceso das nais e pais ou das titoras ou titores ao profesorado e aos equipos directivos dos centros docentes.

1.As disposicións que regulen a distribución do horario semanal individual do profesorado garantirán a dispoñibilidade deste, teña ou non a condición de titor, para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

2.Garantirase igualmente a dispoñibilidade dos membros dos equipos directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.

3.Ao dar cumprimento ao previsto neste artigo, coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.

Ademais do establecido neste artigo, durante o mes de maio celébrase unha Xornada de Acollida para os pais do alumnado que entrará en 1º da ESO durante o vindeiro curso e ao principio de cada curso celébrase unha reunión entre as familias de todo o alumnado do centro, o equipo directivo, orientadora e titores do alumnado.

Outra vía de comunicación entre as familias e os profesores é mediante o uso da axenda escolar que o IES reparte gratuitamente aos alumnos de 1º e 2º ESO. Nesta axenda existe un apartado específico para as comunicacións entre as familias e o profesorado.

Na mesma lei 4/2011, na súa disposición adicional segunda expón:

Disposición adicional segunda. Medios electrónicos de comunicación.

A Administración educativa fomentará a xeneralización nos centros docentes da utilización de medios electrónicos de comunicación coas nais e pais ou coas titoras ou titores do alumnado, co obxecto de axilizar a comunicación con estes e facilitarlles así o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas

De acordo con esta disposición o IES mantén a súa páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespontecaldelas/> actualizada publicando todas as novas de interese para o alumando e as súas familias: prazos de matrícula, datas de exames, convocatorias de axudas,...

Co obxecto de axilizar a comunicación, o IES emprega apps e programas que permiten contactar dun xeito instantáneo coas familias mediante o envío de mensaxes aos seus teléfonos móbiles (anteriormente un programa de envío masivo de SMS, agora a aplicación Tokapp School...)

En canto a medios electrónicos de comunicación co alumnado, o IES dispón dunha aula virtual coa que alumnado pode desfrutar dun entorno virtual de ensinanza-aprendizaxe.

Ademais o IES dispón dun dominio @iespontecaldelas.com mediante o cal lle proporciona ao alumnado un enderezo de correo electrónico que lle permite acceder, durante a súa permanencia no IES, a todos os servizos ofrecidos por Google para Educación..

12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE


A información que proporciona a avaliación servirá como punto de referencia para a actualización pedagóxica. Será ser individualizada, personalizada, continua e integrada:

- A dimensión individualizada contribúe a ofrecer información sobre a evolución de cada alumno, sobre a súa situación con respecto ao proceso de aprendizaxe.
- O carácter personalizado fai que a avaliación tome en consideración a totalidade da persoa. O alumno toma conciencia de si, responsabilízase.
- A avaliación continuada e integrada no ritmo da clase informa sobre a evolución dos alumnos, as súas dificultades e progresos.

As actividades de avaliación faranse como actividades didácticas formativas, que nos axuden a tomar conciencia de xeito obxectivo do grado de aproveitamento do alumnado e asómesmo colaboren a mellorar o seu propio coñecemento, os seus hábitos de traballo e estudo e, en definitiva, o seu rendemento académico.

O grado de consecución final obtido polos alumnos respecto de os obxectivos didácticos suscitados en cada Unidade avaliarase a través das probas de avaliación que se estime necesario aplicar, e a través das actividades correspondentes.

A avaliación do alumnado levarase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- Seguimento do traballo diario a través da observación directa, os exercicios de clase e de casa, o caderno e os traballos en grupo.
 - Valoración das actividades prácticas realizadas na clase ou no horario extraescolar.
 - Realización de probas específicas escritas ou orais que realizan periodicamente (relacionadas cos contidos teóricos da materia).
 - Valoración da actitude en clase.
- 

12.1 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- Periodicidade coa que se revisará: farase unha revisión o final de cada trimestre.
- Recollerase no libro de actas dos Departamentos. os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista. Tamén anotaranse no mesmo as medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Grao de desenvolvemento das estratexias complementarias e actividades previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

12.2 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

12.3 MODELO DE INFORME DA AVALIACIÓN FINAL DE 4º DE ESO

Empregarase o modelo do Consello Orientador para Educación Secundaria Obrigatoria que xenera o XADE.

ANEXOS CONCRECIÓN CURRICULAR**ANEXO I PROGRAMAS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO DURANTE
O PRESENTE CURSO****I. A BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROGRAMA PLAMBE: RECURSOS, ORGANIZACIÓN
DIFUSIÓN E FUNCIONAMENTO.**

A Biblioteca do noso Centro -Pontenabiblio- forma parte do programa PLAMBE dende o curso 2009-2010, ano no que fomos seleccionados trala presentación dun proxecto elaborado pola responsable da biblioteca en colaboración con profesorado que formaba parte do Equipo de dinamización. A inclusión do noso I.E.S neste programa vinculado á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería supuxo, dunha banda, unha inxección importante de orzamento nos dous primeiros anos para a adquisición tanto de fondos como de mobiliario, equipos informáticos e dotación en audiovisuais e que cada curso escolar dende entón, en menor contía, seguimos percibindo co fin específico da adquisición de fondos documentais. Doutra banda, a pertenza ao Programa PLAMBE foi decisiva para reflexionar sobre a nosa postura en relación coa dinamización e os procesos de lectura, escritura, procura e tratamento da información e aplicar dun xeito práctico ideas, recursos e intervencións novidosas que chegaron a nos ben dende a formación recibida ou dende a posta en común de compañeiros e compañeiras doutros Centros educativos, que, tamén formando parte desta rede PLAMBE, compartimos as mesmas inxedanzas pola lectura e aprendizaxes motivadores.

Dende entón ata o presente a Biblioteca Escolar, que ocupa un espazo físico de aproximadamente uns 100m² na planta baixa do edificio, constitúese como centro de recursos de lectura, información e de aprendizaxe a disposición de toda a Comunidade escolar, pero tamén eríxese no eixo vertebrador das actividades formativas e da vida cultural do Centro, intervindo dun xeito activo do seguinte modo:

- Asegurando á Comunidade escolar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.
- Proporcionando apoio aos programas de ensino-aprendizaxe.
- Dotando à Comunidade Escolar dos medios e as estratexias para procura e manexo da información.
- Desenvolvendo actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores e a dinamización dos recursos dispoñibles.
- Colaborando cos Departamentos nas estratexias e actividades deseñadas por estes encamiñadas á promoción da lectura e escritura.

- Potenciando os aspectos de compensación social ao fomentar o seu uso como ferramenta nos apoios escolares, programas de acompañamento e outras iniciativas compensatorias.

Por iso, aínda que con un espazo estable e propio, o “espírito” da Biblioteca chega a múltiples lugares do Centro e os seus materiais e recursos están “espallados” tamén por doquier.

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

FONDOS DOCUMENTAIS (Soporte escrito e audiovisual)

Contamos na actualidade con máis de **11.700** volumes dos cales a maioría preséntase en soporte escrito (**92,4%**), que abranguen diversos tipos – literarios, documentais, prensa e revistas-, cun equilibrio razoable nas linguas de referencia: fondos en lingua galega arredor do **40%**, fondos en lingua castelá arredor do **45%** e tan só un **7,2%** de documentos en outras linguas do curriculum empregadas polo alumnado (inglés, francés, latín, grego). Ademais a biblioteca conta cunha importante videoteca que se achega aos **875** exemplares aproximadamente (**17,6%** do total dos fondos), constituída polos xéneros de cine, documentais, música e programas didácticos,

No primeiro trimestre de cada curso facemos chegar aos distintos Departamentos **unha folla de suxestións** para a adquisición de novos fondos. O noso obxectivo é tentar levar a cabo unha selección adecuada de todo tipo de documentos, tendo en conta as diversas finalidades, os variados soportes e, sen dúbida, no maior número de linguas posible. Pero non só o Claustro intervén nesta tarefa de selección, puntualmente solicitamos información e as suxestións que nos podan chegar doutros axentes da Comunidade escolar, como o alumnado, as familias deste e mesmo a responsable da Biblioteca Municipal de Ponte Caldelas, coñecedora dos libros atractivos para estas idades, que poden servir para orientar a adquisición de títulos. Nesta adquisición de fondos empregase o orzamento anual que recibe o noso IES como biblioteca PLAMBE e que habitualmente ven concedido ao comezo de cada novo curso escolar.

MOBILIARIO E EQUIPOS INFORMÁTICOS.

A biblioteca conta con capacidade para aproximadamente uns **55** alumnos/as que sos ou acompañados polo profesorado poden facer uso da biblioteca para actividades de lectura informal, estudo, elaboración de tarefas académicas ou ben recibir formación en certas materias impartidas neste espazo.

A biblioteca está dotada de:

- **8 equipos informáticos para uso xeral e 1 para a xestión bibliotecaria.** Estes equipos informáticos consisten en un ordenador de sobremesa.
- **2 impresoras,** una monocromo e outra a cor

- **1 escaner,**

que poden ser empregados polo alumnado baixo a supervisión do/ profesor/a responsable da biblioteca nese momento.

- **1 lector óptico.** Para as tarefas de catalogación dos fondos contamos

A biblioteca dispón asemade dun **canón de proxección** e dunha **pantalla** que veñen sendo empregados tanto en tarefas de dinamización da lectura, como no uso da biblioteca como aula en certas materias impartidas nesta.

RECURSOS HUMANOS.

O equipo de dinamización da Biblioteca escolar está formado pola coordinadora da Biblioteca que é a encargada, como o seu nome indica, de coordinar as tarefas de organización, xestión e funcionamento levadas a cabo polo profesorado que forma parte do equipo e por ela mesma. As tarefas do Equipo de Biblioteca son entre outras:

- Suxestións e adquisición de fondos.
- Catalogación dos fondos adquiridos ou doados.
- Deseño de actividades de dinamización e promoción da lectura e escritura e colaboración cos Departamentos en actividades desta índole propostas dende eles.
- Apoio ao alumnado e ao profesorado na suxestión de lecturas e materiais relacionados co ámbito da alfabetización informacional e mediática;.
- Actualización dos canles de difusión da Biblioteca á Comunidade Escolar e a Sociedade- blogs, páxina Web do IES-.
- Elaboración da Memoria Anual de Biblioteca Escolar e a coordinación na elaboración do PLC e do PAL.

ORGANIZACIÓN.

Dos fondos

Os fondos que posúe a biblioteca están catalogados informáticamente, empregándose para tal tarefa o programa de xestión informática MEIGA, utilizado pola Rede Galega de Bibliotecas Públicas e Escolares. Os fondos tanto documentais como audiovisuais da Biblioteca do IES están organizados e etiquetados seguindo as normas da **CDU (Clasificación Decimal Universal)** nunha versión escolar para Secundaria

(adaptación de items e presentación en cores) preparada e recomendada dende Bibliotecas Escolares de Galicia.

. A maioría dos fondos cos que conta o I.E.S están ubicados no espazo físico ocupado pola Biblioteca no que poden ser atopados en diversos andeis, rotulados e etiquetados para tal efecto, pero tamén outra parte dos fondos documentais do Centro están ubicados en outros espazos diferentes: as bibliotecas de aula (en diferentes aulas- materia dos Departamentos), os Departamentos didácticos e nos andeis ocupados polos fondos da actividade “Hora de Ler” no corredor no que se atopa a sala de profesores e os despachos do Equipo Directivo

DE ESPAZOS

A biblioteca do Centro conta, dende o punto de vista espacial, cunha

distribución organizada en diversos espazos que pretende dar resposta as múltiples actividades que nela teñen lugar – zona de lectura, recuncho de encontro do club de lectura, zona de traballo académico, postos informáticos e os andeis nos que atopamos os fondos documentais e audiovisuais. Asemade no corredor no que se atopa a Biblioteca están distribuídas unhas mesa, nas que baixo o lema “**De paso... le**” son amosadas revistas, novidades e libros que gardan relación con algunha data sinalada ou actividade levada a cabo por algún Departamento. No vestíbulo tamén hai presenza de fondos da Biblioteca Escolar, en pequenas mesas habilitadas para tal fin.

Pero tamén, como xa mencionamos antes, podemos atopar fondos catalogados dende a Biblioteca noutros espazos do Centro – andeis que acollen aos fondos da actividade “**Hora de Ler**”, mesas expositoras de fondos montadas en datas conmemorativas, a mesa da actividade de auto empréstamo “**Bibliobac**”, novidade proposta polo Departamento de Galego, e non podíamos esquecer as “**Bibliotecas de Aula**”.

DIFUSIÓN.

Un dos nosos obxectivos, que ademais consideramos esencial, é dar a coñecer á Comunidade Escolar do Centro e tamén á sociedade en xeral o noso funcionamento, os nosos fondos, as actividades que levamos a cabo e, por suposto, contribuír ao fomento da lectura, escritura e alfabetización informacional e mediática, servindo de canle de difusión.

A Biblioteca do IES de Ponte Caldelas conta cunha serie medios en diversos soportes para tentar cumprir este obxectivo da difusión cultural.

Información as Familias e á Comunidade Escolar

- **Tríptico Informativo.** Ao inicio de cada curso escolar editamos un tríptico no que se recolle información xeral sobre a biblioteca sobre os recursos que posuímos, a organización destes e mesmo o funcionamento. Neste tríptico se invita a pais, nais o titores legais do alumnado a facerse socio/as a nosa Biblioteca.
- **Taboleiros informativos.** Na Biblioteca e na sala de profesores están expostos nestes taboleiros trípticos con información xeral de funcionamento da biblioteca e instrucións sobre á organización e procura de fondos e materiais, así como información sobre actividades (charlas, exposicións, concursos) relacionados co ámbito da lectura e da información.

Dos Fondos

Os fondos que posuímos, tanto en soporte escrito como audiovisual poden ser consultados para coñecer a súa disponibilidad e para recabar información sobre cada un deles a través da plataforma do OPAC MEIGA, onde se atopan catalogados. <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=PED067>

Dispoñemos ademais dun enlace directo a esta plataforma a través da páxina Web do I.E:S de Ponte Caldelas (na pestana BIBLIOTECA- CATÁLOGO)

Fomento e Dinamización.

Doutra banda, contamos con tres blogs:

- **Pontenabiblio.** O blog xeral da Biblioteca

<https://pontenabiblio.blogspot.com.es>)

- **Valdoslibros** O blog dos clubs de lectura.

[\(http://valdoslibros2.blogspot.com.es/\)](http://valdoslibros2.blogspot.com.es/)

- **Biblogcine** O blog no que se expon a colección de audiovisuais e as actividades levadas a cabo con estes

[\(http://biblogcine.blogspot.com.es/ \)](http://biblogcine.blogspot.com.es/)

que pretenden erixirse en canles de comunicación das actividades de fomento e dinamización lectora e informacional levadas a cabo pola Comunidade Escolar do IES.

FUNCIONAMENTO

De espazos e tempos.

A biblioteca conta cun horario de apertura o máis amplo posible dentro de a adaptación dos horarios dos membros do Equipo de Biblioteca. Nos períodos de recreo diario (11:30- 11:55) e mesmo no recreo dos luns despois da hora de comedor (15:15-16:15) o Equipo atende as tarefas de empréstamo e cuestións demandadas polo alumnado ou profesorado e familias. Tamén en as horas nas que hai gardas de dinamización de Biblioteca pódense realizar tarefas de atención á comunidade escolar.

Para tal fin esta exposto un horario na porta de entrada á biblioteca e na Conserxería do I.E.S hai unha folla de reserva deste espazo para a organización de actividades nel.

Normas de comportamento na biblioteca.

Para que a biblioteca escolar funcione correctamente e todo/as o/as usuario/as podan facer uso dela para actividades de lectura, de procura e tratamento da información e da realización de tarefas escolares é necesario cumprir as seguintes normas:

- Falar en voz baixa.
- Seguir as indicacións e recomendación do/a profesor/a encargado da Biblioteca no momento do seu uso.
- Colocar los libros que foran utilizados no lugar no que estaban ou ben deixalos enriba do posto usado, se non nos lembramos do seu lugar correcto.
- Non comer, agás comidas saudables (bocadillo, sandwich, froita) sempre tendo coidado de non manchar os libros nin mancar os equipos informáticos (Este permiso explícase pola necesidade que ten o alumnado de repoñer forzas e a existencia dun so recreo diario)
 - Non tirar restos de comida ou deixar restos de papeis senón é na papeleira.
 - Non entrar con móbiles en funcionamento, aparatos de música ou calquera outro elemento que afecte á orde.
 - Non andar deambulando dun lugar a outro sen facer traballo ou actividade propia da biblioteca para evitar que entorpezcan las actividades e funcións de todas as persoas que a utilizan.
 - Non tratar indebidamente os fondos (libros, revistas, audiovisuais): no deben mancarse, suliñarse, mancharse, pintarse.

- Non tratar indebidamente o mobiliario da biblioteca (manchar as cadeiras, pintar ou raiar as mesas)

O encargado da biblioteca poderá tomar as medidas oportunas en caso de incumplimento destas normas e o alumnado infractor poderá ser sancionado cun parte de apercibemento e/ou a prohibición temporal do acceso á biblioteca.

Normas de empréstamo/devolución dos fondos.

a. TIPOS DE EMPRÉSTAMO:

- **Individual.**
- **Colectivo:** á aula, departamento, equipos de ciclo, etc. O profesorado que leve en préstamo un número considerable de fondos deberá deixalos rexistrados nas follas que existen para tal fin e que se atopan no mostrador do posto de xestión na biblioteca, apuntando o número de rexistro do libro na táboa das follas.

b. TIPOS DE FONDOS E DURACIÓN DO EMPRÉSTAMO:

Os fondos da nosa biblioteca son de tres tipos:

- **Normal.**
- **De uso frecuente** (gomet verde) Libros de lectura marcados dende diversas materias
- **De consulta únicamente no espazo da biblioteca** (gomet vermello): Dicionarios, obras de referencia, obras que son consultadas por un gran número de usuarios, etc.

Segundo o tipo de fondo a duración do empréstamo é distinta, segundo estas normas:

- Os fondos en soporte escrito pódense emprestar **durante 15 días, prorrogables durante outros 15 días. Agás os fondos chamados de “uso frecuente” que só poden ser prestados durante 15 días.**
- Os fondos multimedia y audiovisuais son prestados **durante 7 días.**
- **O número máximo** de fondos que pode ter en préstamo un usuario es de **3.**
- O profesorado, persoal non docente, nais e pais poden levar en empréstamo ata **5 fondos** por un período de **60 días.**

- Existen empréstanos especiais de **Vacacións (Nadal, Verán) no que poden ser levados ata 5 fondos pola duración do período vacacional.**
- Se pode facer **reserva** dun fondo en empréstanos, falando coa profesora responsable da Biblioteca ou facendo directamente a xestión ao través do Soporte MEIGA (servizo online).
- Poden darse circunstancias de empréstanos especiais, en casos de alumnado con enfermidade que precise de estancia prolongada no seu domicilio. O servizo de empréstanos podería atenderse telefonicamente, e adaptar convenientemente os prazos.

c. CONTROL DO EMPRÉSTAMO:

Todos os membros da comunidade escolar teñen un carné de usuario cun número asociado. É recomendable presentar o carné para facer o empréstanos, pero tamén hai un listado no posto de xestión bibliotecaria onde figuran todos os membros da comunidade escolar co número de usuario/a correspondente a cada un deles. Este listado pode ser usado polo persoal responsable da biblioteca a falta do carné. O carné da biblioteca será renovado cada curso escolar mantendo o número de usuario/a, agás no caso de que o/a usuario/a cause baixa, circunstancia pola cal o número será reasignado a un/ha novo/a usuario/a.

O carné da biblioteca é persoal e intransferible.

d. RETRASO NA DEVOLUCIÓN:

- O alumnado que se demore en devolver os fondos en préstamo pode ser sancionado coa perda do dereito a empréstanos por un período similar ao do retraso.
- Se contempla a posibilidade de que esta sanción varíe segundo sexa o/a usuario/a concreto/a, as súas circunstancias, as súas reincidencias, etc.

Perda e/ou deterioro dos fondos:

- Se, a pesares do esforzo de concienciación do/as usuario/as, danse casos de deterioro dos fondos emprestados, hai que traelos no estado no que estean á biblioteca e non intentar arranxalos pola súa conta. O responsable da biblioteca sabe o xeito máis conveniente para reparalos.

- En caso de deterioro moi grave, que impida o seu uso ou se se trata da perda do exemplar, o/a usuario/a deberá repoñer o fondo mancado ou perdido. Se lles facilitará enderezos de lugares onde poda ser adquirido, se fose o caso.

Normas de uso dos Equipos Informáticos.

A biblioteca do IES dispón de 8 ordenadores con acceso a Internet para uso do alumnado e o profesorado acompañante deste. O uso dos mesmos se acolle as seguintes normas (Expostas xa no espazo da biblioteca):

- No poderá haber máis de dúas persoas por ordenador.
- No caso de que o número de usuarios supere o de ordenadores dispoñibles, establecerase quendas de uso cun límite de tempo, que en principio será de 15 minutos aproximadamente.
- Deberanse utilizar os equipos informáticos co debido coidado.
- O/as usuario/as dos ordenadores anotarán o seu nome, curso e data de uso no caderniño que para tal efecto atópase en cada posto informático.
- Para o uso da impresora da que dispón o alumnado haberá que informar e pedir permiso previamente ao profesorado encargado das tarefas da biblioteca nese intre.
- Se poderán visitar páxinas que conteñan información do ámbito científico, cultural, educativo. Está prohibido visitar páxinas con contidos para adultos, inadecuado o ilegal.
- Se permite utilizar o correo electrónico e/ou programas de mensaxería con fins educativos e por motivos de realización de tarefas escolares encargadas polo profesorado.
- Se permite baixar material sempre e cando se lle informe ao profesor/a responsable da biblioteca e se garde en dispositivos portables.
- Baixo ningunha circunstancia se instalará o desinstalará software nos equipos informáticos sen autorización do responsable da biblioteca.

O encargado da biblioteca poderá tomar as medidas oportunas en caso de incumplimento destas normas e o alumnado infractor poderá ser sancionado cun parte de apercibemento e/ou a prohibición temporal do uso dos equipos informáticos.

II. CONTRATOS PROGRAMA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COS CONTRATOS PROGRAMA NO IES DE PONTE CALDELAS.

No IES de Ponte Caldelas, levamos xa varios anos traballando en colaboración Contratos Programa. A convocatoria sae cada ano, e en cada curso se decide a participación ou non en elas e as modalidades que interesan no centro. Seguiranse para elo as instrucións publicadas na Resolución do ano presente para os programas seleccionado polo centro para participar no presente curso.

Aínda que as intervencións son varias e poden variar curso a curso, a continuación expónse o protocolo de actuación para os programas que supoñen a impartición de docencia no centro fora do horario lectivo.

CONTRATOS PROGRAMA QUE TEÑEN DOCENCIA NO CENTRO FORA DO HORARIO LECTIVO.

1 Preselección de alumnado.

- 1.1 Os titores de cada grupo, xunto coa colaboración de toda a xunta avaliativa, realizan unha preselección do alumnado que o profesorado considera axeitado para o programa. Para elo, teranse en conta diversas condicións:
- 1.2 Necesidades de apoio ao estudo.
- 1.3 O bo aproveitamento do alumnado no programa. Non realizar as tarefas encomendadas polo docentes ou non asistir con frecuencia, suporían a expulsión do programa.
- 1.4 Situacións familiares que impidan ás familias obter estes apoios cos seus recursos económicos.

2 Comunicación ás casas.

- 2.1 Unha vez feita a relación de alumnado proposto e aprobada en xunta avaliativa, envíase un comunicado ás casas para informar sobre os programas en cuestión, e se facilita un número de contacto para aclarar dúbidas. Non se realiza reunión de pais, debido á dispersión da zona e á falta de asistencia en edicións anteriores.

2.2 O papel co comunicado, debe voltar ao centro debidamente cuberto e asinado, indicando:

- 2.2.1 A aceptación o non de participación no programa.
- 2.2.2 A parada dende a cal o alumnado subirá ao transporte.
- 2.2.3 O número de teléfono de contacto para imprevistos.
- 2.2.4 A aceptación de facilitar ese número de contacto ao taxista para avisalo en caso de non asistir e así evitar desprazamentos innecesarios.
- 2.2.5 A aceptación do compromiso de asistencia regular e do cumprimento das normas de conduta. O incumprimento destas condicións suporía a expulsión do programa ao longo do curso.

3 Aceptación ou rechazo do programa.

3.1 A lista do alumnado proposto é actualizada e faise un listado co alumnado que acepta formar parte do programa. Esta lista de alumnos é facilitada para o debido control do programa na evolución académica do alumnado:

- 3.1.1 Aos titores do alumnado en cuestión, que serán os responsables de comunicarllo ao profesorado que lle imparte materia ao alumnado admitido.
- 3.1.2 Ao coordinador/a do/s programa/s postos en marcha.
- 3.1.3 A/o Xefa/e de estudos.
- 3.1.4 A/o Xefa/e do departamento de Orientación.
- 3.1.5 Ao Director/a do centro.

4 Seguimento do programa pola xunta avaliadora

4.1 A evolución do alumnado implicado nos programas seguirase a través de varios medios:

- 4.1.1 Informes periódicos dos profesores/as ao coordinador/a sobre o traballo feito, a evolución do alumnado, comportamento na aula e asistencia regular. Estes informes serán facilitados aos titores dos distintos grupos, a Xefatura e a Orientación.
- 4.1.2 Reunións do/a coordinador/a e/ou do profesorado do programa co profesorado das distintas materias para acordar os contidos traballados e as estratexias de actuación necesarias.
- 4.1.3 Os titores facilitarán aquela información que consideren relevante tanto aos profesores de materia como ás familias.

- 4.1.4 Nas sesións de avaliación, informarase do alumnado que participa nos distintos programas e da súa evolución nas distintas áreas traballadas.

5 Negociación das rutas de transporte.

- 5.1 Unha vez recibidas as solicitudes, procédese a negociar as rutas de transporte. Debido á dispersión do territorio, os desprazamentos se realizarán en taxi. Procurarase, na medida do posible, que cada taxi leve 4 alumnos, sempre que o contrario non supoña un custe menor.
- 5.2 O alumnado deberá abandonar o centro polos mesmos medios polos que chega a este. E non poderá modificar as rutas dos taxistas de xeito que impliquen modificacións nas tarifas aceptadas.
- 5.3 Se, por algún motivo xustifico, o alumnado precisa chegar ou voltar empregando outro medio de transporte; deberá solicitalo por escrito empregando para elo o modelo de impreso que ten dispoñible no centro. Neste modelo, indicará si se trata dunha circunstancia puntual, ou si pola contra, vai a ser unha circunstancia habitual que se de ao longo do curso.

6 Altas e Baixas ao longo do programa.

- 6.1 Novas altas:
- 6.1.1 No caso de non estar o grupo completo, o profesorado que así o considere, poderá propor novo alumnado para a súa incorporación ao programa.
- 6.1.2 O seu desprazamento estará suxeito á dispoñibilidade de prazas nos taxis xa contratados. Pola imposibilidade de modificar os custes do programa unha vez iniciado, no caso de non ter praza libre no transporte, serán as familias as terán que traer e levar ao alumnado empregando os seus propios medios.
- 6.2 Baixas:
- 6.2.1 Como a participación no programa é voluntaria, as familias poden solicitar darse de baixa no momento que consideren oportuno, sempre que para elo, o soliciten previamente no centro por escrito.
- 6.2.2 Asistir ao programa implica a aceptación da asistencia regular, o seu aproveitamento e o cumprimento das normas de conduta. Non cumprir estas

normas implicaría a perda do dereito a asistir do alumnado infractor en calquera momento do curso.

7 Participación noutros Programas Educativos:

7.1 A participación nos distintos programas educativos dependerán da decisión dos distintos axentes implicados ao longo do curso, en base ás convocatorias que a Consellería oferte.

8 Informes de seguimento:

8.1 O profesorado que imparta docencia nos distintos programas farán periodicamente informes de seguimento que compartirán cos/as titores/as do alumnado, con Xefatura de estudos e co departamento de Orientación.

Para a realización destes informes empregarase os seguintes modelos de informe.

Modelo de informe PROA

INFORME ALUMNADO PROA	
Alumno/a: Grupo:	
Titor/a:	
Actitude/comportamento	
Interese	
Material	
Traballo	

Modelo de informe REFORZO 3º E 4º da ESO

INFORME REFORZO 3º E 4º da ESO		
Alumno/a: Grupo:		
Titor/a:		
Estudantes	Actitude/Comportamento	Rendemento académico

III. PROXECTO CUSTODIA TERRITORIO IES PONTECALDELAS

Colaboracións:

- Escola Forestal de Lourizán, CFEA, (profesores implicados: Carmela Alfonso e José María Gras)
- Comunidade de Montes de Cuñas. Pontecaldelas (Elvira Crespo Casal)
- Concello de Pontecaldelas (Gloria Bustingorri)
- Colectivo A rente do Chan (Pablo Sierra ponente charla impacto dos incendios)

-IES de Pontecaldelas (Departamentos de Ciencias Naturais e Tecnoloxía, David Outón, Monse Escudero, Isa Torres)

Antecedentes: Na noite do día 15 de Outubro houbo un incendio que recorreu parte da comarca onde viven os alumnos do IES de Pontecaldelas, pertencentes aos Concellos de Fornelos, A Lama e Pontecaldelas. Nos terreos aledaños ao IES chegou o lume, queimando case que todo o territorio que circundan as instalacións do IES, O lume entrou no recinto, afectando ao terreo pertencente ao IES, incluso árbores que estaban plantados. Tamén queimou parte do valado metálico que circunda as instalacións.

Surxen as **ideas** entre o profesorado de propulsar algunha iniciativa de cara a protexer o monte que temos máis preto, para que un posible seguinte incendio non nos afecte tanto. Enseguida sabemos a través do colectivo A rente do Chan, que profesores enxeñeiros de montes da Escola de Capataces de Lourizán, agora chamada CFEA, están interesados en proxectar unha custodia de monte con nós, e nos puxemos en contacto para planear actuacións.


O **obxectivo** é millorar a retención dos solos evitando a erosión a base de sementar centeo e avea, amais de que absorben polas raíces os elementos contaminantes. Plantar **árbores autóctonos** no territorio custodiado e **traballar en equipo** xunto cos alumnos de Lourizán.

Era necesario consultar a idea á Comunidade de Montes de Cuñas, propietaria do monte circundante e resolvimos sen problema que nos ceden esa parte do monte suxeitos a unhas normas que imos pór por escrito.

A **actuación** primeira foi o día 18 de Decembro de 2017, sementouse avea e centeo, xunto con leguminosas, trevo e lotus. Os equipos participantes foron formados por futuros capataces (primeiro curso de CM aproveitamento e conservación do medio natural) e alumnos de 1º da ESO. Seis brigadas foron as encargadas de este traballo, cada brigada levou 6 capataces e 15 alumnos de 1º. Por outra banda outras dúas brigadas de 6 capataces cada unha (CS de xestión forestal e do medio natural) e 10 alumnos de bach organizáronse para plantar árbores autóctonos neste territorio de custodia. Fixeron as excavacións e plantacións apisonando o terreo : castaños e carballos (*Quercus robur*) senlleiros que nos cede a Fundación Juana de Vega. (adxunto enlace informativo acerca do proxecto da Fundación “Implantación de rodales selectos de *Quercus robur*” <http://juanadevega.org/es/lineas/investigacion/implantacion-de-rodales-selectos-mejorados-de-carballo-quercus-robur-en-masas-comunes-o-terrenos-publicos-de-galicia/>)

Previamente á plantación, os alumnos do Centro de Lourizán deseñaron un **tríptico** informativo acerca de cómo plantar solos queimados.

O seguinte Mapa define o territorio a custodiar.



Mide ao redor de 2 Hectáreas

Completamos a actividade coa presentación de **Drones**, a facer por David Ángel Fernández Fontaíña, Servicios de Fotografía e Video Aéreo. Fixo unha demostración e explicou o funcionamento dos Drones aos alumnos de Tecnoloxía de 4º e aos de Robótica, e, despois, gravou as actividades de recuperación de solos que estábamos a facer.

Segunda actuación do proxecto:

No mes de Abril de 2018, os grupos de 3º PMMAR e 4º da ESO cos profesores de Ciencias Naturais, Monse e David Outón, xunto con Isa Torres plantaron 120 carballos nados en tetrabriks. Esas plantacións tamén foron nos arredores do IES, no terreo cedido para custodiar pola comunidade de montes.

Continuidade do proxecto:

Cada ano nos reuniremos cos responsables do Centro de Lourizán e definiremos as actividades. Sempre co obxectivo de millorar a capacidade retentiva dos solos, protexernos fronte aos incendios e realizar traballos de colaboración traballando en equipo.

Profesoras responsables do proxecto :

CONCRECIÓN CURRICULAR

IES DE PONTE CALDELAS

Isabel Torres Jack Dpto de Tecnoloxía do IES Pontecaldelas e Carmela Alfonso do Centro de Experimentación e Formación Agroforestal de Lourizán

ANEXO II DOCUMENTOS DE SONDAXE DO PRESENTE CURSO

CURSO 2018-2019

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA IES DE PONTE CALDELAS	Valdarrosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
---	---	---

Sondaxe 4º ESO

Opción Ensinanzas Académicas

Alumno/a	
-----------------	--

Materias Troncais	Lingua Castelá e Literatura	1ª Lingua Estranxeira	
	Matemáticas (Ens. Académicas-Bacharelatos)	Xeografía e Historia	
Troncais de opción	Marcar cunha cruz unha das dúas opcións <input type="checkbox"/> Orientadas ás Ciencias		
	<input type="checkbox"/> Orientadas ás Humanidades ou Ciencias Sociais		
	<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Física e Química	<input type="checkbox"/> Economía
	<input type="checkbox"/> Latín		
Materia Lib.Conf. Aut.	Lingua Galega e Literatura		
Materias Específicas	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Valores Éticos <input type="checkbox"/> Relixión Católica		Ed. Física
	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Filosofía		<input type="checkbox"/> Francés
	Marcar cunha cruz unha soa opción <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (non se pode cursar si se cursou en 3º ESO) <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Ed. Plástica, Visual e Audiovisual		<input type="checkbox"/> TIC

D./na: _____, como representante legal do alumno/a _____.

Sinatura:

Ponte Caldelas a _____ de _____ de 2019.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Valdarrosa s/n Apartado de correos, 13 36820 Ponte Caldelas 886151477 Fax: 886151485 ies.pontecaldelas@edu.xunta.es
	IES DE PONTE CALDELAS	

Sondaxe 4º ESO

Opción Ensinanzas Aplicadas

Alumno/a	
-----------------	--

Materias Troncais	Lingua Castelá e Literatura	1ª Lingua Estranxeira
	Matemáticas <small>(Ens. Aplicadas-ciclos)</small>	Xeografía e Historia
Troncais de opción	<small>Escoller cunha cruz dúas opcións</small>	
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía	<input type="checkbox"/> Ciencias Aplic. á Actividade Profesional
Materia Lib.Conf. Aut.	Lingua Galega e Literatura	
Materias Específicas	<small>Marcar cunha cruz unha soa opción</small>	
	<input type="checkbox"/> Valores Éticos	Ed. Física
	<input type="checkbox"/> Relixión Católica	
<small>Escoller cunha cruz unha de cada bloque</small>		
	<input type="checkbox"/> Cultura Clásica <small>(non se pode cursar se se cursou en 3º ESO)</small>	<input type="checkbox"/> Filosofía
	<input type="checkbox"/> Ed. Plástica, Visual e Audiovisual	<input type="checkbox"/> Francés
	<input type="checkbox"/> Cultura Científica	<input type="checkbox"/> TIC
	<input type="checkbox"/> Música	

D./na: _____, como representante legal do alumno/a _____.

Sinatura:

Ponte Caldelas a ____ de _____ de 2019.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DE PONTE CALDELAS

Valdarosa s/n
Apartado de correos, 13
36820 Ponte Caldelas
886151477 Fax: 886151485
ies.pontecaldelas@edu.xunta.es

Solicitud de reserva de praza. 1º de Bacharelato. Curso académico 2019/20

1º apelido:	2º apelido:	Nome:
Mail:	Tfno. da/o responsable:	

Materias troncais	Sesiões semanais
<input checked="" type="checkbox"/> Filosofía	3
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura I	3
<input checked="" type="checkbox"/> 1ª Lingua Estranxeira I (Inglés)	3
<input type="checkbox"/> Modalidade de ciencias	<input type="checkbox"/> Itinerario de Humanidades
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I	<input checked="" type="checkbox"/> Latín I
<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Economía
<input type="checkbox"/> Debuxo técnico I	<input type="checkbox"/> Grego I
<input type="checkbox"/> Física e Química	<input type="checkbox"/> Hª do Mundo contemporáneo
	<input type="checkbox"/> Literatura Universal
	<input type="checkbox"/> Itinerario de Ciencias sociais
	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I
	<input type="checkbox"/> Economía
	<input type="checkbox"/> Grego I
	<input type="checkbox"/> Hª do Mundo contemporáneo
	<input type="checkbox"/> Literatura Universal

Elixir unha das modalidades ou itinerarios e enumerar todas as materias de opción por orde de preferencia **Total parcial** 21

Materias específicas e de libre configuración	Sesiões semanais		
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Galega e literatura (Libre configuración autonómica)	3		
<input checked="" type="checkbox"/> Educación Física	2		
<i>Hai que matricularse en 6 h (dúas específicas como mínimo e 3 como máximo)</i>			
Combinacións posibles A + A A + B + C B + D B + B + B	A Tecnoloxía Industrial I (E) Debuxo artístico I (E)	Linguaxe e Práctica musical (E) Anatomía Aplicada(E)	3
	B Cultura científica (E) TIC I (E) Francés I (E)	Antropoloxía (LCA) Robótica(LCA) Técnicas de laboratorio(LCC)	2
	C Comunicación Oral(LCC) English Conversation(LCC)	Relixión (E)	1
	D Troncal non cursada (E)		4

E: Específica LCA: Libre configuración Autonómica LCC: Libre configuración de Centro

Total parcial 11

Elixir catro opcións de entre as ofertadas por orde de preferencia:

1ª opción	2ª opción	3ª opción	4ª opción
Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:

Lexislación aplicable: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia.

Importante:

- É imprescindible entregar este impreso debidamente cuberto antes das 14 horas do -----
- En caso de non entrega-lo impreso, entenderase que renuncia á praza para o curso seguinte.
- Este documento é vinculante para a formalización da matrícula.

Ponte Caldelas, _____ de _____ 2019

Asdo:

A nai/pai/titor legal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DE PONTE CALDELAS

Valdarosa s/n
Apartado de correos, 13
36820 Ponte Caldelas
886151477 Fax: 886151485
ies.pontecaldeas@edu.xunta.es

Solicitud de reserva de praza. 2º de Bacharelato. Curso académico 2019/20

1º apelido:	2º apelido:	Nome:
Mail:	Tfno. da/o responsable:	

Materias troncais	Sesiões semanais
<input checked="" type="checkbox"/> Hª de España	3
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura II	3
<input checked="" type="checkbox"/> 1ª Lingua Estranxeira II (Inglés)	3
<input type="checkbox"/> Modalidade de ciencias	<input type="checkbox"/> Itinerario de Humanidades
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II	<input checked="" type="checkbox"/> Latín II
<input type="checkbox"/> Bioloxía	<input checked="" type="checkbox"/> Historia da Filosofía
<input type="checkbox"/> Debuxo técnico II	<input checked="" type="checkbox"/> Historia da Filosofía
<input type="checkbox"/> Física	<input type="checkbox"/> Economía de Empresa
<input type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> Grego II
<input type="checkbox"/> Xeoloxía	<input type="checkbox"/> Hª da Arte
	<input type="checkbox"/> Xeografía
Total parcial	
	21

Elixir unha das modalidades ou itinerarios e enumerar todas as materias de opción por orde de preferencia

Materias específicas, de libre configuración autonómica e de libre configuración de centro	Sesiões semanais
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua Galega e literatura (Libre configuración autonómica)	3
<i>Haí que matricularse en 8 h (dúas específicas como mínimo e 3 como máximo)</i>	
Combinacións posibles	
<input type="checkbox"/> A + A + B	A
<input type="checkbox"/> A + C + D	B
<input type="checkbox"/> A + A + C + C	C
<input type="checkbox"/> D + D	D
C. da Terra e do Medio Ambiente (E)	Hª da Mús. e da Danza (E)
Fundamentos de Administración e Xestión (E)	Tecnoloxía Industrial II (E)
Psicoloxía (E)	TIC II (E)
Debuxo artístico II (E)	Francés II (E)
Filosofía da Ciencia e Tecn (LCA)	Ética e Filosofía do Dereito (LCA)
Métodos Estatísticos e Numéricos (LCA)	Patrimonio Art. e cultural de Galicia (LCA)
	Literatura Galega SXX e Actualidade (LCA)
Religión (E)	Problemas Éticos Actuais (LCC)
English Communication (LCC)	
Troncal non cursada (E)	
Total parcial	
	11

E: Específica LCA: Libre configuración Autonómica LCC: Libre configuración de Centro

Elixir catro opcións de entre as ofertadas por orde de preferencia:

1ª opción	2ª opción	3ª opción	4ª opción
Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:	Combinación: Materias escollidas:

Lexislación aplicable: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia.

Importante:

- É imprescindible entregar este impreso debidamente cuberto antes das 14 horas do -----
- En caso de non entrega-lo impreso, entenderase que renuncia á praza para o curso seguinte.
- Este documento é vinculante para a formalización da matrícula.

Ponte Caldelas, _____ de _____ 2019

Asdo:

A nai/pai/titor legal

ANEXO III INSTRUCCIÓN ANUAIS PARA O PRESENTE CURSO**CURSO 2018-2019: DOG 22/05/2018**

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A modificación realizada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En desenvolvemento normativo posterior, o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, estableceu o currículo básico desas dúas etapas.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dítase en exercicio das competencias propias de Galicia no desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal. A Orde do 19 de abril de 2018 regula aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece medidas que afectan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

O Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, regula as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, de acordo co disposto no mencionado Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro.

Este marco normativo fai necesario determinar algunhas medidas en relación coa avaliación e titulación do alumnado que cursa a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e, de conformidade co exposto, como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Estas instrucións teñen por obxecto determinar nos centros docentes, para o curso académico 2018/19, aqueles aspectos organizativos necesarios para o adecuado desenvolvemento das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
2. O alcance destas instrucións refírese ao primeiro ciclo, cursos primeiro, segundo e terceiro, e ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e aos cursos primeiro e segundo de bacharelato.
3. Esta resolución será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, nos cales se imparten as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

CAPÍTULO II

Educación secundaria obrigatoria

Artigo 2. Materias e horario semanal

As materias e o horario semanal son as que figuran no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e na normativa específica publicada.

Artigo 3. Materias que debe cursar o alumnado no primeiro curso da educación secundaria obrigatoria

1. O alumnado cursará no primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, e segundo o horario lectivo semanal establecido, as seguintes materias:
 - a) Dentro do bloque de materias troncais:
 - 1º. Bioloxía e Xeoloxía.
 - 2º. Xeografía e Historia.
 - 3º. Lingua Castelá e Literatura.
 - 4º. Matemáticas.
 - 5º. Primeira Lingua Estranxeira.
 - b) Dentro do bloque de materias específicas:
 - 1º. Educación Física.
 - 2º. Relixión, ou Valores Éticos, segundo a elección do pai, da nai, do/da titor/a legal ou, de ser o caso, do alumno ou da alumna.

3º. Segunda Lingua Estranxeira.

4º. Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

c) Dentro do bloque de materias de libre configuración autonómica:

1º. Lingua Galega e Literatura.

d) Libre configuración do centro.

Artigo 4. Materias que debe cursar o alumnado no segundo curso da educación secundaria obrigatoria

1. O alumnado cursará no segundo curso de educación secundaria obrigatoria, e segundo o horario lectivo semanal establecido, as seguintes materias:

a) Dentro do bloque de materias troncais:

1º. Física e Química.

2º. Xeografía e Historia.

3º. Lingua Castelá e Literatura.

4º. Matemáticas.

5º. Primeira Lingua Estranxeira.

b) Dentro do bloque de materias específicas:

1º. Educación Física.

2º. Relixión, ou Valores Éticos, segundo a elección do pai, da nai, do/da titor/a legal ou, de ser o caso, do alumno ou a da alumna.

3º. Música.

4º. Tecnoloxía.

5º. Segunda Lingua Estranxeira.

c) Dentro do bloque de materias de libre configuración autonómica:

1º. Lingua Galega e Literatura.

d) Libre configuración do centro.

Artigo 5. Exención da segunda lingua estranxeira

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

Artigo 6. Horario de libre configuración do centro

O horario establecido como de libre configuración do centro, en función da oferta formativa establecida polos centros docentes, poderá destinarse a:

- a) Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia.
- b) Materia de libre configuración autonómica.
- c) Materia de libre configuración do centro.

Cando no horario establecido como de libre configuración do centro se opte por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha materia, tal e como está disposto no punto 4 do artigo 13 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, a súa avaliación estará integrada na materia obxecto do afondamento e/ou reforzo.

Artigo 7. Materias que debe cursar o alumnado no terceiro curso da educación secundaria obrigatoria

1. O alumnado cursará no terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, e segundo o horario lectivo semanal establecido, as seguintes materias:

a) Dentro do bloque de materias troncais:

- 1º. Bioloxía e Xeoloxía.
- 2º. Física e Química.
- 3º. Xeografía e Historia.
- 4º. Lingua Castelá e Literatura.
- 5º. Primeira Lingua Estranxeira.
- 6º. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, segundo elección do pai, da nai, do/da titor/a legal ou, de ser o caso, do alumno ou da alumna.

b) Dentro do bloque de materias específicas:

- 1º. Educación Física.
- 2º. Relixión ou Valores Éticos, segundo elección do pai, da nai, do/da titor/a legal ou, de ser o caso, do alumno ou da alumna.
- 3º. Música.
- 4º. Tecnoloxía.
- 5º. Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

6º. Unha materia que se elixirá entre Segunda Lingua Estranxeira e Cultura Clásica.

c) Dentro do bloque de materias de libre configuración autonómica:

1º. Lingua Galega e Literatura.

2. Os centros docentes ofrecerán tanto a materia de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas como a de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.

Artigo 8. Materias que debe cursar o alumnado no cuarto curso da educación secundaria obrigatoria

1. Os pais, as nais, os/as titores/as legais ou, de ser o caso, os alumnos e as alumnas poderán escoller cursar o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria por unha das seguintes opcións:

a) Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato.

b) Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional.

Para estes efectos, non serán vinculantes as opcións cursadas en terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.

2. Na opción de ensinanzas académicas, os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes materias:

a) Dentro do bloque de materias troncais deben cursar as materias xerais:

1º. Xeografía e Historia.

2º. Lingua Castelá e Literatura.

3º. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.

4º. Primeira Lingua Estranxeira.

b) Dúas de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais:

1º. Bioloxía e Xeoloxía.

2º. Economía.

3º. Física e Química.

4º. Latín.

c) As seguintes materias do bloque de materias específicas:

1º. Educación Física.

2º. Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos ou das alumnas.

d) En función da oferta dos centros docentes, dúas materias das seguintes do bloque de materias específicas:

1º. Artes Escénicas e Danza.

2º. Cultura Científica.

3º. Cultura Clásica (se non foi cursada en terceiro curso).

4º. Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

5º. Filosofía.

6º. Música.

7º. Segunda Lingua Estranxeira.

8º. Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

9º. Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna. Esta materia pode estar incluída nas troncais de opción, tanto de ensinanzas académicas como de ensinanzas aplicadas.

Se a materia troncal cursada como materia específica está incluída na opción diferente á elixida polo alumno ou pola alumna, para constituír grupo terase en conta o requisito do número mínimo de alumnado establecido para as materias troncais de opción no artigo 9.4. En calquera caso, a súa oferta deberá atender os criterios de dispoñibilidade de profesorado no centro, as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

e) No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura.

3. Na opción de ensinanzas aplicadas, os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes materias:

a) Dentro do bloque de materias troncais deben cursar as materias xerais:

1º. Xeografía e Historia.

2º. Lingua Castelá e Literatura.

3º. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.

4º. Primeira Lingua Estranxeira.

b) Dúas de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais:

1º. Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.

2º. Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.

3º. Tecnoloxía.

c) As seguintes materias do bloque de materias específicas:

1º. Educación Física.

2º. Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos ou das alumnas.

d) En función da oferta dos centros docentes, dúas materias das seguintes do bloque de materias específicas:

- 1º. Artes Escénicas e Danza.
- 2º. Cultura Científica.
- 3º. Cultura Clásica (se non foi cursada en terceiro curso).
- 4º. Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
- 5º. Filosofía.
- 6º. Música.
- 7º. Segunda Lingua Estranxeira.
- 8º. Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- 9º. Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou pola alumna. Esta materia pode estar incluída nas troncais de opción, tanto de ensinanzas académicas como de ensinanzas aplicadas.

Se a materia troncal cursada como materia específica está incluída na opción diferente á elixida polo alumno ou alumna, para constituír grupo terase en conta o requisito do número mínimo de alumnado establecido para as materias troncais de opción no artigo 9.4. En calquera caso, a súa oferta deberá atender os criterios de dispoñibilidade de profesorado no centro, as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

e) No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Lingua Galega e Literatura.

Artigo 9. Organización da oferta nos centros docentes

1. Para constituír grupo das materias de libre configuración autonómica, de libre configuración do centro do primeiro e do segundo curso, das Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas, das Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, e das materias específicas Segunda Lingua Estranxeira e Cultura Clásica do terceiro curso, requirirase un mínimo de dez alumnos e/ou alumnas.
2. Os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección de materias troncais de opción.
3. Os centros docentes ofertarán ao alumnado, no cuarto curso, as dúas opcións: ensinanzas académicas e ensinanzas aplicadas. Non obstante, para a súa impartición terase en conta o requisito do número mínimo de alumnado establecido no punto 4 deste artigo.
4. Para constituír grupo das materias de opción do bloque de materias troncais e das materias específicas do cuarto curso, requirirase un mínimo de dez alumnos e/ou alumnas.

5. Coa finalidade de atender á diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderanse impartir as opcións e as materias recollidas nos puntos 1, 3 e 4 deste artigo cun número menor de alumnos ou alumnas que en ningún caso sexa inferior a cinco. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6. O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Non terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

7. Tal e como establece a disposición adicional terceira do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as ensinanzas de Relixión incluíranse na educación secundaria obrigatoria, pero o alumnado maior de idade ou os seus pais, nais ou titores/as legais, de ser menor de idade, poderán optar por recibir ou non ensinanzas de Relixión.

Artigo 10. Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento

1. Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. Poderán incorporarse aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento as alumnas e os alumnos en que concorran as circunstancias recollidas na letra a) e se atopen nalgunha das situación recollidas na letra b).

a) Circunstancias.

Ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

b) Situacións.

- O alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.
- O alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.
- O alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.
- Con carácter excepcional, o alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

3. O procedemento para a incorporación dun alumno ou dunha alumna ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento é o que segue:

- a) Unha vez realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora, en que constará a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Ese informe trasladarase á xefatura do departamento de Orientación.
- b) A persoa que exerza a xefatura do departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou tutores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.

c) Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

d) Compete ao director ou á directora do centro docente elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.

e) O servizo provincial da Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros docentes antes do comezo do curso.

f) Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de dez alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de cinco.

4. O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento incluírá os seguintes ámbitos:

a) Ámbito lingüístico e social, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia do segundo curso e do terceiro curso.

b) Ámbito científico e matemático, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Matemáticas e Física e Química do segundo curso e de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química do terceiro curso.

c) Ámbito de linguas estranxeiras, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira.

Os alumnos e as alumnas que sigan un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

As materias do segundo e do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria cursaraas o alumnado co seu grupo de referencia.

O horario semanal dos ámbitos de coñecemento que compoñen o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, para cada un dos cursos, será o seguinte:

a) Ámbito lingüístico e social: nove horas.

b) Ámbito científico e matemático: oito horas.

c) Ámbito de linguas estranxeiras: tres horas.

5. Cada grupo de alumnado que integre un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento contará cun/cunha profesor/a titor/a, que terá, entre as súas funcións, a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

6. Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora, pertencente a un dos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

7. O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

8. A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes programacións didácticas serán elaboradas nos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración da persoa que exerza a xefatura do departamento de Orientación, a partir das directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo/a xefe/a de estudos.

9. A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis. Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias.

10. O alumnado do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as materias.

11. O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan

recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

12. O alumnado que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento promocionará ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa.

Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias e, de maneira excepcional, en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

13. O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

14. Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumnado que promocione a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades.

Artigo 11. Integración de materias en ámbitos de coñecemento no primeiro curso de educación secundaria obrigatoria

1. O artigo 18 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, determina que os centros docentes poderán agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.

2. Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non nas decisións asociadas á avaliación e á promoción.

3. A adopción desta medida non condiciona todos os grupos do nivel, nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.

4. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do servizo provincial de Inspección Educativa.

Artigo 12. Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

1. O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
2. Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
3. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
4. A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para estes efectos, a situación de «non presentado/a» (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.
5. No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando as ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e o alumno ou alumna superase o devandito ámbito.
6. Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que na avaliación final do ciclo formativo o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
7. Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño.

Artigo 13. Matrícula de honra

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

En todo caso, esta distinción adoptarase conforme os criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

Artigo 14. Avaliación das competencias clave

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiránse no consello orientador, expresándose nos termos de: insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Artigo 15. Consello orientador

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. De consideralo necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, da xefa ou do xefe do Departamento de Orientación e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

CAPÍTULO III

Bacharelato

Artigo 16. Materias que debe cursar o alumnado no primeiro curso de bacharelato

1. De acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, o alumnado admitido nun centro docente para cursar as ensinanzas de bacharelato matricularase nunha das modalidades ofertadas.

2. O alumnado cursará no primeiro curso e dentro da modalidade correspondente, segundo o establecido no artigo 30 e no anexo IV do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as seguintes materias:

- a) Catro materias xerais do bloque de materias troncais.
- b) Dúas materias de entre as materias troncais de opción.
- c) Lingua Galega e Literatura.
- d) Educación Física.
- e) Un mínimo de dúas e un máximo de tres materias de entre as materias específicas de elección.

Artigo 17. Repetición do primeiro curso de bacharelato

Os alumnos e as alumnas do primeiro curso de bacharelato que non cumpran coas condicións de promoción establecidas no artigo 35 do Decreto 86/2015 deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

Artigo 18. Materias que debe cursar o alumnado no segundo curso de bacharelato

1. O alumnado cursará no segundo curso e dentro da modalidade correspondente, segundo o establecido no artigo 31 e no anexo IV do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as seguintes materias:

- a) Catro materias xerais do bloque de materias troncais.
- b) Dúas materias de entre as materias troncais de opción. O alumnado que opte pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar a materia de Historia da Filosofía.
- c) Lingua Galega e Literatura.
- d) Un mínimo de dúas e un máximo de tres materias de entre as materias específicas de elección.

Dentro deste grupo de materias os centros ofertarán obrigatoriamente a materia de Historia da Filosofía e será de libre elección para o alumnado.

Para os efectos deste punto o alumnado poderá cursar como materias específicas dúas materias troncais non cursadas.

Artigo 19. Horario establecido como de libre configuración do centro

O horario establecido como de libre configuración do centro, en función da oferta formativa establecida polos centros docentes, poderá destinarse a:

- a) Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia.
- b) Materia de libre configuración autonómica.
- c) Materia de libre configuración do centro. A carga horaria desta materia será dun ou de dous períodos lectivos semanais.

Cando no horario establecido como de libre configuración do centro se opte por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha materia, tal e como está disposto no punto 6 do artigo 30 do

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, a súa avaliación estará integrada na materia obxecto do afondamento e/ou reforzo.

Artigo 20. Cambio de idioma da materia primeira lingua estranxeira

O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia primeira lingua estranxeira poderá incorporarse ás ensinanzas da lingua estranxeira II coa autorización do/da director/a do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso.

A solicitude de cambio á dirección do centro realizarase no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso.

A dita materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo.

Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de Lingua Estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

Artigo 21. Organización da oferta nos centros

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.
2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnos/as para poder ser impartidas.
3. Con carácter xeral, a impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnos/as.

Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a cinco.

4. Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.

5. As variacións no número de alumnos/as necesario para ofrecer algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará a autorización expresa da xefatura territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
6. A oferta das materias do bloque de troncais de opción e de materias específicas deberá atender os criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de profesorado no centro e as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.
7. Cando un centro docente non poida ofrecer algunha materia troncal de opción, facilitaralle ao alumnado que a curse noutro centro próximo, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan, ou a través das ensinanzas de persoas adultas, en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. En calquera caso, contará coa autorización do pai, da nai ou da persoa que teña a tutoría legal, cando se trate de alumnado menor de idade.
8. O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.
9. O alumnado que tivese realizado estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego, non terá dereito á exención da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura.
10. Tal e como establece a disposición adicional terceira do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as ensinanzas de Relixión incluíranse no bacharelato, pero o alumnado maior de idade ou os seus pais, as súas nais ou os/as tutores/as legais, de ser menor de idade, poderá optar por recibir ou non ensinanzas de Relixión.

Artigo 22. Cambio de modalidade

1. O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante os dous primeiros meses do primeiro curso, e antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso.
2. Ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade (ou itinerario na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais) pola que remata; catro materias de opción do bloque de materias troncais das que polo menos tres deben ser da modalidade pola que remata, das cales dúas serán de segundo curso; a materia de Educación Física; a materia de libre configuración

de Lingua Galega e Literatura e un mínimo de catro do bloque de materias específicas das cales dúas serán de primeiro e dúas de segundo.

3. A autorización de cambio de modalidade ou de itinerario, para o alumnado matriculado en centros privados, será realizada pola dirección do centro público ao cal estean adscritos, que deberá ter en conta o correspondente informe elaborado pola dirección do centro.

4. Cambio de modalidade ao promocionar a segundo.

O alumnado que promocioe ao segundo curso poderá cambiar de modalidade ou de itinerario, na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, de acordo coas seguintes condicións:

a) Deberá cursar, da nova modalidade ou do novo itinerario, as materias xerais do bloque de materias troncais de segundo e, de ser o caso, as de primeiro que non tivese superado.

b) Deberá cursar a materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.

c) Non será necesaria a superación da materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.

d) Deberá cursar, da nova modalidade, dúas materias do bloque de materias troncais de opción de segundo curso e, polo menos, unha de primeiro curso.

e) As materias troncais de opción de primeiro curso superadas, da modalidade que abandona, poderán computarse: unha delas como materia troncal de opción da nova modalidade, e outra, como materia específica de primeiro da nova modalidade.

f) A materia xeral superada do bloque de materias troncais propia da modalidade ou do itinerario que abandona de primeiro curso poderá computarse como materia específica de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.

g) Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases das materias de primeiro que deba cursar como consecuencia do cambio de modalidade, estas materias trataranse de forma análoga ás pendentas e os departamentos didácticos que as imparten proporán ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programarán probas parciais para verificar a superación desas materias.

5. Cambio de modalidade ao permanecer un ano máis no segundo curso.

O alumnado que ao finalizar o segundo curso teña avaliación negativa nalgunha materia poderá cambiar de modalidade ou de itinerario nas condicións xerais establecidas nos puntos anteriores deste artigo.

6. Dos cambios de modalidade ou de itinerario deixarase constancia mediante dilixencia no historial académico e no expediente académico.

Artigo 23. Elección no segundo curso de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

Esta materia de primeiro curso non computará en ningún caso como materia exixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumno promocionou ao segundo curso.

Cando, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

Artigo 24. Anulación da matrícula

1. O alumnado poderá solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro docente, antes do 30 de abril, cando circunstancias de doenza prolongada, de incorporación a un posto de traballo ou de obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos.

2. A solicitude, á cal cumprirá achegar as xustificacións pertinentes, será resolta nun prazo de 10 días pola dirección do centro. No caso dos centros privados, a competencia da devandita anulación corresponderalle ao director ou á directora do centro público a que estea adscrito.

Artigo 25. Título de Bacharel

Para obter o título de Bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

CAPÍTULO IV

Materias de libre configuración

Artigo 26. Materias de libre configuración de centro

A oferta de materias de libre configuración do centro precisa a autorización do servizo territorial correspondente, logo do informe da Inspección Educativa.

Para estes efectos, os centros docentes remitirán ao servizo territorial, antes do 8 de setembro, a documentación necesaria, que incluírá, polo menos:

- a) Título da materia.
- b) Xustificación da súa inclusión na oferta do centro, en atención ao seu proxecto educativo.
- c) Profesorado que a impartirá no ano académico 2018/19.
- d) Currículo da materia, conforme o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

A carga horaria destas materias será dun ou de dous períodos lectivos semanais.

CAPÍTULO V

Programacións didácticas

Artigo 27. Programacións didácticas

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.

- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

CAPÍTULO VI

Artigo 28. Alumnado que estea en posesión do título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional

O alumnado que estea en posesión do título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional e desexe obter o título de Bacharel poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e da materia de Lingua Galega e Literatura.

Artigo 29. Simultaneidade das ensinanzas do bacharelato coas ensinanzas profesionais de música e danza

1. O alumnado que estea matriculado nos dous últimos cursos das ensinanzas profesionais de música ou de danza poderá cursar simultaneamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e a materia de Lingua Galega e Literatura, sempre que acredite ante o centro de educación secundaria en que vaia cursar as citadas materias estar matriculado nas devanditas ensinanzas profesionais.

2. O alumnado que, tendo cursado segundo de bacharelato nunha das tres modalidades, teña superadas as ensinanzas profesionais de música ou danza e todas as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e a materia de Lingua Galega e Literatura, obterá o título de bacharel, aínda que non teña completada a modalidade en que estivese matriculado.

Artigo 30. Alumnado que estea en posesión do título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza

O alumnado que estea en posesión do título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza e desexe obter o título de Bacharel poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e da materia de Lingua Galega e Literatura, sempre que acredite no centro de educación secundaria onde vai cursar as citadas materias que superou as ensinanzas profesionais de música ou de danza.

Artigo 31. Solicitude e formalización da matrícula

O alumnado que desexe cursar exclusivamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e a materia de Lingua Galega e Literatura deberá solicitalo ao formalizar a matrícula de bacharelato. A solicitude deberá ir acompañada de documento acreditativo de estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, así como do certificado da súa matrícula, nese ano académico, nalgún dos cursos quinto ou sexto das ensinanzas de profesionais de música ou de danza ou, de ser o caso, da documentación que acredite que superou as ensinanzas profesionais de música ou de danza ou que está en posesión do título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional.

Artigo 32. Permanencia en bacharelato e promoción

Tanto o alumnado que curse simultaneamente as ensinanzas de bacharelato e as ensinanzas profesionais de música ou de danza, como o que curse o bacharelato estando en posesión do título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza, ou de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional terá as mesmas condicións de permanencia e promoción no bacharelato que o resto do alumnado. Estas condicións son as establecidas no artigo 35 do Decreto 86/2015, do

25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 33. Título de Bacharel

1. Para o alumnado que obteña o título de Bacharel por estar en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional, a cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e na materia de Lingua Galega e Literatura, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

2. Para o alumnado que obteña o título de Bacharel por estar en posesión dun título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza, a cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade cursada máis as cualificacións da materia de Lingua Galega e Literatura, e das materias dos cursos 5º e 6º das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza na correspondente especialidade, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima. No caso do alumnado que accedese directamente a 6º curso das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, para o cálculo da nota media serán consideradas as cualificacións das materias do devandito curso e das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade cursada máis as cualificacións da materia de Lingua Galega e Literatura.

Disposición adicional. Medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral

A Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral será de aplicación no curso 2018/19 tendo en conta as seguintes consideracións:

1. O alumnado que teña superado o 1º curso de instrumento ou voz das ensinanzas profesionais de música ou o 1º curso de música das ensinanzas profesionais de danza poderá validar a materia de Música dos cursos 2º e 3º da educación secundaria obrigatoria, ou calquera dos devanditos cursos de xeito independente.
2. A materia optativa de primeiro ou de segundo curso da ESO, do anexo VI da orde, entenderase referida a unha materia de libre configuración.
3. A materia optativa de terceiro curso da ESO do anexo VI da orde entenderase referida a unha das materias específicas de opción (Cultura Clásica ou Segunda Lingua Estranxeira).

4. A materia optativa de cuarto curso da ESO do anexo VI da orde entenderase referida a unha materia do bloque de materias específicas.
5. A materia optativa de primeiro ou de segundo de bacharelato, do anexo VII da orde, entenderase referida a unha das materias específicas de opción e libre configuración recollidas no anexo V do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.
6. Poderá solicitar as validacións o alumnado que estea cursando ou teña cursado ensinanzas profesionais de Música e de Danza.
7. O interesado en solicitar a validación dunha materia de ESO ou de bacharelato ou, no caso de menores de idade, os seus pais ou titores legais presentarán durante o mes de setembro a solicitude de validación. Coa dita solicitude achegarase a documentación que acredite que o alumno/a está a cursar ou xa cursou e superou os estudos utilizados para a validación.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

**ANEXO IV_CIRCULAR CO PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN PARA AS
CALIFICACIÓN FINAIS DE 2º DE BACHARELATO**

(Versión impresa gardada no documento)

ANEXO V _ TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS POLOS DISTINTOS**DEPARTAMENTOS****DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Os temas transversais son tratados en todos os cursos da ESO e do Bacharelato, adaptando o afondamento nos mesmos á madurez intelectual do alumnado.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e literatura son favorecedoras do **emprendemento**, a **educación cívica** e o respecto pola **diversidade cultural** . A **igualdade** efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e sobre todo da literatura promoven o tratamento de temas como a igualdade, a xustiza, a reflexión sobre os estereotipos e identidade de xénero e orientación sexual, o pluralismo ideolóxico, os **dereitos humanos**, o **respecto e coidado ambiental**, a prevención da violencia de xénero, ...

A estes mesmos temas e outros como os **hábitos de vida saudable** ou o **uso responsable das TIC** achegámonos nas clases de Lingua a través do estudo do léxico e da realización de textos de diferente tipoloxía baseados en situacións comunicativas no contexto educativo e social, procurando achegarnos en todas as ocasións á realidade e contorna do noso alumnado.

Por outra banda, a organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a **creatividade**, **a autonomía**, **a iniciativa**, **o traballo en equipo**, **a confianza nun mesmo** e **o sentido crítico**. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.

Tanto o tratamento da transversalidade, como os contidos e metodoloxía empregada na impartición desta materia pasa pola necesidade de emprego das TIC. No noso centro, tanto a distribución en aulas

materia como a existencia de aulas Abalar contribúe sen dubida a incrementar o seu emprego como ferramenta didáctica.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- Entendemos que a dos contidos transversais do Departamento de Física e Química será a declaración universal de dereitos humanos
- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Tratamento das tecnoloxías da información e comunicación
- Emprendemento
- Valores personais

DEPARTAMENTO DE BiXe

TRANSVERSALIDADE BIOLOXÍA-XEOLOXÍA 2018-19

Respecto dos elementos transversais do currículo este Departamento toma a decisión de seguir o disposto no artigo 6 do RD 1105/2014. Ademais do tratamento específico que algunhas das nosas materias xa fan cos resultados de aprendizaxe e competencias asociadas propios dos elementos transversais traballaranse os seguintes elementos transversais do seguinte xeito:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita: buscaranse sempre actividades que estimulen estas capacidades coa lectura de textos, exposicións orais e entrega de traballos escritos e instando ó alumnado ó correcto uso da linguaxe.
- A comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e evitar a inadecuada utilización das mesmas: en tódalas materias deste Departamento se inclúen actividades que se deben empregar e pasan a ser parte da metodoloxía propia do Departamento como se expuxo. Desde o uso habitual darase información sobre o uso correcto e os perigos que comportan usos inapropiados (sesións abertas e non pechadas, compartición de material sensible, contrasinais fortes, emprego de web non seguras e non recoñecidas, ...)
- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor: para iso levaranse a cabo en tódalas nosas materias actividades que fomenten a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o

traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Na nosa práctica farase unha valorización do pequeno emprendedor e o valor social das PEME's.

- Educación cívica e constitucional, resolución pacífica de conflitos en todos los ámbitos de la vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ós dereitos humanos: será un elemento esencial da nosa práctica docente e comportamento o diálogo e a mediación e resaltar aquelas accións entre individuos, institucións ou empresas que sexan exemplares neste eido.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ó principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social: evítanse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación e na práctica docente tívose sempre en conta unha visión de xénero no deseño das actividades programadas.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente: entendemos que practicamente en tódalas materias do Departamento existen resultados de aprendizaxe en relación con este elemento transversal pero é interese dos membros do Departamento incluír en todas as unidades didácticas elementos ó respecto e levar a cabo accións e comportamentos que mostren o respecto ó medio como é o aforro de auga, enerxía e recursos a través de sinxelos hábitos como apagar luces, aforro de calefacción, evitar malgasto de papel, etc.
- Actividade física e dieta equilibrada: existen deseñadas en todas as materias actividades en relación á mesma pero ademais promoveremos constantemente estes dous hábitos saudables.
- Educación e a seguridade viaria: débese empregar unha linguaxe e actitude en aula que, ademais de actividades relacionadas, ensine os dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor.

Moitas actividades programadas e desenvoltas polo Departamento de Orientación e o Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias veñen a tratar moitos dos temas transversais antes citados. É decisión deste Departamento colaborar e participar activamente nas mesmas tanto como Departamento como titores de grupos de alumnado.

Ademais participaremos activamente o 5 de xuño no Día Mundial do Medio Ambiente, no período de froita fresca do centro, na xornada de convivencia, e demais celebracións.

DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

ELEMENTOS TRANSVERSAIS DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

Comprensión lectora, expresión oral e escrita.

Dende o departamento de Artes Plásticas se fomentará a lectura comprensiva tanto de textos específicos da materia (manuales técnicos , biografías de artistas, artigos periodísticos, etc) como

o fomento da lectura en xeral como instrumento para o enriquecemento persoal do alumnado e a contribución na adquisición das competencias.

Proposta de traballos específicos sobre contenidos propios das materias, de xeito escrito ou de exposicións orais. Debates e posta en común de conclusións sobre os temas tratados.

Comunicación audiovisual e TIC.

Tanto na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual como en Debuxo Técnico e Artístico, son fundamentais os contidos propios da comunicación audiovisual, de xeito que ao longo do curso serán tratados especificamente nos temas correspondentes, a través de diferentes actividades das propias materias: análise dos medios de comunicación dende un punto de vista comunicativo, sociolóxico e estético. Mensaxes e funcións das artes visuais. Lectura de imaxes, etc.

Se traballará coa elaboración de imaxes, análise (publicidade e comunicación). Se fomentará a utilización das tecnoloxías como ferramenta para a realización de traballos e para a procura de información.

Promoverase unha actitude aberta ante o desenvolvemento tecnolóxico e valoración crítica das súas repercusións sobre o mundo da arte.

Emprendimiento.

A través da adquisición das destrezas propias das materias das artes plásticas, se fomentará no alumnado a creatividade e a participación en actividades que permitan promover o espírito emprendedor, iniciativas para a participación en proxectos, etc.

Educación cívica e constitucional.

Se traballará na prevención da violencia de xénero a través na elaboración de traballos (carteis e exposicións) nos que se incida neste tema así como na non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Se promoverá unha actitude crítica ante aspectos positivos e negativos da publicidade e o rexeitamento de elementos que supoñan discriminación sexual.

Se fomentará a defensa dos dereitos humanos, a paz, a valoración, respecto e disfrute do patrimonio cultural e do medio ambiente.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

TRATAMIENTO DE LOS ELEMENTOS TRANSVERSALES EN LA MATERIA DE LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

El artículo 4 del Decreto 86/2015, que establece el currículo de Educación Secundaria Obligatoria en la Comunidad, subraya la **relevancia** de los elementos transversales en la Programación. En el currículo de Lengua castellana y Literatura se incluye también una serie de contenidos que son transversales en las distintas materias, sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de ellas: la **comprensión lectora**, la **expresión oral y escrita** (características del área de Lengua), la **comunicación audiovisual**, las **TIC**, el **emprendimiento**, y la **educación cívica y constitucional**.

Además, desde el tratamiento de los contenidos, las imágenes y los textos, y desde la propia acción educativa en la aplicación de la materia en las aulas, se deben fomentar valores como la **igualdad** entre hombres y mujeres, la **no discriminación** por cualquier condición o circunstancia personal o social, la **resolución pacífica de conflictos**, la **defensa de la libertad**, la **igualdad**, los **derechos humanos** y la **paz**, y el **rechazo de cualquier tipo de violencia**. Respecto a ello, queremos **subrayar** que el **Decreto 86/2015**, destaca de **forma significativa** la prevención de la violencia de género, la violencia contra las personas con discapacidad, la violencia terrorista y cualquier forma de violencia, racismo o xenofobia. Evitaremos los comportamientos y los contenidos sexistas y los estereotipos que supongan discriminación por razón de la orientación sexual o de la identidad de género, favoreciendo la visibilidad de la realidad homosexual, bisexual, transexual, transgénero e intersexual.

Igualmente, han de **evitarse comportamientos y contenidos sexistas**, y los **estereotipos** que supongan discriminación. La materia debe contribuir también a incorporar elementos relacionados con la **educación y seguridad vial**, el **desarrollo sostenible** y la **protección del medio ambiente**, los **riesgos de explotación y abuso sexual**, y las **situaciones de riesgo derivadas del uso de las TIC**.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Os contidos ou temas transversais forman parte integrante do currículo de Ciencias Sociais. Están, polo tanto, imbricados entre os contidos propios de cada un dos niveis e materias impartidas polos membros deste Departamento. Ademais, o Departamento participa asiduamente e de xeito substancial na organización ou desenvolvemento de actividades como charlas, exposicións, traballos relacionados coa Educación ambiental e o fomento da estima polo patrimonio natural e cultural da contorna, que decote atopan soporte na convocatoria do Plan Proxecta (**Proxecto Terra**). Outra liña interdisciplinar fomentada polo Departamento é a **Coeducación**, dinamizando actividades que reforcen a idea de respecto mutuo entre os xéneros e igualdade de condicións de desenvolvemento persoal.

Este curso 2018-19, o Departamento tamén participa, de xeito interdisciplinar, no Proxecto Ríos, como en cursos anteriores e máis na convocatocia do Plan Proxecta “Monte vivo”.



Ponte Caldelas, 15 de maio de 2019

Patricia Duarte Suárez



Directora do IES de Ponte Caldelas